

# O GRUPO ARISTOCRÁTICO DOS FRÓILAZ NAS TERRAS DO EUME. IMPLANTACIÓN TERRITORIAL E ESTRUTURA DO DOMINIO DURANTE OS SÉCULOS XI E XII

Andrés Barón Faraldo

Dentro do amplo campo de investigación que poden ofrecer os estudos sobre a aristocracia laica durante o período dos séculos centrais da Idade Media, a análise dos seus dominios territoriais constitúe sen dúbida un dos aspectos fundamentais para o coñecemento dos grupos e individuos integrantes deste sector social. Á hora de abordar esta temática, a investigación histórica parece ter optado nas últimas décadas por unha metodoloxía que, tomando como base a reconstrucción xenealóxica e prosopográfica das distintas parentelas, permita establecer cal ou cales foron as zonas de influencia territorial das mesmas, e onde desenvolveron a súa actividade como grandes propietarios ao longo de todo este período<sup>1</sup>.

Este é esencialmente o obxecto e finalidade que se persegue ao longo das seguintes páxinas, a análise do dominio territorial dun grupo aristocrático concreto nun marco espacial perfectamente definido. Un grupo aristocrático, neste caso a parentela dos Fróilaz, ou se se prefire os Traba, vocábulo co que se denominou a membros da mesma durante décadas<sup>2</sup>, sendo substituída nos últimos anos por unha designación máis ampla, que recolle esa tradición anterior uníndoa ás últimas tendencias historiográficas e falando neste caso da parentela dos Fróilaz-Traba<sup>3</sup>. Trátase sen dúbida do grupo aristocrático máis poderoso da aristocracia galega durante os séculos XI e XII, época

1. Trátase pois dunha das liñas básicas de investigación sobre a aristocracia propostas por V. A. Álvarez Palenzuela, quen afirma que: "Los dominios nobiliarios constituyen la base de su actividad y de su importancia social, que, a su vez, permiten consolidar e incrementar aquella. Es preciso conocer con el mayor detalle posible la extensión de esos dominios, los recursos que producen y también los compromisos que suponen". V. ÁLVAREZ PALENZUELA, "Los orígenes de la nobleza castellano-leonesa" en *La nobleza peninsular en la Edad Media*, León, 1999, pp. 67-88, vid. sobre todo p. 87.
2. Tanto C. M. Pallares como E. Portela demostraron que o uso do topónimo Traba non é precisamente o máis axeitado para designar aos compoñentes deste grupo aristocrático: "no hemos encontrado nunca el uso de la palabra Traba como nombre colectivo aplicado a un grupo de personas unidas por lazos de parentesco". Ambos autores coinciden en sinalar que o uso deste vocábulo para aplicalo como elemento identificador desta parentela condal foi unha "fortuna historiográfica", e que o escaso número de ocasións en que aparecía unido sobre todo ao título condal "no anima a considerar este nombre (...) como el nombre de una casa, como un apellido de linaje". M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, "Aristocracia y sistemas en la Galicia de los siglos centrales de la Edad Media. El grupo de los Traba" en *Hispania*, 185 (1993), pp. 823-840, para esta cuestión vid. concretamente pp. 827-831 (en adiante M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *Aristocracia y sistemas de parentesco*).
3. Esta é precisamente a denominación empregada por parte de J. L. López Sangil nos seus distintos traballos sobre este grupo aristocrático. J. L. LÓPEZ SANGIL, "La familia Fróilaz-Traba en la Edad Media gallega" en *Estudios Mindonienses*, 12 (1996), pp. 275-403; e *La nobleza. La familia Fróilaz-Traba*, A Coruña, 2002. (en adiante J. L. LÓPEZ SANGIL, *La nobleza*). A mesma designación foi utilizada por M. Torres-Sevilla na análise realizada por esta autora sobre a parentela. M. TORRES-SEVILLA, *Linajes nobiliarios de León y Castilla. Siglos IX-XIII*, Salamanca, 1999, pp. 312-341 (en adiante M.

na que alcanzou o seu maior esplendor en función da influencia testemuñada por dous personaxes concretos en torno ás figuras do conde Raimundo de Borgoña, da raíña dona Urraca, e do seu fillo o emperador Afonso VII: os condes Pedro Fróilaz e o seu fillo Fernando Pérez. Unha parentela que como se ten sinalado, xa ten sido obxecto de análise con anterioridade, pero cabe engadir que os estudos sobre a mesma parecen terse centrado sobre todo no ámbito da xenealoxía, intentando precisar ante todo a orixe do grupo e a reconstrución familiar a través das sucesivas xeracións. Neste caso o obxectivo varía, xa que intenta centrarse sobre todo nos aspectos territoriais e de consolidación do dominio da parentela nun marco espacial definido: as terras do Eume e da fachada atlántica, área na que se situaban as antigas mandas de Trasancos, Bezoucos e Pruzos.

Para isto, a metodoloxía de análise utilizada responde ás características xa enunciadas. En primeiro lugar, e tomando como base esas técnicas prosopográficas propias da xenealoxía en función dos datos achegados polas fontes, tentábase establecer cales eran aquelas localidades do territorio, onde os distintos membros do grupo aparecían como propietarios e facendados ao longo deste período dos séculos centrais do Medievo. Os resultados obtidos poden ser verdadeiramente satisfactorios, xa que permite obter unha visión global e de conxunto, do que foi a implantación territorial da parentela e a extensión dos seus dominios no territorio obxecto de estudo.

Agora ben, unha vez establecido o mapa das posesións territoriais da parentela na comarca, hai que incidir en segundo lugar nas características propias do dominio. Para isto, débese precisar cal ou cales foron os procedementos para a formación do mesmo, dado que non se tratou de algo que xurdiu ipso facto, senón que levou todo un amplo proceso iniciado xa desde a época alto-medieval. As vías para a consolidación do patrimonio territorial foron varias, abrangendo unha serie de distintas opcións como as ganancias por medio de compras; posíbeis adquisicións, consecuencia directa da presión exercida polos poderosos sobre os sectores do campesiñado; as profiliacións ou renovos; ou as propias doazóns procedentes da institución monárquica; sen esquecer por suposto o que significou a entrega do dominio señorial nas distintas demarcacións administrativas. Do mesmo xeito, e unha vez analizados os ditos procesos de formación, hai que indagar na estrutura interna dos mesmos, establecendo a tipoloxía das distintas propiedades que configuraban o dito dominio, porque as fontes conservadas non só aluden a unha localidade concreta onde é posíbel constatar a existencia de determinadas propiedades; senón que na maior parte dos casos se mencionaba a existencia de terras de cultivo, de agros e leiras, de zonas de horto ou cortiñas, de casais, e incluso de igrexas e propiedades eclesiásticas, así como a posesión de villas ou aldeas na súa total integridade. Unidades que configuraban dito dominio, e que presentaban unhas características certamente diferenciadas, de aí que sexa necesario establecer unha análise exhaustiva de cada unha das mesmas. E xunto coa terra, os homes, ese conxunto de servos e campesiños dependentes -de vasallos se se prefire a utilización deste vocábulo para denominalos-, encargados da

TORRES-SEVILLA, *Linajes nobiliarios*). Probablemente, subsista en toda esta problemática un intento por parte dos distintos autores de diferenciar o que constituíu este grupo aristocrático galego do seu homónimo leonés. Os denominados como Fróilaz de León, grupo aristocrático que tivo a súa maior influencia durante o século XII, sobre todo nas zonas do Bierzo, Astorga e montañas leonesas, non deixan de ser senón unha ramificación da parentela dos Flaínez, e como tales deben de ser estudados. Non obstante, no caso da parentela galega, a simple designación de Fróilaz pode ter por si soa completa validez, xa que foi precisamente un Froila, ben o antecesor directo de Rodrigo Fróilaz nos inicios do século XI, o conde Froila González, ou o seu descendente Froila Vermúdez, proxenitor do conde Pedro Fróilaz, quen parece dar nome específico a este grupo aristocrático.

explotación da mesma, e que configuraban o que pode designarse como o elemento humano deses dominios territoriais; sobre os cales, os señores exercían todo un conxunto de dereitos, que se traducía na percepción das correspondentes rendas señoriais, ben en especie ou numerario, ben en forma de traballo no que constituía a reserva señorial.

E é que a posesión desa serie de propiedades territoriais non soamente xerou unha posición de privilexio dentro do contexto da sociedade da época, senón que tamén repercutiu de forma favorábel á economía dos sectores aristocráticos. Os seus membros obtiveron das mesmas, ademais do beneficio económico que nalgúns casos supoñía a saída de excedentes ao mercado, todo un conxunto de rendas sobre os grupos de servos e campesiños asentados nas mesmas. Por desgraza, as fontes que se conservaron para os grupos aristocráticos da comarca, e ao contrario do que pode observarse no caso dos dominios monásticos, non permiten precisar cal ou cales foron os volumes de renda señorial obtidos por parte dos membros dos Fróilaz do seu dominio na zona.

É innegábel que pode alegarse que o dominio dos Fróilaz foi moito máis amplo do panorama que se pretende mostrar, tal como correspondería á parentela máis poderosa da aristocracia de Galicia, e que se estendía por outras zonas da xeografía galega tales como a comarca de Betanzos; os territorios de Aranga e as áreas que rodean o dominio do mosteiro de Sobrado; as comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas; ou as áreas de Traba, Monterroso, Toroño, Limia, Lemos e Montenegro. Isto pode supoñer unha das maiores problemáticas que pode presentar o estudo destes dominios territoriais dos grupos aristocráticos, no caso de que se opte pola análise dun territorio concreto, en detrimento do que foi a implantación territorial no contexto global do reino; o que pode levar a pensar nun primeiro momento que os resultados obtidos puideran ter un carácter parcial con respecto á globalidade do patrimonio territorial dunha parentela, sen ofrecer un panorama completo do mesmo, sendo necesaria polo tanto a elaboración de monografías máis amplas, que tomen como punto de referencia a parentela ou o reino, de forma similar ao que se observa no caso as monografías realizadas sobre os dominios monásticos, onde a análise das súas propiedades se efectúa de forma xeral e non centrándose exclusivamente nun territorio determinado.

Agora ben, con respecto a isto último, debe sinalarse que se ben é certo que os estudos realizados desde un punto de vista local ou comarcal poden adoecer de certa fragilidade á hora de mostrar o conxunto patrimonial das distintas parentelas aristocráticas, así como doutros aspectos propios deste sector social, non é menos certo tamén, que son precisamente este tipo de traballos os que están permitindo un maior achegamento ao coñecemento das estruturas de poder aristocráticas, dando lugar a resultados certamente satisfactorios, e permitindo que estes sectores deixen de ser unha incógnita para o conxunto da historiografía. Por outra parte, se se alude á necesidade de estudos de ámbito global sobre os grupos aristocráticos, estas monografías de ámbito comarcal poden constituír a base do mesmo, e que, en función da produción historiográfica realizada nos últimos anos, este se percibe xa moito máis próximo.

Do mesmo modo, hai que sinalar que a documentación conservada para o estudo dos grupos aristocráticos do período central do Medievo é escasa, e atópase espallada e fragmentada entre

as distintas coleccións eclesiásticas; e aquelas que debían aparecer como as mellores aliadas da investigación histórica convértense neste caso nun dos seus maiores inimigos, contribuíndo deste modo a que a historiografía opte en ocasións por abordara análise deste sector social desde un plano xeográfico inferior. O volume de información que debe analizarse para obter un efémero número de documentos sobre os grupos aristocráticos nun determinado territorio é moi amplo, unha dificultade que se acrecentaría considerabelmente se a finalidade que se persegue tivese unha maior amplitude xeográfica<sup>4</sup>.

De todos os xeitos, resulta indiscutíbel que os territorios do Eume constituíron un referente primordial para a parentela, consolidándose como un dos seus principais "núcleos territoriais". Foi precisamente aquí onde se localizan as antigas mandas de Pruzos, Bezoucos e Trasancos, as cales estaban baixo o dominio directo dos Fróilaz e dos seus dependentes; e foi precisamente nestes territorios onde se asentaron algúns dos referentes monásticos que mantiveron fortes relacións co conxunto dos membros da parentela, e que remiten á mesma de forma obrigatoria, como foron os mosteiros de San Martiño de Xuvia, San Xoán de Caaveiro, e en menor medida outros como San Salvador de Pedroso, Santa María de Monfero ou Santa María de Nogueirosa. Resultaría ilóxico polo tanto, desbotar a importancia que tivo esta área xeográfica no ámbito territorial e das diferentes estruturas de poder da parentela, de aí que o seu estudo sexa merecedor, e sen ningún tipo de inconveniente, dun tratamento á parte.

4. As fontes conservadas para esta zona, e sobre as que se obtén o maior volume de información sobre o dominio territorial da parentela dos Fróilaz descansan en dous piares básicos: os mosteiros de San Martiño de Xuvia e de San Xoán de Caaveiro. O primeiro deles constituíu ademais dun dos dominios señoriais máis poderosos da comarca, un claro referente deste grupo aristocrático. Nos séculos XI e XII foi lugar de enterramento para moitos dos membros desta parentela, e obxecto de importantes doazóns sobre todo nos territorios de Trasancos e Bezoucos. A colección documental de Xuvia constitúe polo tanto unha fonte de primeira orde, non só para o coñecemento deste cenobio e das terras nas que se asentaba, senón tamén para observar as doazóns pías realizadas por parte dos membros da aristocracia laica. S. MONTERO DÍAZ, La colección diplomática de San Martín de Jubia, Santiago, 1935 (en adiante CDSMJ). Do mesmo xeito, os agostiños de Caaveiro tamén se viron beneficiados cun número considerado de bens procedentes do dominio deste grupo aristocrático. A transcripción e publicación do Tombo deste cenobio supuxo un claro avance para o coñecemento e estudo da comarca eumesa durante o período central do Medievo. J. I. FERNÁNDEZ DE VIANA E VIEITES, M. T. GONZÁLEZ BALASCH, J. C. DE PABLOS RAMÍREZ, "El Tumbo de Caaveiro. 1ª Parte" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 3 (1996), pp. 267-437 (en adiante TMC, I), "El Tumbo de Caaveiro. 2ª Parte" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 4 (1997), pp. 222-385 (en adiante TMC, II). Trátase de dous cenobios localizados precisamente na zona de estudo, pero non foron os únicos, a eles hai que engadir outros como o mosteiro de San Salvador de Pedroso, fundación dunha das fillas de Froila Vermúdez, Munia Fróilaz, no ano 1111. E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso en Tierras de Trasancos*, A Coruña, 1984 (en adiante E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso*). Outro dos mosteiros que tamén achegan información foi Santa María de Nogueirosa, tamén fundación particular, neste caso de Bermudo Pérez. J. L. LÓPEZ SANGIL, "Nogueirosa: su monasterio y su castillo" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 10 (2003), pp. 249-268 (en adiante, J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa*). Por último, debe facerse alusión obrigada ao mosteiro de Santa María de Monfero, malia que apenas conservasen doazóns dos Fróilaz nesta rexión en beneficio deste cenobio, sen que isto deba significar tampouco a ausencia de relacións entre ambos poderes. Sobre a documentación do mosteiro de Monfero vid. J. L. LÓPEZ SANGIL, "Índice de la documentación en pergamino que se conservaba en el archivo del monasterio de Santa María de Monfero" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 4 (1997), pp. 127-165 e *Historia del Monasterio de Santa María de Monfero*, A Coruña, 1999, pp. 165-189. (en adiante J. L. LÓPEZ SANGIL, *Historia del Monasterio*).

Xunta aqueles dominios monásticos da comarca Eumesa, hai que facer alusión a outros situados noutros territorios, os cales, en función da súa vinculación coa parentela, permiten indagar un pouco máis sobre o dominio do grupo, en función das distintas doazóns realizadas por algúns dos seus membros. A implantación do Cister en Galicia supuxo a consolidación dun dos dominios monásticos máis poderosos da rexión galega: Santa María de Sobrado, o cal, en función das achegas territoriais dos Fróilaz en Trasancos, consolidou unha forte estrutura de poder nas zonas costeiras de Galicia. P. LOSCERTALES, *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols., Madrid, 1976 (en adiante TMSM) Por último, a sé episcopal compostelá tamén se viu beneficiada con propiedades nesta comarca, sobre todo en función das doazóns realizadas por parte de Pedro Fróilaz, as cales quedaron rexistradas nas páxinas da *Compostelana. Historia Compostelana*, ed. E. Falque Rey, Madrid, 1994 (en adiante HC).

## A IMPLANTACIÓN TERRITORIAL

### 1. ANTECEDENTES DA PARENTELA ATÉ FINS DO SÉCULO XI

#### 1.1 A ASCENDENCIA DO CONDE FROILA VERMÚDEZ

Hai que sinalar que as noticias conservadas sobre a posición dos primeiros membros da parentela nas terras do Eume resultan verdadeiramente escasas, aínda que en función de noticias que mostran de forma indirecta aos membros deste grupo aristocrático é posíbel que a presenza dos seus membros na comarca Eumesa puidera remontarse polo menos até as décadas finais do século X. As primeiras referencias que quedaron documentadas son tardías, concretamente do ano 1086, sendo nesa data cando se observa a presenza do conde Froila Vermúdez como propietario na área de Trasancos, máis concretamente na aldea de Domirón, como consecuencia da doazón realizada por este magnate en beneficio do mosteiro de San Martiño de Xuvia, a cal ao perecer se cedía de forma íntegra<sup>5</sup>. Pero a importancia do documento radica non só en permitir establecer esa posición de Froila Vermúdez como facendado territorial na comarca, senón que tamén permite observar como esa presenza dos membros da parentela nas terras do Baixo Eume, pode remontarse polo menos até a figura do seu avó Froila Rodríguez, e moi probabelmente até a do pai deste último, o primeiro Rodrigo Fróilaz, o personaxe cuxa xenealoxía é transmitida por un dos documentos recollidos no tomo primeiro do mosteiro de Sobrado<sup>6</sup>. O documento insiste en que esta aldea de Domirón estaba en poder dos membros deste grupo aristocrático como mínimo desde había dúas xeracións, ao aludir que ditas propiedades pertenceran xa aos antecesores directos de Froila Vermúdez: "*uilla quos fuit de auiorum uel parentum meorum*".

Froila Vermúdez aparece polo tanto como o primeiro membro do grupo sobre o que é posíbel establecer esa faceta de propietario territorial na zona do Baixo Eume de forma directa. Non existen datos sobre os seus antecesores, e as referencias conservadas que poden constituírse como puntos de referencia sobre a presenza tanto de Rodrigo Fróilaz, dos seus fillos Menendo, Gonzalo e Froila; e do descendente directo deste último, Vermudo Fróilaz, refírense aos mesmos de forma indirecta, e similar ao que se puido observar no caso de Froila Vermúdez. Trátase polo tanto de noticias posteriores, procedentes a maior parte das mesmas da época do conde Pedro Fróilaz e dos seus descendentes, as cales aluden a aqueles bens que os seus devanceiros tiñan na comarca, os cales estaban neses momentos baixo o seu poder, consecuencia directa dos distintos repartimentos hereditarios<sup>7</sup>.

É o que pode deducirse da doazón realizada no ano 1088 por parte do conde Pedro Fróilaz ao mosteiro de Xuvia dos seus bens en Xunqueiras, ao establecer este magnate que as mesmas

5. "*Ego seruus seruorum dei Froilani Petriz Vermudiz, unha pariter cum filis meis (...) dono et offero uilla quos fuit de auiorum ol parentum meorum et est ipsa uilla in urbe Gallecie territorio de Trasancos, in dextros ipsius monasterio, uilla nomine Domini Mironi per suis terminis et locis antiquis cum omni sua pretancia...*". CDSMJ, doc. IX.

6. "*... Rodericus Froyle habuit tres filios: Menendum Roderici et Gundisaluum Roderici et Froylam Roderici (...) De Froyla Roderici natus est Ueremudus Nariz (...) De Ueremudo Mandini natus est Froyla Ueremudi...*". TMSM, I, doc. 212.

7. É posíbel que ditas alusións fosen incluso máis aló da figura de Rodrigo Fróilaz, e que estivesen a facer referencia ao antecesor directo deste último, o conde Froila González. Sobre os aspectos xenealóxicos que profundan nas cuestións referentes ás orixes altomedievais da parentela, vid. os traballos de J. L. LÓPEZ SANGIL, *La nobleza...*, pp. 13-16 e M. TORRES-SEVILLA, *Linajes nobiliarios...*, pp. 311-312 e 319-320.

estaban no seu poder "*de susceptione auiorum et parentum meorum*". Xunto con esas herdades nesta localidade, Pedro Fróilaz facía referencia aos seus bens na aldea de Porto, onde se alude á "*quantum me computet inter meos germanos uel heredes*". É dicir, conséntase a existencia de precedentes anteriores, que mostran a presenza dos membros deste grupo aristocrático neste lugar desde épocas pretéritas, sendo neste caso as estruturas de herdanza, as que manifestan que esa presenza dos antepasados do conde no termo de Porto foi unha realidade innegábel; existindo posteriormente un reparto e división dos bens dos seus devanceiros a partes iguais entre os membros integrantes desta parentela<sup>8</sup>. O conde Pedro Fróilaz continúa mostrando a presenza dos seus antepasados na comarca en función doutras referencias documentais que se conservan sobre a súa persoa. Outro dos lugares onde tamén é factíbel poder falar da presenza dos antepasados deste magnate foi a aldea de Doroña, ao ceder a Caaveiro a terceira parte da mesma, a cal foi adquirida en época anterior por parte dos seus antecesoires, "*ubi eam obtinuerunt antecessores nostri*"<sup>9</sup>. Por último, a presenza dos antepasados de Pedro Fróilaz, tamén se constata no lugar de Casdouria, cando este personaxe facía referencia no ano 1112 a certa herdade que ao parecer pertencera xa aos seus maiores, e que nestes momentos era obxecto de doazón a San Xoán de Caaveiro por parte deste último<sup>10</sup>.

Outros descendentes de Froila Vermúdez tamén aluden nas súa escrituras de doazón a aquelas propiedades que con anterioridade pertenceran aos seus predecesores. É o caso de Visclavara Fróilaz, quen no ano 1098 se refería á igrexa de San Xurxo de Magalofes como unha propiedade pertencente aos seus pais e avós en épocas de antano<sup>11</sup>. Con posterioridade, no ano 1111, Munia Fróilaz fundaba e dotaba con bens territoriais o mosteiro de San Salvador de Pedroso. Entre as herdades que eran obxecto de entrega, facíase alusión a aquela herdade en Pedroso, "*dicta Vineola*", onde a irmá do conde Pedro Fróilaz edificou este centro monástico. Ao parecer, dita herdade pertencera, tal como se constata na escritura de fundación, a o seu avó o conde Vermudo Fróilaz, e agora, neses precisos instantes, Munia Fróilaz procedía a instalar na mesma esta nova comunidade monástica<sup>12</sup>.

Do mesmo modo, as alusións ás propiedades dos maiores continuaron tamén durante a primeira metade do século XII. Como se observa por exemplo na doazón realizada a San Xoán de Caaveiro por parte do conde Fernando Pérez no ano 1135 das súas propiedades na aldea de Sillobre, en Bezoucos, e onde este magnate facía referencia aos bens que os seus avós, moi probabelmente o conde Froila Vermúdez, mantiñan en dito termo<sup>13</sup>. Por último, é a través da escritura de outro dos seus netos, Menendo Rodríguez, e datada no ano 1133, cando se ten constancia da posíbel posición

8. CDSMJ, doc. XI.

9. TMC, II, doc. 177.

10. "*...nostra hereditate propia que habemus de abiorum et parentum nostrorum...*". TMC, I, doc. 53.

11. "*...ecclesiam nostram propriam que evenit mihi de asucesione abiorum vel parentorum meorum...*". TMC, I, doc. 122.


12. "*...venit enim mihi supradicta villa de sucesione Comitis domni Vemudi, abi mei, et ceçidit mihi in divisionem inter meos germanos...*". E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1. Trátase da única noticia conservada que permite observar a posición que Vermudo Fróilaz tiña nas terras setentrionais da comarca.

13. Na mesma, Fernando Pérez hacía referencia a aquela "*herediatatem que habeo de avulorum (...) meorum*". TMC, I, doc. 109.

de Froila Vermúdez como facendado nos termos de Baralobre e Maniños, en función das referencias achegadas por parte de Menendo Rodríguez, cando facía alusión a que ditas herdades estaban en poder dos seus avós en época de antano, e que neses precisos instantes, e como consecuencia das estruturas de herdanza, a propiedade das mesmas recaera na figura deste personaxe<sup>14</sup>.

O conde Froila Vermúdez contraeu matrimonio en dúas ocasións, a primeira con Elvira de Faro, filla de Menendo Vermúdez de Faro, un dos magnates máis destacados da corte do monarca Afonso V de León, e de cuxa unión se coñece a existencia de catro fillos: Gonzalo, Pedro, Rodrigo e Visclavara. Da súa segunda unión con dona Lucía naceron outras dúas fillas: Munia e Hermenesinda.

Foi precisamente cos descendentes de Froila Vermúdez cando o grupo aristocrático dos Fróilaz pareceu iniciar a súa época de maior esplendor, consolidándose como a parentela magnática máis poderosa, non só das terras do Eume, senón tamén do conxunto global da rexión galega durante a época dos séculos plenomedievais. Con eles, a parentela subdividiuse en diferentes ramas, alcanzando sobre todo os descendentes de Pedro e Rodrigo Fróilaz respectivamente, o maior protagonismo no contexto interno do grupo. Sobre o resto dos membros do mesmo, as noticias son menos abundantes, podendo dar a impresión de quedar relegados a unha posición *quasi* secundaria con respecto aos seus outros dous conxéneres. No que respecta ao seu outro irmán varón, Gonzalo Fróilaz, quen como xa é sabido chegou a ser bispo de Mondoñedo, non se conservaron noticias que fagan referencia a esa faceta como propietario na comarca Eumesa, sen embargo isto non debe supoñer inconveniente ningún para afirmar con rotundidade que este non tivo tampouco o seu particular protagonismo como facendado no territorio. Con respecto aos elementos



14. "...hereditates quas habemus et habere debemus de auolorum (...) nostrorum...". TMC, I, doc. 30.

femininos do grupo, as fillas de Froila Vermúdez habidas dos seus dous matrimonios, a documentación conserva certas referencias que permiten precisar a súa participación ao igual que os seus irmáns no reparto da herdanza dos seus maiores.

## 1.2 OS ASCENDENTES DA CONDESA URRACA FRÓILAZ

Como se puido observar, os antecesores directos do conde Pedro Fróilaz documéntanse xa como propietarios territoriais na comarca ao menos desde o século XI. Cando este magnate galego e o conxunto dos seus conxéneros facían referencia ás posesións dos seus antecesores, o panorama non admite ningún tipo de dúbidas sobre os personaxes aos que se estaba a facer referencia directa. Pero o certo é que dita perspectiva pode cambiar cando as alusións cara a ese patrimonio dos antepasados proveñen dos descendentes directos do conde Pedro Fróilaz. É posíbel que o dito patrimonio pertencese aos seus antepasados paternos, pero tamén cabe a posibilidade de que ditas posesións territoriais estivesen no seu poder como consecuencia da herdanza materna, proveniente da condesa Urraca Fróilaz, cuxa xenealoxía parece remontarse até os condes de Presarás, unha das parentelas máis poderosas de Galicia durante o século X<sup>15</sup>.

A documentación proveniente do mosteiro de Sobrado permite constatar como durante a segunda metade do século X se efectuaron por parte do conde Hermenegildo Aloítiz, e dos seus fillos, o bispo Sisnando e o seu irmán o conde Rodrigo Menéndez, varias doazóns de bens patrimoniais localizados no territorio de Bezoucos. Concretamente, no ano 955, o bispo Sisnando xunto co seu pai o conde Hermenegildo, cedían ao mosteiro de Sobrado á vila denominada Litoriana "*in territorio Bisaucus*"<sup>16</sup>. Posteriormente, no ano 966, novamente o bispo Sisnando, esta vez xunta co seu irmán, o conde Rodrigo e a esposa deste último, Elvira Aloítiz, confirmaban ao seu mosteiro particular de Sobrado a doazón anterior, volvendo a resaltar a posesión desta *villa* Litoriana na península de Bezoucos<sup>17</sup>. Ademais desta vila, os membros deste grupo aristocrático deberon realizar ao mosteiro de Sobrado doazón doutras posesións súas na área de Bezoucos. O posterior inventario datado no ano 971, de aquelas "*villas et hereditates que in testametos de mosteiro de Superato resonat*", cedidas tanto polo conde Hermenegildo e a súa esposa Paterna, así como polos seus fillos Sisnando e Rodrigo, xunto coa súa esposa Elvira, permite concretar como ademais da propiedades xa mencionadas, debe engadirse a entrega doutra vila en Bezoucos, a "*villa Vaulato*"<sup>18</sup>.

Hermenegildo Aloítiz era ao parecer un dos fillos de Aloito Gutierrez e a súa esposa Argilo, e irmán á súa vez de Gundesindo, Arias, e Gutierre Aloítiz respectivamente. É precisamente na

15. Sobre a mesma vid. M. TORRES-SEVILLA, *Linajes nobiliarios...*, pp. 312-319 e 327-328, onde a autora procede á reconstrución da ascendencia de Ardiu Díaz, nai de Urraca Fróilaz.

16. "*Nos exigui famuli vestri Sisnandus licet indignu cathedre Sancti Iacobi Apostoli et Iriensis sedis episcopus simul cum genitore meo Hermegildo (...) in territorio Bisaucus villa nuncupata Litoriana*". M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado: un ejemplo de protagonismo monástico en la Galicia Medieval*, A Coruña, 1979, doc. 7 (en adiante M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado*).

17. "*Nos exigui servi servorum vestri Sisnandus episcopus una cum fratre meo Rudeico et cum coniuge sua Gilvira (...) offero et concedo (...) In territorio Bisauquis villam Litorianam*". *Ibidem*, doc. 8.

18, *Ibidem.*, doc. 9.




rama deste último onde se sitúa, cinco xeracións despois, a figura de Ardiu Díaz, nai de Urraca Fróilaz, a futura esposa do conde Pedro Fróilaz. Ao igual que se puido observar no caso dos seus conxéneres, Gutierre Aloítiz tamén puido ter ocupado unha posición similar como propietario nestes territorios, consecuencia directa da partición da herdanza dos seus antepasados. Sábese que este Gutierre Aloítiz tivo cando menos un sucesor coñecido, Munio Gutiérrez, de cuxa unión con Froilo Fernández naceron cinco fillos: Arias, Rodrigo, Nuño, Munia e Gutierre Muñiz respectivamente. Interesa incidir na figura do primeiro membro desta prole, Arias Muñiz, quen tivo unha filla recoñecida, Adosinda Arias. Esta contraeu matrimonio con Segeredo Aloítiz, personaxes que eran sinalados como antepasados directos dos condes Fernando e Vermudo Pérez, nunha carta de doazón outorgada pola raíña dona Urraca e o seu fillo Afonso no ano 1118, e conservada no segundo tomo de Sobrado<sup>19</sup>. Adosinda Arias e Segeredo Aloítiz foron os proxenitores de Albito, Guntrudo e Azenda Segeredez, recaendo todo o protagonismo na figura desta última; xa que do seu matrimonio con Diego Gutiérrez naceron Ardiu e Azenda Díaz. A primeira foi esposa do conde Froila, e nai polo tanto de Urraca Fróilaz, primeira esposa do conde Pedro. A importancia da segunda filla de Azenda Segeredez radica en que entre os descendentes habidos do seu matrimonio con Vermudo Osoriz se encontra a figura de Afonso Vermúdez, un dos fundadores do mosteiro de Santa María de Monfero<sup>20</sup>.

Polo tanto, interesa resaltar aínda que sexa moi brevemente a importancia desa ascendencia da condessa Urraca Fróilaz, para constatar, por unha parte, o feito de que os seus antepasados directos tamén mantiveron certa posición -aínda que quizais non tan destacada como a dos ascendentes do conde Pedro Fróilaz-, como propietarios nas terras desta comarca; e pola outra, que os descendentes de ambos cónxuxes accederon sen dúbida ás propiedades que a súa nai Urraca Fróilaz tiña nestes territorios, consecuencia directa da herdanza dos seus devanceiros. Polo tanto, cando a posterior documentación do século XII faga alusión directa a aqueles bens que estaban en poder de personaxes como o conde Fernando Pérez ou o seu irmán Vermudo en función das estruturas de herdanza; cabe a posibilidade de pensar na hipótese de que a orixe dos mesmos puidese provir non só da herdanza paterna, senón tamén da materna, é dicir, deses antecesores directos da condessa Urraca Fróilaz aos cales se fixo mención.

Tal como pode observarse, a parentela dos Fróilaz aparecía a finais do século XI totalmente consolidada no que respecta á súa como facendados neste territorio eumés. Os ascendentes de Froila Vermúdez aparecían xa como propietarios desde comezos de século, e moi probablemente esa posición poida remontarse incluso até os anos finais da época altomedieval. Por outra parte, tamén hai que facer constancia a esa posición alcanzada polos ascendentes da condessa Urraca Fróilaz, o grupo dos denominados como condes de Presarás, os cales a documentación mostra como facendados sobre todo nas terras de Bezoucos, sen chegar a descartar que a zona de Pruzos constituíse tamén outra das súas áreas de influencia, xa que é precisamente aquí onde se asenta unha das súas fundacións monásticas: Santa María de Monfero. Todos estes feitos deberon repercutir de forma positiva, sobre todo para o conxunto dos descendentes do conde Pedro Fróilaz, xa que accederon de forma conxunta, tanto aos bens paternos como aos procedentes da herdanza da súa nai.

19. "...de auo uestro Segeredo Aluiti et de uxore sua Adosinda Arie...". TMSM, II, doc. 8.

20. Sobre a fundación deste cenobio vid. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Historia del Monasterio...*, p. 19.



## 2. OS DESCENDENTES DO CONDE FROILA VERMÚDEZ

### 2.1 A PARENTELA DO CONDE PEDRO FRÓILAZ

#### A. A figura de Pedro Fróilaz.

#### A súa posición como propietario na comarca do Baixo Eume.

Pode afirmarse que Pedro Fróilaz ocupou unha posición de privilexio no contexto interno da parentela, consolidándose como o membro máis destacado da mesma desde as décadas finais do século XI e as primeiras do XII, e sobresaíndo como un dos magnates máis poderosos do conxunto da aristocracia laica peninsular<sup>21</sup>.

21. A figura deste magnate faise merecedora dun tratamento específico e individual. No plano interno da parentela, Pedro Fróilaz constituíu o primeiro referente, ocupando a xefatura do grupo durante décadas. Por outra parte hai que facer referencia á súa actuación no contexto da política do reino, xa desde o reinado de Afonso VI. A súa vinculación ao conde Raimundo de Borgoña, aparecendo como confirmante en varios dos documentos expedidos por este último, constituíu probablemente un factor fundamental para acceder, primeiro á titoría do futuro Afonso VII, a quen apoiou decididamente durante esa época de turbulencias políticas polas que atravesaron os reinos do Occidente peninsular durante a segunda década do século XII, como consecuencia das discordias entre a raíña Urraca e Afonso I de Aragón; e posteriormente para obter o cargo da mordomía rexia tras a coronación do monarca no ano 1111. A influencia e a posición de Pedro Fróilaz obsérvase nas numerosas ocasións nas que é citado como "*Gallecie comes*", pero é precisamente nun dos documentos de San Martiño de

A presenza do conde Pedro Fróilaz nos territorios do Eume conséntase xa desde o ano 1088. Foi neses momentos cando tiña lugar a doazón realizada ao mosteiro de San Martiño de Xuvia, outorgándolle no territorio de Bezoucos a metade do lugar de Xunqueiras, localizado na área de San Xoán de Magalofes, así como todo aquilo que lle correspondía na aldea de San Martiño de Porto preto de Cabanas<sup>22</sup>.

Esa posición do gran magnate galego na comarca Eumesa continúa documentándose ao longo dos anos finais do século XI e comezos do XII. Entre 1108 e 1112, a documentación procedente do mosteiro de Caaveiro recolle varias doazóns levadas ao cabo por este personaxe no territorio de Pruzos, así como nas terras de Bezoucos. En concreto, no ano 1108 cedía a dito cenobio a cuarta parte da igrexa de Santa Mariña de Taboada, que adquirira en función da compra realizada a certo Cide Ausemendit<sup>23</sup>. Posteriormente, en 1110, volvía a facer unha nova concesión ao mosteiro do Eume, ao outorgar a parte da aldea de Doruña<sup>24</sup>. No ano 1112, novamente se ten constancia doutra doazón, esta vez na área de Bezoucos, concretamente no lugar de Casdouria, localidade situada na área de Porto, onde este magnate facía entrega da súa herdade, así como dos servos encargados da explotación da mesma<sup>25</sup>.

Foi precisamente no ano 1112, cando o conde Pedro Fróilaz viuse beneficiado con bens en Trasancos, concretamente en San Sadurniño, como consecuencia da concesión realizada por parte da raíña dona Urraca, quen cedía a este magnate a aldea na súa integridade con todas as propiedades anexas á mesma<sup>26</sup>.

Xuvia onde se lle cualificaba como "*maior inter eos comites*" dentro do conxunto de magnates da raíña dona Urraca, onde mellor se constata esa condición de privilexio no contexto das filas aristocráticas. CDSMJ, doc. XXVI. Sobre a súa actividade política ao longo dos reinados de Afonso VI, a raíña Urraca e Afonso VII, vid. J. L. LÓPEZ SANGIL, *La nobleza...*, pp. 20-42.

22. "*Ego Petrus Froylat, iº cum muliere mea nomine Oraca Froylat, sacnto Martino de Tartares et uobis abbate domino Donnino (...) Idcirco offerimus spontaneas nostras uolumpiates uillam ea media quae est fundata in loco uocitato Iuncherias, in eius ripa in territorio Prucius discurrente ribulo Mandeo et de alia parte Lambreu secus limina Sancti Pataleonis (...) in ipsa uilla quae uocitant Porto omne meum directum (...) cum suo plantato et edificia omnia uel quantum ad prestitum hominis constat*". CDSMJ, doc. XI.
23. "*Ego comes Petrus et uxor mea comitissa donna Maior facimus kartam testamenti (...) de ecclesia nostra propria que habemus de comparatione de Cide Ausemondit, cum omnibus adiunctionibus suis; et est ipsa hereditate territorio Prucius, in cautum predictum monasterium Sancti Iohannis, prope flumine Eume, ecclesia que uocitant Sancta Maria de Tabulata, videlicet IIIº de illa integra...*". TMC, II, doc. 148.
24. "*Ego comes Petrus una cum uxore mea comitissa donna Guntrade, cogonomento donna Maior; facere decreuimus textum scripture firmitatis de IIIº de villa nominata Dorona, que est in territorio de Prucius; discurrante ad aulam Sancte Marie, inter II montes Leboeiro et Carnota, scus flumen Doronia*". TMC, II, doc. 177.
25. "*Ego comes Petrus una cum uxore mea comitissa donna Maiori, ob remedium animarum nostrarum et parentum nostrorum, donamus et testamentum facimus (...) de nostra hereditate propria que habemos de abiorum et parentum nostrorum, id est nominata Casdouria, cum homines nostros que ibi sunt demorantes, id est Ruderico Martini et suos filios, et est ipsa hereditate territorio Bisaquis, subtus monte Carivio, discurrante ad ecclesiam de Sancti Martini de Porto*". TMC, I, doc. 53. Neste caso, resultaría máis factíbel e cunha maior lóxica falar da concesión dun só casal, xa que malia que se alude a eses servos, soamente se refire a un individuo en concreto, Rodrigo Martínez, así como aos fillos deste último. Non parece dar a impresión que da lectura do documento, poida tirarse que os bens doados nesta aldea tivesen unha amplitude moito maior da exposta na escritura do Tombo de Caaveiro.
26. "*Ego Vrraca totius Yspanie regina, simul cum filio meo domno Alfonso facio kartam uobis comiti domno Petro Froylaz et uxori uestre, comitisse domne Maiori Roderici (...) in terra de Trasancos do uobis Sanctum Santurninum que est in Ripagaui per suos cautos cum suis hereditatibus et suis hominibus et ecclesiis et cum quantum ad me pertinez*". C. MONTERDE ALBIAC, *Diplomatario de la reina Urraca de Castilla y León (1109-1126)*, Zaragoza, 1996, doc. 44 (en adiante DRUCL).

Ao ano seguinte, en 1113, as páxinas da Historia Compostelana aluden a unha considerábel doazón realizada polo conde Pedro Fróilaz á catedral de Santiago. Nas mesmas, obsérvase o volume das propiedades doadas por este magnate a esta sede episcopal, consistente sobre todo nun importante conxunto de igrexas nos territorios de Pruzos, Bezoucos e Trasancos. Concretamente, no primeiro, o conde Pedro Fróilaz cedía as súas respectivas *portiones* nas igrexas de San Xulián de Carantoña, San Pedro de Grandal e Santa María de Castro; no concernente á terra de Bezoucos, alúdese ás igrexas de Santiago de Franza e San Estevo de Eirís; por último en Trasancos, Pedro Fróilaz outorgaba as igrexas de Santa Uxía de Trasancos ou Santa Uxía de Mandiá, e de San Sadurniño<sup>27</sup>. Agora ben, en función de referencias posteriores cabe cuestionarse se esa doazón á que se refería o autor da crónica chegou a facerse efectiva nalgún momento dado. De feito, como poderá constatar, existe unha doazón similar de Pedro Fróilaz e datada no ano 1125 a San Martiño de Xuvia, onde cedía esas mesmas propiedades, a excepción da igrexa de San Sadurniño, entregada ao ano seguinte ao cenobio de San Salvador de Pedroso.

Desde esta última data até o ano 1125, a documentación conservada non amosa no máis mínimo ningunha referencia concreta cara ao patrimonio deste magnate. É precisamente na última data sinalada, cando novamente se constatan datos sobre a figura de Pedro Fróilaz. Tratábase dunha importante doazón realizada a favor do mosteiro de Xuvia, e pola cal doaba todo un conxunto de distintas portións en varias igrexas da comarca Eumesa. Algunhas destas propiedades eclesiásticas eran as mesmas que este magnate parecía ceder á Catedral de Santiago en épocas precedentes. Na zona de Pruzos, Pedro Fróilaz outorgaba a cuarta parte da igrexa de Perbes, e a igrexa de San Pedro de Grandal na súa integridade. Na área de Bezoucos, a quinta parte dunha metade na igrexa de San Estevo de Eirís, e a sexta parte da metade restante; a cuarta parte íntegra da igrexa de Santiago de Franza; e toda a súa parte na igrexa de Santiago de Barallobre. Por último, nos territorios de Trasancos, este magnate cedía a cuarta parte das igrexas de Santa María de Neda e de Santa Uxía de Mandiá na área de Serantes; certa igrexa de Santiago, cuxa procedencia non é posíbel establecer, cedida na súa integridade; as igrexas de San Pelaio de Ferraria e San Vicente de Ferreira, situadas na área de San Sadurniño<sup>28</sup>.

As últimas referencias que aluden a esa posición do conde Pedro Fróilaz como propietario nas terras do Eume datan do ano 1126, pouco antes do seu falecemento, sendo neses momentos cando se ten constancia doutras dúas novas doazóns deste personaxe. Pola primeira, cedía a San

27. "Dio también las siguientes propiedades, en Pruzos la parte de la iglesia de San Salvador de Pernis, San Julian de Carantoña, San Pedro de Grandal entero, Santa Maria de Castro en Bezoucos, Santiago de Francia, San Esteban de Erines, Santa Eugenia de Trasancos, San Saturnino, la iglesia del Abad..." H.C., I, XCIV, p. 222. No referente a esta igrexa de Santa Uxía de Trasancos, poden establecerse distintas hipóteses. É posíbel que puidese tratarse da dun templo sito nesta mesma localidade, e que respondese á advocación sinalada. Mais tamén é factíbel establecer que as noticias recollidas nesta crónica estivesen a facer referencia a Santa Uxía de Mandiá, templo que tamén quedou documentado na escritura de doazón levado ao cabo por parte deste magnate a San Martiño de Xuvia no ano 1125.

28. "Ego comes Petrus Froile una cum uxore mea comitissa domina Maior, et filiis, et omni uoce nostra facimus textum scripture firmitatis ob remedium anime nostre, Deo et aecliesie sancti Martini de Jubia (...) In terra de Prucios de aecllesia de Pervis iii<sup>o</sup> integram. De aecllesia Sancti Petri de Grandale integram. In terra Bisauquis de aecllesia sancti Stephani de Herenes, de medietate aecllesia ipsius quinta, et alia medietate sexta, similiter et laycali hereditate. De aecllesia sancti Jacobi de Francia quarta integra. De aecllesia sancti Jacobi de Barallobre porcionem nostram totam, In Trasancos de aecllesia sancti Martini de Neda, iii<sup>o</sup>, de aecllesia sancte Eugenie iiii<sup>o</sup>, de aecllesia sancti Jacobi de abbate integram, de aecllesia sancti Pelagii de Ferraria integram, de aecllesia sancti Vicentii de Ferraria cum adiuntionibus suis integram,..." CDSMJ, doc. XXX.

Xoán de Caaveiro a parte que lle correspondía na igrexa de Santa María de Castro, localizada no territorio de Pruzos, concretamente a súa propia e a que adquirira por medio de compra a Arias González<sup>29</sup>. A segunda doazón realizábase a prol do mosteiro de San Salvador de Pedroso; en función da mesma, o conde Pedro Fróilaz outorgaba ao cenobio fundado pola súa irmá Munia a igrexa de San Sadurniño en Trasancos, que anos atrás lle cedera a soberana leonesa<sup>30</sup>.

O conde Pedro Fróilaz foi enterrado na catedral de Santiago de Compostela, que pasou a converterse no panteón familiar dos membros desta parentela<sup>31</sup>; e parece que é moi probábel que en función deste motivo redactase unha importante escritura testamentaria, cuxo contido parece ser descoñecido por completo, sen que quedase rexistrado nin sequera nas páxinas da Historia Compostelá, pero que debeu ser sumamente xenerosa con dita sé episcopal, en función dos datos que foron transmitidos pola crónica do bispo Gelmirez<sup>32</sup>.

Do seu matrimonio coa súa primeira esposa, Urraca, o conde Pedro Fróilaz tivo seis fillos: Froilán, Vermudo, Fernando, Loba, Jimena e Froila. Xunto cos fillos habidos do seu primeiro enlace matrimonial, hai que facer referencia igualmente aos descendentes da súa posterior unión con Mayor Rodríguez: Rodrigo, García, Velasco, Eva, Toda, Urraca, Sancha, Estefanía, Elvira e Ilduara.

De todo o conxunto dos seus descendentes, o maior protagonismo recayó sobre todo en dous personaxes concretos: o seu primoxénito, Vermudo, e Fernando, quen accedeu á xefatura da parentela, sendo o único que debeu herdar a anterior dignidade condal ostentada polo seu pai. En función dos datos conservados, non cabe a menor dúbida de que ambos personaxes mantiveron unha posición destacada como facendados territoriais na comarca. Algo que non parece constatar-se de forma similar para o resto do conxunto dos descendentes do gran magnate galego, debido a que non tiveran un tratamento similar aos dos primeiros no conxunto da documentación. Neste caso, as referencias documentais son escasas ou practicamente inexistentes, polo que establecer datos sobre as súas persoas ou intentar precisar cal foi o volume das súas propiedades resulta unha tarefa moito máis ardua, non obstante é posíbel precisar que todos eles tiveron tamén acceso ás propiedades patrimoniais do seu proxenitor nestas terras eumesas.

29. *"Ego comes Petrus et uxor mea comitissa donna Maior, ob remissionem peccatorum nostrorum, concedimus ad ecclesiam Sancti Iohannis Babiliste de Calavario, VI de ecclesia de Sancta Maria de Castro que ganavimus de Arias Gundisalviz, et ipse Arias Gundisalviz de media de ipsa ecclesia habebat III<sup>o</sup>, et contempserunt eam sibi parentes sui, et dedit nobis querimoniam, et fecimus eam sibi habere, et ideo dedit nobis de ipsa III<sup>o</sup>, media, id est VI<sup>o</sup> quam concedimus Sancto Iohanne de Calavario. Et est ipsa ecclesia territorio Prucius, inter flumen Doronia et Iario, tu habeat et possideat predito monasterio pacife et quiete."* TMC, II, doc. 198.

30. *"Ego comes dominus Petrus, filius Froilat, et uxor mea comitissa donna Maior, cognomento Gunterode Rodriguiz (...) damus sancte Marie et sancti Salvatori de Petroso (...) ecclesiam de Sancto Saturnino de Trasanchos, cum omni sua voce, quantum ade eandem ecclesiam pertinet vel pertinere debet, et est sita subtus Monte Acuto, discurrente rivulo Iuvia; et dedit nobis illa Regina donna Urraca, cum alia hereditate..."*. E. CAL PARDO, *O mosteiro de San Salvador de Pedroso*, doc. 3.

31. Vid. A. LÓPEZ FERRERIRO, *Don Alfonso VII, rey de Galicia y su ayo el conde de Traba*, Santiago de Compostela, 1885, p. 120.

32. *"Dejaron el conde y la condesa para la salvación y redención de sus almas villas, propiedades, iglesias, monasterios y otras cosas en poder del señor compostelano y del cardenal Pedro González para que dispusieran de ellas y las distribuyeran a su arbitrio y voluntad. Los nombres de estas villas, propiedades, iglesias y monasterios están descritos y anotados en las mandas que tiene el citado cardenal..."*. HC, III, III, p. 497. Para E. Falque Rey, a lista de bens outorgados no testamento do conde Pedro Fróilaz debeu de ser tan numerosa que a crónica as omite, remitindo aos documentos pertinentes neste caso.



O grupo aristocrático dos Fróilaz nas terras do Eume.  
 Implantación territorial e estrutura do dominio durante os séculos XI e XII



O DOMINIO TERRITORIAL DO CONDE PEDRO FRÓILAZ. SÉCULOS XI-XII

1.Mandiá. 2.San Sadurniño. 3.Ferreira. 4.Santa María de Neda. 5.Barallobre. 6.Franza. 7.Magalofes. 8.Porto. 9.Eirís. 10. Taboada. 11. Perbes. 12. Doroña. 13. Grandal. 14. Castro. 15. Carantoña.

As primeiras noticias transmitidas sobre a súa posición como propietario na comarca amósano no lugar de Guitiriz, no territorio de Bezoucos, en función da doazón levada ao cabo xunta co seu irmán o conde Fernando no ano 1104 a favor do mosteiro de San Xoán de Caaveiro<sup>33</sup>.

É con posterioridade a este feito cando a súa figura comeza a aparecer de forma máis asidua nas fontes documentais. Durante esa primeira metade do século XII, e nunha data que non pode establecerse coa precisión requirida, obsérvase como Vermudo Pérez cedía a San Xoán de Caaveiro a súa herdade na aldea de Porto<sup>34</sup>.

33. TMC, I, doc. 51.

34. “*Ego Veremudus Petri (...) do et concedo et testamentum facio de mea hereditate (...) in Sancti Martini de Portu, territorio Bisaquis, in ripam fluminis Eume, in loco nominato Agro de Froylani.*”. TMC, I, doc. 50. A data que aparece no documento e do ano 1094, non obstante, na *confirmatio* desta escritura obsérvase como se fai referencia ao seu irmán Fernando como “*Comite Tratamarenis*”, e dado que é imposible que este ocupase o dito cargo a finais do século XI, faise obrigado adiantar a data de redacción do documento varias décadas no tempo.

Con maior precisión pode datarse xa a súa carta de arras á que foi a súa terceira dona, a infanta dona Urraca de Portugal. No ano 1122, Vermudo Pérez cedía a esta última todo un conxunto de posesións, entre as que se encontraba entre outras o couto de Nogueirosa, onde tempo despois se edificou por parte de ambos cónxuxes o mosteiro do mesmo nome<sup>35</sup>.

É a partir do ano 1132 cando se faga alusión novamente ás posesións de Vermudo Pérez na comarca. Neses momentos, e en función dunha doazón realizada en beneficio de San Martiño de Xuvia, obsérvase a súa posición como facendado nas terras de Xuvia e Narón, e máis concretamente na aldea de Domirón, onde este magnate cedía varios casais a este cenobio cos seus respectivos dependentes<sup>36</sup>. As doazóns ao mosteiro de Xuvia sucedéronse durante ese mesmo ano por parte de Vermudo Pérez, xa que a eses casais de Domirón hai que engadir ademais as herdades que cedeu en Curru Malo, lugar pertencente á parroquia de Santa María de Caranza; así como en Neixa, aldea localizada na área de San Martiño de Xuvia, e en Subaredo<sup>37</sup>. Xa con posterioridade, no ano 1145, Vermudo Pérez facía entrega a Xuvia dos seus servos no coto de San Martiño<sup>38</sup>. As últimas doazóns realizadas por este personaxe en beneficio deste cenobio datan do ano 1159. Neses momentos, Vermudo Pérez facía entrega das súas herdades na aldea de Piñeiro, localidade preta a Naraío; algunhas das cales foran obxecto de compra a Pedro Infanzón, un dos seus vasallos, así como algúns dos seus servos nos coutos de San Martiño e de Caranza<sup>39</sup>.

Entre esas datas de 1145 e 1159, hai que facer referencia á doazón que a súa dona Urraca realizou a prol do mosteiro de Nogueirosa no ano 1150, fundación familiar que comezara a edificarse dous anos atrás. A través da mesma, é posíbel constatar como ademais dos bens no lugar onde se localizaba o mosteiro, a doadora outorgaba as súas posesións nos termos de Vilar e de Ombre, coa condición de que fose admitida como relixiosa entre os muros do cenobio xunto con outras catro parentes súas<sup>40</sup>.

Sábese que Vermudo Pérez estivo casado en primeiras nupcias con Teresa Vermúdez. Desta unión matrimonial tivo cando menos tres fillos coñecidos: Pedro, Enrique e Mayor. De todos eles, só se conservan referencias desta última como propietaria na comarca do Eume. No ano 1192,

35. "*Ego Vermudus Petriz (...) sed propria meae voluntate, integraque animi affectioni, tibi dulcissimae uxori meae Ynfanti domnae Urracae filiae Comitiss Dni. Henrrich et reginae Dnae. Tharasie, facio textum firmissimae scripturae de propijs meis haereditatibus (...) Nogueirosa cum suo cauto et cum suis directis...*". J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa...*, doc. 1.

36. "*...ego Vermundus Petri, (...) facio scripturam testamenti (...) omnes hereditates quas habeo uel habere debeo in toto cauto et sunt prenomnatos ditos kassales de Domiron, fonte de filios de Froila, Buario et Martinus Pelai...*". CDSMJ, doc. XXXII.

37. "*Ego Veremundo Petri (...) dono et offero (...) hereditates meas quas habeo in suo cauto, in uilla de Neixa et in uilla de Currumalo, et in uilla de Subaredo, quantum ibi habeo iure hereditario uel habere debeo, intus et foris cum suas directuras;...*". CDSMJ, doc. XXXIII.

38. CDSMJ, doc. XLVI.

39. "*Ego dominus Vermundus Petri ob remedium anime mee et parentum meorum, dono Deo et beato Martino (...) hereditatem meam quae habeo in cauto eiusdem monasterium in uilla que dicitur Pineiros, scilicet tres partes de sexta ut habeat et possideat predictum monasterium ipsam hereditatem, euo perenni, hanc autem hereditatem ganavi ego de hominie meo Petro Infanzon; adicio homines meos quos habeo in cauto sancti Martini et in cauto de Carancia...*". CDSMJ, doc. LIV.

40. "*Ego Infanta Dna. Urraca Enrriquez vobis abbati de monasterio de Sancta Maria de Nogueirosa et conventui monachorum vestrorum (...) do ibi quantum ganavi cum Dno. Vermudo in Vilar, et in Nogueirosa et in Anobre, et do ibi habere meum, et totium hereditatem meam quam dare debuero pro anima mea*". J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa...*, doc. 2.



maior Vermúdez, xunto co seu home Gonzalo Menéndez, entregaban ao mosteiro de Sobrado as súas herdades no territorio de Trasancos, máis concretamente nos lugares de Brión e Sudres<sup>41</sup>. Non parece que do seu segundo enlace matrimonial tivese descendencia directa. Por último, dos fillos habidos coa súa terceira esposa, a infanta dona Urraca, filla do monarca portugués Henrique I, coñécense os nomes de Fernando, Urraca -de quen se sabe que foi relixiosa no mosteiro de Genroso en Betanzos-, Suero, Teresa, Sancha e Urraca. A información conservada sobre os mesmos e a súa posición como facendados nesta comarca provén da figura da segunda Urraca Vermúdez, quen no ano 1173 procedía a doar certos bens no territorio de Pruzos a ese mosteiro familiar de Nogueirosa, sen que poida precisarse a localización exacta dos mesmos<sup>42</sup>. No que respecta ao resto dos descendentes de Vermudo Pérez non é posíbel determinar nada en absoluto, malia que en función das estruturas de herdanza e do reparto dos bens paternos, a presenza de todos os mesmos como propietarios na zona debeu de ser unha realidade máis que evidente.

### b. O conde Fernando Pérez e a súa parentela

De todo o conxunto dos descendentes do conde Pedro Fróilaz, sen dúbida foi a persoa do seu fillo Fernando Pérez quen alcanzou un maior protagonismo, sobresaíndo amplamente por encima do resto dos seus conxéneres, e ocupando probabelmente a xefatura do grupo, como parece demostralo a continua subordinación do seu irmán Vermudo cara á súa persoa. Na súa persoa recaeu precisamente a dignidade condal, así como o goberno das *mandationes* que antano estiveron baixo o dominio do seu proxenitor<sup>43</sup>. A súa figura achega un importante número de referencias á investigación histórica, para poder concretar deste modo esa faceta de gran propietario nos territorios da comarca Eumesa.

Fernando Pérez aparecía por primeira vez na documentación no ano 1106, titulándose xa como conde, e doando ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro, xunto co seu irmán Vermudo, unha servicialía en Bezoucos. Concretamente, o documento alude á herdade que ambos conxéneres tiñan na aldea de Bitirit -termo que probabelmente poida ser identificado co actual Guitiriz, pertencente á parroquia da Capela, no municipio do mesmo nome-, a cal consistía en certo casal no cal habitaba Rodrigo Sentariz xunto cos seus fillos. Ademais, Fernando Pérez doaba tamén dous agros íntegros, así como a metade doutros dous, e unha leira, en varios lugares que presentan serias dificultades para a súa localización. Igualmente, os doadores cedían tamén outra leira en Cancelo, lugar de Santo Tome de Beamantes, en Miño; media terza de Ferroni, termo que probabelmente deba situarse nos límites de Monfero; así como medio agro nas Agras, lugar pertencente a San Martiño de Xuvia, en Narón<sup>44</sup>.

41. TMSM, II, doc. 376.

42. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa...*, doc. 4.

43. Concretamente, entre os territorios onde se constata ese exercicio do dominio señorial por parte do conde Fernando Pérez, hai que citar os de Trastamara, Traba, Aranga, Monterroso, Limia, Lemos e Montenegro. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *Aristocracia y sistemas...*, p. 834.

44. "*Ego Veremudus Petri, una cum germano meo, comite Fernando, et omnis vox nostra, damus et concedimus (...) omnia nostra hereditate que habemus in villa que vocitant Bitirit, territorio Bisquis, ripa flumen Eume, discurrente ad ecclesiam*

Desde esta data, non se teñen novas referencias con respecto á súa posición como propietario na comarca até o ano 1132, momento no cal realizaba certa permuta co mosteiro de San Martiño de Xuvia. O conde Fernando Pérez cedía aos beneditinos de Xuvia o seu couto de Caranza, así como as súas propiedades en Caranciola, establecendo ademais unha nómina daqueles servos dependentes deste magnate en ambos termos. Xunto con estas propiedades en Trasancos, a escritura tamén alude a outras na área de Bezoucos, máis concretamente en Franza, onde cedía a súa cuarta parte da igrexa desta localidade, así como a herdade que pertencera a Suario Didat, e que nestes momentos estaba en mans do conde de Trastámara<sup>45</sup>. A cambio destas herdades, Fernando Pérez recibía do prior de Xuvia certas propiedades na localidade de Serantes<sup>46</sup>.

Foi pouco tempo despois desta última doazón, no ano 1134, cando Fernando Pérez incrementaba as súas propiedades na península de Bezoucos, en función da permuta acaecida entre este magnate e o arcebispo de Santiago Diego Xelmírez. A cambio de todo un conxunto de propiedades nos territorios entre o Tambre e o Ulla pertencentes ao conde Fernando, Xelmírez cedía ao mesmo as súas herdades en Santa Eulalia de Lubre e San Pedro de Cervás, xunto coas de San Tirso e Santa Mariña, cuxa localización presenta maiores dificultades<sup>47</sup>.

Ao ano seguinte, en 1135, Fernando Pérez realizaba unha nova permuta, esta vez con Juan Ovequiz, cedéndolle a cuarta parte da súa herdade de San Martiño Romano en Doniños, e que comprara a Ximena Longa, a cambio de dúas servicialías que Juan Ovequiz tiña en Serantes<sup>48</sup>. Foi tamén nese mesmo ano de 1135, cando Fernando Pérez doaba a San Xoán de Caaveiro unha herdade en Sillobre, no territorio de Bezoucos, en pago á débeda de vinte e catro marabedís que este

*Sancti Martini de Portu. Damus et offerimus ea cum uno homine pernominat Rudericus Santariz, cum filiis suis. Et ipsa hereditate est determinata cum omnibus aiuccionibus suis, casali nupacato de Alverti integro cum ipso monte quomodo se de parte de casale que vocitant de Pica, et inde quomodo se de parte de hereditates de Laragia, et inde quomodo se de parte de hereditate Sancti Martini, et inde at fonte Toerande, et inde per medium valle de Linare Monte, et inde a Texunarias, et inde ad Alvarina, et inde ad valle de Fonte Peranal, et inde quomodo se de parte de hereditates Sancti Martini; et alias hereditates que de foris sunt, de monte Argimir medium, de monte de Sisto medio et de ipso casale medium. Et in ad veiga, unum agrum integrum, que iacet sub Agrozis; et alia leyra integra ibi in ipsa veyga; et alio agro que vocitant Caselas, integro; et in Cancelo una leyra integra, et media tercia de Ferroni; et medio de uno agro in Asagras, et iusta Via Petrosa medio de uno agro". TMC, doc. 51.*

45. *"Ego comes dominus Fernandus, prolix Petris, una cum filia mea nacta de regina domina Tareiga, uobis priori domino Otoni et congregatione fratrum sancti Martini (...) Facimus inter nos pactum similiter et placitum (...) de cauto nostro de Carancia siue de Caranciola, et de homines siue de criacione qui ibi sunt moraturi et hereditatibus suis et de uoce regali ut abeat is ea in secula. Damus uobis atque concedimus in ipso cauto homines prenominos in Caranciola. (...) In super, damus uobis iiii de illa ecclesia de Francia et de illa hereditate leigaria que ganauimus de Sudario Didat, hic in illa uilla, tota sua portione integra quod habui de suo socio Vistrario Folinit,..."*. CDSMJ, doc. XXXV.

46. *"...ipsas hereditates damus et concedimus uobis pro illa cum cambiacione de Serantes que mihi dedistis, (...) que dedistis mihi quam ibi dedi uobis domina Uisclauara, pro remedium anime sue, siue homines siue hereditates propter medietatis ecclesie sancti Saluatoris de Serantes que remanet a uobis"*. CDSMJ, doc. XXXV.

47. *"...permuta todo por completo por vuestra villa y heredad de Santa Eulalia de Lubre, de San Tirso, de Santa Marina y de San Pedro de Cervás..."*. H. C., III, XL, p. 567. Non pode dicirse que a vinculación dos Fróilaz a Lubre, e máis concretamente ao mosteiro de Santa Eulalia era algo novidoso, senón que pola contra parecía provir de épocas anteriores. Cabe recordar que no ano 1102, cando tiña lugar o preito entre Caaveiro e Munio Muñoz cos representantes do poder rexio, obsérvese a participación de Vermudo, abade de Lubre no dito litixio, especificándose no documento que este último *"erat capellanus de comite Fernandus"*. TMC, I, doc. 66.

48. *"Ego comes Fernandus uel uox mea, tibi Johanne Ouequiz uel uoci tue, facio tibi kartam commutacionis de iiii integra de sancto Martino Romano de Dunios, cum suis adiunctionibus quae ganauit de Exemena Longa pro meo precio, et accepit a te uilla de Piscanti ii seruicalias en Serantes..."*. CDSMJ, doc. XXXVIII.

magnate adquirira co mosteiro de Caaveiro, e que en función desta doazón quedaba completamente liquidada<sup>49</sup>.

As últimas referencias conservadas que aluden a esa faceta como propietario nestes territorios do Eume datan do ano 1154, cando outorgaba a Caaveiro as súas herdades no lugar de Sala, en termo de San Xulián de Carantoña, as cales adquirira por compra ao pai do seu meiriño e vasallo Paio Muñoz; membro dunha das parentelas dos sectores inferiores da aristocracia, e situado nesta localidade<sup>50</sup>. O seu falecemento debeu ter lugar pouco despois, moi probabelmente ao ano seguinte, sendo enterrado no seu propio panteón familiar situado no claustro da catedral Compostelá.

O conde Fernando Pérez contraeu matrimonio en dúas ocasións, a primeira con Sancha González, e da que tivo tres descendentes: María, Guiomar e Gonzalo Fernández. A única referencia que se ten sobre a condesa Sancha dátase no ano 1152, cando doaba a Xuvia os seus servos no couto do propio cenobio de San Martiño<sup>51</sup>.

De todos os fillos habidos da súa unión con Sancha González, foi precisamente a figura de Gonzalo Fernández quen acaprou todo o protagonismo no contexto da parentela, herdando, ademais desa dignidade condal, o goberno das tenencias que antano tivo o seu antecesor e mantendo un forte protagonismo como propietario territorial na comarca do Eume. Coa figura do conde Gonzalo Fernández comeza a darse un dos principais impedimentos que parece acompañar aos membros deste grupo aristocrático ao longo de toda a segunda metade do século XII, o acusado descenso de información para recompoñer o patrimonio territorial da parentela dentro da comarca eumesa. Aínda así, é factíbel establecer algunhas coordenadas de estudo, para recompoñer na medida do posíbel esa posición de facendado en dita área xeográfica. A teor da doazón efectuada ao mosteiro de San Martiño de Xuvia no ano 1159, sábese que este magnate ao igual que o seu antecesor, tamén era propietario na área de Bezoucos, sobre todo na aldea de Anca e no casal de Casadelos, preto de Neda, así como no couto de San Martiño<sup>52</sup>. Do mesmo modo, hai que facer alusión á doazón outorgada no ano 1163 aos cistercienses de Santa María de Monfero, do antigo mos-

49. "*Ego comes Fernandus (...) dono et ofero mean hereditatem quam habeo de avolorum et parentorum meorum ad monasterium Sancti Iohannis de Calavario, pro remedio anime mee et pro XXIII marcos argentes, quos ibi darem debueram, quos dederant mihi donnus Veremudus Nuniz, canonicus Sancti Iacobi, ut dedissem eos ad prefatum monasterium Sancti Iohannis, et non dedi eos ibi. Pro inde do et offero mean hereditatem ad predictum monasterium (...)* Et est ipsa hereditate nominata ecclesia Sancti Iuliane de Sillovre, in territorio Bisaquis, secus flumen Iuvie, subtus montem Coto." TMC, I, doc. 109.

50. "*...ego comes donnus Fernandus, gravi infirmitate detemptus et propter remedium anime mee et parentum meorum, (...) facio textum scripture firmitatis et cartulam donationis de hereditate mea propria quam habeo in villa nuncupata Sala, concurrentia ad ecclesiam Santi Iuliani de Carantonia; hanc siquidem hereditatem adquisivi eam de patre Pelagio Muniz, que fuit meo maiorino (...)* Do ipsa hereditate cum quantum ad prestitutum hominis est, intus et foris, per suis terminis et locis antiquis...". TMC, II, doc. 191.

51. "*Ego comitissa domina Sancia (...) do et concedo (...) illos meos homines que sunt in cautum sancti Martini, quae deueniunt in mea porcione (...) ad beneficiendum ut seruiant ad opera sancti Martini...*". CDSMJ, doc. LI.

52. "*Ego comes donnus Gondisalvus con consilio matris mee donne Sancie, facio danacionem de hereditatem meam de Anca cum omnibus ibidem morantibus, uel eorum heredibus (...)* Adicio uobis hereditatem quam comparui de Roderico Gondisalvi, in uilla de Casadelos uobis concedo. Et in cautum Sancti Martini, Petrum Cristouaniti cum mediis de suis filiis et de sua bona do et dono,....". CDSMJ, doc. LV.

teiro de San Isidro de Calobre, sendo esta a última referencia documental que se ten do personaxe antes do seu falecemento pouco tempo despois<sup>53</sup>.

O conde Gonzalo Fernández contraeu matrimonio con dona Berengola da que tivo catro fillos: Urraca, Fernando, Gómez e Rodrigo. A información conservada para as terras obxecto de análise proveñen sobre todo de Urraca e Gómez González, aínda que é posíbel supoñer unha faceta similar como propietarios territoriais para o resto dos membros desta rama da parentela. No que respecta a Urraca González, hai que sinalar a súa posición como propietaria no territorio de Trasancos, onde doaba no ano 1165 xunto con seu irmán Gómez as súas herdades e servos ao mosteiro de Xuvia, constituíndo esta a única referencia conservada sobre a súa persoa<sup>54</sup>.

Pero o maior volume de información é o que se posúe para o caso do seu irmán Gómez González, en quen recaeu a xefatura da parentela e goberno dos distintos territorios despois do falecemento do seu irmán Fernando González, feito que debeu acontecer moi probabelmente no ano 1165. Aínda así, hai que sinalar que as referencias sobre a súa persoa non son excesivamente abundantes. Nesa data de 1165, Gómez González cedía ao igual que a súa irmá Urraca nesa doazón conxunta efectuada a favor de San Martiño de Xuvia as súas herdades e servos nas terras de Trasancos, coñecéndose a localización dos mesmos: a herdade de Santa Cecilia, próxima a Serantes<sup>55</sup>. Desde esta data non se volve a ter ningunha outra noticia en canto á súa condición de propietario na zona eumesa até o ano 1196, momento no cal doaba ao mosteiro de Caaveiro a súa herdade na Silva, situada en Santa María de Neda<sup>56</sup>. Sábese que Gómez González casou con Elvira Pérez, de quen tivo seis fillos: Rodrigo, Urraca, Sancha, María, Fernando e Velasco, cos que a parentela se interinou no século XIII.

Das relacións do conde Fernando Pérez coa raíña Tareixa de Portugal naceron catro fillas: Sancha -esposa do conde Alvaro Rodríguez de Sarria-, Tareixa, outra Sancha, e Urraca. De todas elas só se ten información para esta segunda metade do século XII sobre as dúas primeiras. No que

53. "*Igitur ego Comes Fernandus (...) facio testamentum pro remedio anime mee et omnium parentum meorum ac Regis domni Fernandi, ad Sancta Mariam de Montefero et omnibus fratribus Deo ibi servientibus, de una heremita videlicet Sancti Isidori de prucis. Dono igitur atque concedo dic tam heremitam cum omnibus ad se pertinentibus hereditatibus, tam ex parte regia quam ex mea ad supradictum Monasterium de Montefero ac fratribus tam presentibus quam etiam futuris, ut habeant eam et possideant iure hereditario*". O documento de doazón foi obxecto dunha ampla análise por parte de J. L. López Sangil, quen puido constatar como foi o conde Fernando González, e non o seu avó Fernando Pérez, o artífice da dita concesión en Calobre. Comprobando deste modo que os datos achegados por parte do Códice de Monfero son erróneos, ao se afirmar en dito manuscrito que "*hizo donación de su iglesia con todo lo a ella anexo y con otras heredades d'este Monasterio de Monfero, el conde d. Fernando Pérez de Traba, hijo del conde Don Pedro de Traba*". Como pode observarse, o diploma de doazón está datado no ano 1163, momento no cal o conde Fernando xa finara, polo tanto, o único Fernando de quen podía tratarse, e que respondía a esa dignidade condal, non podía ser outro que o neto do mesmo. Vid. J. L. LÓPEZ SANGIL, "La fundación del monasterio de San Isidro de Calobre" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 107 (1995), pp. 11-24, vid. sobre todo p. 21-22; e *Historia del monasterio...*, pp. 24 e 216.

54. CDSMJ, doc. LXXV.

55. "*Ego Gomez Gundisaluit filius bone memoriae de comitis domini Gundisalui, (...) dono et ofero Monasterio Sancti Martini de Iuvia homines cum hereditatibus suis quos habeo in Trasancos, uidelicet Lux Eicat cum uxore sua Eluira et filiis et hereditate nominata Santa Cecilia in cauto prefati monasterii, et Veremundum Petri cum filiis et hereditate sua similiter in cauto et uilla de Santa Cecilie...*". CDSMJ, doc. LXXV.

56. "*Ego comite donno Gomez, proter remedium anime mee et parentum meorum, facio testamentum (...) de mea hereditate propria que habeo de abiorum et parentorum meorum; et est ipsa hereditate prenominata Silva, media de ipsa villa ab integro, intus et foris, cum quantum ad prestitum hominis est, et cum un homine prenominato Michaeli Pelagii et Maria Pelagii.*" TMC, I, doc. 120.

respecta a Sancha Fernández, a súa posición como propietaria na comarca queda testemuñada na doazón realizada ao mosteiro de Caaveiro no ano 1168; concretamente na aldea de Laraxe, onde cedía na data sinalada a metade da igrexa de San Mames<sup>57</sup>. No que respecta a Teresa Fernández, o seu protagonismo radicou ante todo polo seu matrimonio co conde castelán Nuño Pérez de Lara, e por ser nai dos condes Álvaro, Fernando e Gonzalo -tres dos máis destacados magnates casteláns durante o reinado de Afonso VIII de Castela-, así como da condesa Sancha. Hai que destacar a súa máis que probábel posición como facendada no territorio de Trasancos, e máis concretamente na localidade de Serantes. Non parece que existan referencias directas que corroboren este feito; porén, algúns documentos procedentes do segundo tomo de Sobrado amosan aos seus descendentes doando a este dominio cisterciense as súas propiedades no lugar, sen dúbida ningunha como consecuencia da transmisión hereditaria dos bens maternos<sup>58</sup>.

### c. O resto dos descendentes de Pedro Fróilaz

As referencias documentais sobre os outros fillos do conde Pedro Fróilaz, concernientes á súa posición como propietarios territoriais nesta zona do Eume, preséntanse en certo modo illadas en comparación coa uniformidade que podía observarse nos casos precedentes.

Tense constancia da presenza dun dos seus fillos, Froila Pérez, na *villa* de Belo -situada máis concretamente na parroquia de Boebre-, no territorio de Pruzos, como consecuencia da doazón realizada ao mosteiro de Caaveiro no ano 1103 por este último; sendo esta a única referencia documental conservada acerca deste personaxe nas terras da comarca<sup>59</sup>.

Xunto coa figura de Froila Pérez, debe facerse mención a unha das fillas do conde Pedro, Toda, quen no ano 1122, xunto co seu esposo o conde Gutierre Osorio, outorgaban a San Xoán de Caaveiro unha servicialía no territorio de Pruzos, concretamente na aldea de Ombre<sup>60</sup>. Do seu

57. “Unde ego comitissa domna Sancia, (...) do atque concedo et testamentum facio de media de ecclesia de Sancto Mameto de Laragia, que sita est in terra Bisaquis, secus flumen Eume, subtus monte Carivio, cum omni suo iure quam habet vel habere debet, per ubi eam potuerint cum iusticia invenire”. TMC, I, doc. 16.

58. As referencias son tardías, de comezos do século XIII, e poden sinalarse entre outros os seguintes documentos: -1203-XII-12. Doazón do conde Gonzalo Núñez das súas propiedades en Serantes: “Ego domnus Gundisalvus Nunonis (...) mitto in pignore quicquid habeo uel habere debeo ego et fratres mei in uilla que uocatur Sarantes in Trasanquos pro mille et CCC solidos...”. TMSM, II, doc. 364.

-1204-XI-11. Doazón de Sancha Núñez a Sobrado da súa herdade en Serantes, consérvanse dúas referencias, pero que probabelmente fagan alusión a un mesmo documento. “Ego comitissa domna Sancia facio cartam testamenti (...) de quinta parte uille que uocatur Sarantis in Trasancos, quam uidelicet, ego una cum filio meo Nuno Sancii uobis dono cum omnibus pertinentiis et directuris suis et omnibus qua ad uocem ipsius uille pertinent, tam intus quam foris, cum omnibus uillulis, pratis, pascuis, exitibus, terris cultis et incultis, sicuti ad me pertinent, ita uobis eam, ex integro...”. TMSM, II, docs. 366, 453.

-1208-VI-26. Pacto entre o conde Fernando Núñez e o mosteiro de Sobrado sobre as súas herdades en Serantes. TMSM, II, doc. 363.

59. “Ego Froyla Petriz et omnis vox mea facere decrevi textum scripture firmitatis de VIII<sup>a</sup> de villa de Bolio, qui est in territorio Prucius, concurrente ad ecclesiam Sancti Iacobi de Boevre.” TMC, II, doc. 193.

60. “Ego comes Guterre et uxor mea domna Toda, facimus cartulam testamenti de hereditate nostra propria que habemus in terra de Prucius, in Valle de Nugeyroso, secus flumen Eume, et est una servicialia in Anovre, et est una servicialia cum homines nominatos, Garcia et suos filios, cum omnia sua directura, cum quantum ad prestium homines est; et est ipsa servicialia discurrante ad ecclesiam Sancte Marie”. TMC, II, doc. 159.

matrimonio con Gutierre Osorio, Toda Pérez tivo dous fillos: Vela e Fernando. Con respecto ao primeiro de ambos fillos, sábese que era o mesmo Vela Gutiérrez que doaba a Caaveiro no ano 1142 a metade da igrexa de San Mamede de Laraxe, sendo este o único dato que se conserva sobre a súa posición como facendado na zona<sup>61</sup>. No que respecta ao seu irmán Fernando, non se conserva ningún tipo de información ao respecto.


A última das descendentes de Pedro Fróilaz sobre as que se conservou información para a área de análise foi Loba Pérez. As primeiras referencias sobre a mesma dátanse no ano 1134, cando compraba a Suero Díaz e á súa esposa unha serie de propiedades na localidade de Franza<sup>62</sup>. Igualmente, tamén é posíbel establecer a súa posición como facendado en Barbeita, lugar pertencente á aldea de Callobre, en función da doazón realizada no ano 1164 ao mosteiro de Santa María de Monfero, do cal esta última foi unha importante benfeitora, como o demostra a considerábel cantidade de bens outorgados en favor deste cenobio noutras áreas da xeografía galega. Esta doazón constitúe sen dúbida a única referencia conservada que aluda a esa posición como facendada nesta comarca<sup>63</sup>.

Estes personaxes constitúen os únicos membros restantes da parentela sobre os que se conservaron noticias concretas, e que permiten establecer, aínda que sexa de forma moi limitada, a súa posición como propietarios territoriais na área da comarca Eumesa. É certo que sobre outros descendentes do conde Pedro Fróilaz a documentación non subministra referencias sobre o seu posíbel patrimonio territorial nesta comarca, pero isto non debe ser óbice para negar de forma terminante unha situación que debeu ser unha realidade incuestionábel. É un feito evidente que a estrutura hereditaria imperante na lexislación desa época, cunha clara supremacía dos sistemas cognaticios e bilaterais, pon de relevo a partición do patrimonio entre todo o conxunto dos herdeiros, sen distinción de idade o sexo, e sen que a primoxenitura fose un elemento que puidese ter certo grao de superioridade por riba do resto dos compoñentes da parentela. De aí que sexa factíbel presuporner que outros fillos e fillas do conde Pedro Fróilaz, puideron tamén ter as súas correspondentes porcións e herdades nos territorios do Eume, do mesmo modo que se observa para o resto dos seus consanguíneos.

61. *“Ego Vela Guterriz et omnis vox mea, ob remedium anime mee et parentum meorum (...) do et offero predicto loco sancto et vobis medietatem ipsius ecclesie de Sancto Mameto de Laragia cum omnibus directuris et pertinentiis suis, ut habeatis illam et possideatis pacifice et quiete tam vos quam successores vestre evo perhenni et secula cuncta. Et est predicta ecclesia de Sancto Mameto sita in terra Bisauquis secus flumen subtus monte Carivio. Cum omni suo iure quam habet vel habere debet do eam ade monasterium predictum Sanctis Iohannis de Calavario...”. TMC, I, doc. 17.*

62. *“Ego Suarius Didaci una cum uxore mea Muelido Vistrarice et filiis nostris et uoce nostra uobis comitisse domne Lupe et filiis uestris et uoci uestris et uoci uestre, facimus cartam uendicionis de hereditate nostra propia que habemus de successione auiorum et parentorum nostrorum. In terra de Bisauquis in loco dito Francia uindimus uobis iii<sup>o</sup> intregan de ecclesia sancti Iacobi de Francia cum adiunctionibus suis et cum ipsa hereditate laycali de Francia (...) et accepimus de uobis precium beneplacitum cccllxxx solidos denariorum de medietate quos pacastis nobis in mulis et caballis,...”. CDSMJ, doc. XXXVII.*

63. Sobre a doazón destes bens en Callobre a Santa María de Monfero vid. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Historia del Monasterio...*, p. 181.



POSESIÓNS TERRITORIAIS DOS DESCENDENTES DO CONDE PEDRO FRÓILAZ. SÉCULO XII

1.Serantes. 2.Doniños. 3.Brión. 4.Caranza. 5.As Agras. 6.Anca. 7.Naraío. 8.Neda. 9.Silobre. 10.Franza. 11.Cervás. 12.Lubre. 13.Porto. 14.Laraxe. 15.Guitiriz. 16.Ombre. 17.Nogueirosa. 18.Vilar. 19.Boebre. 20.Carantoña. 21.Bemantes. 22.Callobre.

## B. A parentela de Rodrigo Fróilaz

De entre o conxunto dos descendentes de Froila Bermúdez, a figura de Rodrigo Fróilaz tamén se fai merecedora dun tratamento individual. Situada nun nivel inferior, pero inmediato ao seu irmán o conde Pedro, e malia non acadar nunca a dignidade condal, este magnate ocupou un lugar destacado no contexto global da parentela, consolidándose como tanto él como o conxunto dos seus descendentes, como grandes propietarios no conxunto das terras eumesas durante os anos finais do século XI e durante todo o século XII.

As primeiras noticias que se conservan sobre esa posición como propietario territorial na comarca datan do ano 1087, momento no cal Osorio Velázquez e o seu fillo Paio Osorio vendían a Rodrigo Fróilaz e á súa dona Guncina González, a parte que ambos tiñan na igrexa parroquial de Santa Mariña de Vilar, en Serantes, con todas as pertenzas e bens inmoables anexos a dita propie-

dade<sup>64</sup>. Dá a impresión de que Rodrigo Fróilaz levou ao cabo nos territorios do Eume unha importante política de adquisicións de bens inmobles durante toda esta época, xa que á venda sinalada de 1087, debe engadirse a herdade de Plantario nas terras de Bezoucos, máis concretamente en San Pedro de Cervás, parroquia de Ares, a cal adquiriu a Vermudo Consúniz no ano 1093<sup>65</sup>. A cambio desta propiedade, Rodrigo Fróilaz cedía en usufruto a igrexa de San Andrés de Brión, propiedade que debía ser devolta ao seo da parentela deste magnate, unha vez que Vermudo Consúniz falecese<sup>66</sup>. Ademais destas propiedades nos lugares sinalados, Rodrigo Fróilaz aparecía tamén como facendado na aldea de Carantón, en función da doazón efectuada ao mosteiro de Caaveiro no ano 1096, onde outorgaba unha herdade cos seus correspondentes servos<sup>67</sup>.

Xa nos inicios do século XII, a documentación conservada volve a incidir na figura de Rodrigo Fróilaz. O Tombo de Caaveiro recolle un total de tres escrituras de doazón outorgadas por parte deste magnate e da súa esposa Guncina González entre os anos 1104 e 1117. Nas mesmas pode observarse o amplo volume de posesións territoriais que ambos cónxuxes cederon a este dominio monástico ao longo de todos eses anos. Concretamente, no documento de 1104, alúdese ás herdades que ambos cónxuxes tiñan nos territorios de Bezoucos e Trasancos. No que respecta ao primeiro destes territorios, o documento alude en concreto a certo vilar de Bezoucos, cedendo dita herdade co seu respectivo vasalo; a súa parte correspondente na igrexa de Santiago, sobre a que non especifica a súa localización concreta, pero que a tenor de posteriores informacións pode presupoñerse que se trataba de Santiago de Barallobre; a terceira parte da súa herdade en Castro de Perlió; outra terceira parte da súa herdade en Foras, localizada probablemente no termo de San Estevo de Perlió; a súa *portion* íntegra no casal de Odoario; e a parte correspondente na igrexa de Santiago de Franza. Xa nos territorios de Trasancos, o documento mencionaba as súa posesións en Avina, termo cuxa localización non pode precisarse<sup>68</sup>.

64. “*Ego Osorio Ulasquiz una cum filio meo Pelagio Osoriz, uobis domino Roderico Froylat et uxor uestra Guncina Gundisaluit, (...) placuit nobis ut faceremus uobis cartulam uenditionis, (...) de hereditate nostra propria que abuimus de susceptione auolorum uel parentum nostrorum, nominata illa de ecclesia de sancta Marina de Uillar, iiii<sup>a</sup> íntegra, et alia iiii<sup>a</sup> uenit in porcione de fratre meo Suario Velasquiz, et de alia mediam uendimus uobis quinta media que abuimus de propria nostra comparatione que emimus de Eldara Menendiz pro suo bono talento et nostro pretio empto, est ipsa ecclesia in urbe Gallieciae, territorio Trasnacos ripa flumen Iuuie, subtus Castro de Uillar (...) Damus uobis in illa casas copertas uel decopertas, petras mobiles uel immobiles, quintanales, ortales, pumares, cerdeiras, nogares, castinares, terras cultas uel inculatas, pratis, pascuus, paludibus, exitus uel regresus (...) et adeo accepimus de uobis precium per complacentia nostra i<sup>o</sup> caballo colore roseo obtimo et i<sup>o</sup> pelle bona et quod nobis bene complacuit...”. CDSMJ, doc. X.*

65. “*Ego Veremundus Consuniz et omnis uox mea uobis domino Ruderico prolix Froyle et uoci uestre facio kartam uenditionis de hereditate mea propria quae habeo in terra Baisaquis in uilla nuncupata Plantario, et est in concurrencia ecclesie sancti Petri de Cervaes prope litore maris subtus monte de Nandi, do uobis atque concedo ipsam hereditatem cum omnibus directuris suis intus et extra ubi inuenire potueris per suos terminos et diuisiones antiquas omnem meam directuram predictae hereditatis...”. CDSMJ, doc. XII.*

66. “*...pro qua datis uos mihi ecclesiam sancti Andree de Brion que est in terra Trasanquis in ripa Iuuie tali pacto ut ego morer et possideam dum uita uicxero et mihi placuerit et ad obitum meum relinquua uobis ecclesiam uestram liberam et pagatam uobis et uoci uestram...”. CDSMJ, doc. XII.*

67. “*Ego Roderico Froylaz et uxor mea donna Guncina facere decrevimus testamentum scripture de homines et de hereditate quos habemus in Carantonia, et sunt ipsos homines pernominatos Fernando et filios suos et proenie sue (...) Damus eos cum ipsa hereditate in quo illis sunt demorantes ut seruiant predicto monasterio cun illa, sicut seruiunt nobis, ...”. TMC, II, doc. 205.*

68. “*Ego donnus Rodericus Froyle, una cum uxore mea donna Guncina Gundisalviz et filiis et filiabus meis (...) damus nos uobis et concedimus nostras hereditates ad ipsum locum prefati Sancti Iohanni de Kalavarii. Id sunt nominatas: villare de Baisaquis íntegro cum homine uno; et in illa ecclesia Sancti Iacobi mea porcione íntegra; villa de illo castro de Perlió, III<sup>a</sup> íntegra; et de illa hereditate de Foras, III<sup>a</sup> íntegra; de casa de Odoario, mea porcione íntegra; in illa ecclesia de Sancti*



Posteriormente, no ano 1107, tense constancia do segundo destes diplomas<sup>69</sup>. Nunha nova doazón ao mesmo centro monástico por parte dos anteriores outorgantes, aludíase ás anteriores herdades de Bezoucos que xa foran obxecto de entrega na doazón anterior, ademais doutras que eran cedidas ao dominio dos monxes de Caaveiro nestes momentos. Esas novas propiedades localizábanse en Maniños, onde Rodrigo Fróilaz cedía a súa porción na igrexa de San Salvador, así como outra servicialía neste mesmo termo<sup>70</sup>. Toda esta doazón tivo ao parecer o seu correspondente documento de corroboración datado dez anos despois, en 1117, en cuxa exposición, e malia que non se especifique en absoluto que se trata dunha confirmación da doazón anterior, vanse outorgar os mesmos bens que os que se especifican no diploma precedente<sup>71</sup>.

En todos os documentos alúdese a que os bens que eran obxecto de concesión por parte deste magnate e da súa esposa Guncina, foron adquiridos por parte dos donantes, como consecuencia da permuta realizada con Rodrigo Peláez e a súa esposa Ximena Fróilaz, a quen outorgaron a cambio as herdades que estes membros da parentela dos Fróilaz posuían nas localidades de Andrade, Ansimunde -lugar pertencente a Bemantes-, e na aldea de Barveita, situada nos termos de Callobre<sup>72</sup>. O certo é que sorprende o feito de que existan tres documentos de doazón practicamente idénticos nun intervalo de trece anos. A primeira vista, sería factíbel pensar en que á doazón de 1104, Rodrigo Fróilaz puido engadir os bens no lugar de Maniños, confirmando á súa vez a anterior doazón realizada tres anos atrás. Do mesmo modo, a escritura de 1117, ben podería tratarse dunha confirmación definitiva das anteriores. É unha hipótese viábel, e que non tería a priori ningún impedimento para admitila como tal. Agora ben, é certo que non parece haber datos sospeitosos no que respecta á datación dos documentos, é correcta en todos eles; sen embargo, o feito de que se aluda de forma continuada, unha e outra vez, aos bens outorgados, e que aparezan confirmando os mesmos personaxes -moitos deles vasallos de Rodrigo Fróilaz, e membros dos sectores inferiores da aristocracia da comarca-, nas tres escrituras, tamén pode levar a presupor a hipótese de que existise algún tipo de manipulación por parte daqueles que procederon á redacción do

*Iacobi de Francia, de illa III<sup>a</sup> mea porcione integra; in terra de Trasancos, in Avina, quantum ibi habemus, intus et foris, et discurrente ad ecclesiam Sancti Iohannis de Ismaeli.* TMC, I, doc. 99.

69. Con respecto á súa datación, J. L. López Sangil afirma que a súa data debería retroaerse. As razóns esgrimidas por este autor radican na alusión cara á figura do conde Raimundo de Borgoña, cando segundo el, aquel que chegou a ser conde de Galicia xa debía ter falecido para esa data de principios de agosto de 1107. J. L. LÓPEZ SANGIL, *La nobleza...*, p. 43. Non obstante, hai que concretar que existen probas concretas que poden ser determinantes para aceptar como válida a data do documento de 5 de agosto de 1107. Outros diplomas da época, localizados noutras áreas do reino, amosan aínda a presenza deste magnate franco en momentos posteriores á mesma. Non hai porque dubidar do falecemento do conde neste ano de 1107, pero non cabe dúbida de que o dito evento debeu suceder en momentos posteriores á redacción desta escritura de Caaveiro.

70. *“Ego Rudericus Froylaz, una cum uxore mea Guncina Gundisalvi et filiis nostris, donavimus atque concedimus ad ecclesiam Sancti Iohannis de Calavario nostras hereditates pro remedium animarum nostrarum et parentum nostrorum; et sunt istas hereditates ecclesiasticas et laicales territorio Bisquis, scilicet: in ecclesia Sancti Iacobi de Baralouvre, et in ecclesia Sancti Salvatoris de Maninus, nostra portione integra; et ibi in ipsa villa de Maninus, una servicialia que tenet Pelagio Suerii; et in ecclesia Sancti Iacobi de Francia, III<sup>a</sup> nostra portione integra. De villa de Castro de Perlio, nostra portione integra, id est, III<sup>a</sup>, et de illa hereditate de Foris, III<sup>a</sup> integra. De casa de Odorarius nostra porcione integra. Et Villar de Besauquos, que de vulgo dicitur de Collo, totum integrum per suis terminis et locis antiquis, intus et foris, cum quantum ad prestium hominis est”.* TMC, I, doc. 29.

71. TMC, I, doc. 83.

72. *“Et istas hereditates ganavimus eas et comcambiavimus cum Rudericus Pelaiz et cum Exemena Froyla, et dedimus alias nostras hereditates pro illas, id est, sunt nominatas villa que iacet in Andrade, et alia in Ansemunde, villa de Barveita.”* TMC, I, 29.

Tombo de Caaveiro, para xustificar deste modo posibles dereitos de propiedade sobre os bens obxecto de cesión. O certo é que ambas hipóteses son factíbeis, pero non é posíbel determinar tal como sería desexábel e coa exactitude requirida a completa validez das mesmas. Do que non cabe dúbida é que eses documentos presupoñen unha proba irrefutábel para observar o patrimonio territorial de Rodrigo Fróilaz nos lugares mencionados.

Ao igual que pode observarse nos territorios de Trasancos e Bezoucos, tamén se localizan bens territoriais pertencentes a Rodrigo Fróilaz nas terras de Pruzos. Foi no ano 1110 cando este magnate doaba ao mosteiro de Caaveiro a súa correspondente *portion* na igrexa de Santa María de Castro, localizada no dito territorio<sup>73</sup>. Ao parecer, esta igrexa outorgárase a Rodrigo Fróilaz -polo menos esa é a impresión que pode tirarse da exposición documental-, por parte dun dos seus vasallos: Afonso González, quen á súa vez accedera a dita propiedade, tanto por parte da súa nai, como do seu sobriño Froila Ataniz, quen a permutara pola parte que lle correspondía no templo de San Estevo de Eirís<sup>74</sup>.

A documentación existente continúa mostrando outras posesións deste personaxe nos territorios eumeses. No ano 1114 tiña lugar unha das máis importantes doazóns efectuadas por este personaxe ao mosteiro de San Martiño de Xuvia. En función desta escritura, Rodrigo Fróilaz outorgaba a este cenobio todo un conxunto de servos e propiedades distribuídas polos tres territorios da comarca. Na área de Trasancos cedía media parte na igrexa de San Xurxo de Meirás, na área costeira de Valdoviño; as súas propiedades laicas e eclesiásticas en Brión; un vilar en Papoi, termo localizado en San Pedro de Marancón; a súa herdade e un dos seus vasallos solarengos en Pentonizos; a súa herdade en Naraío xunto co seu vasallo Alvito e os seus familiares; e os seus servos en San Xurxo, lugar que pode ser identificado como San Xurxo de Trasancos<sup>75</sup>. Nos territorios de Bezoucos, a cuarta parte da igrexa de Santa María de Neda; a súa *portion* na igrexa de Santiago de Franza; as súas herdades en Chanteiro, aldea pertencente a Cervás; e a sétima parte do vilar de Collo, termo que pode suscitar problema en canto á súa identificación<sup>76</sup>. Por último, nos territorios de Pruzos aludíase ao casal habitado neses momentos por certo Paio, e que tamén presenta problemas puntuais no que respecta á súa identificación<sup>77</sup>.

73. “*Ego Rudericus Froylaz, una cum uxore mea Guncina Gundisalviz (...) facimus (...) cartam testamenti de III<sup>o</sup> de ecclesia Sancte Marie de Castro, que est in terra de Prucius...*”. TMC, II, doc. 197.

74. “*...et habuimus illam III<sup>o</sup> de ipsa ecclesia de ganancia de Alfonso Gundisalviz et ipse Adefonsus habuit de illas III<sup>o</sup>, duas partes de matris sue, III<sup>o</sup> vero partem habuit de suo suprino Froyla Ataniz, propter suam partem quam dedit ei in ecclesia Sancti Stephani de Herenes.*” TMC, II, doc. 197.

75. “*Ego Rudericus Froile, dono et offero Deo et ecclesie Sancti Martini de Iuuia (...) de ecclesia Sancti Georgii de Marianis media et in eadem uilla i seruicialiam; (...) et omnem meam directuram de Brion tan ecclesiastica quam de laycali cum directuris et omnibus suis bonis. Villam unam in Paponi cum un seruitialem (...) In Pentonices meam portionem et hereditate de Gundisalho Telliz et ipsam Gundisalho ibi do cum generatione sua. (...) omnia de hereditate de Narayo cum homine Aluuto et uxore et filiis (...) in sancto Georgio in terra de Trasancos Ero Enuadici cum sua hereditate et filiis. Et Ordonium Pelayci et medios de suis filiis cum hereditate.*” CDSMJ, doc. XXIII.

76. “*...de ecclesia sancte Maria de Neda iiii<sup>o</sup> integram et mediam (...) de monasterio Sancti Iacobi de Francia meam portionem integram cum bonis suis, (...) Hereditas meas de (...) Canteiro (...) in terra Bisauquis de uillar de Collo vii<sup>o</sup> integram...*”. CDSMJ, doc. XXIII. No que atinxe a este lugar de Collo en terras de Bezoucos, hai que precisar que podía tratarse de Coido, localizado na parroquia de Santa Eulalia de Limodre, no concello de Fene, pero sen que poida precisarse co suficiente grao de veracidade que sería desexábel, polo que deben manterse as correspondentes reservas ao respecto.

77. “*...In terra Prucios, in Obre, casal de Joazino cum homine Pelagio, qui ibi sedet cum muliere et filiis...*”. CDSMJ, doc. XXIII. A lectura do documento pode plantear unha dobre posibilidade no que respecta á localización exacta do termo. Por

A todas esas localidades hai que engadir os seus bens en Priorio e Reparada, no territorio de Trasancos, e moi probablemente situados na área de Serantes, aos cales aluden en numerosas ocasións os documentos conservados a través do Tumbo de Sobrado. É posíbel precisar que a posición de Rodrigo Fróilaz nos mesmos debeu de ser unha realidade tanxíbel, xa que eran precisamente os seus netos quen facían mención ás herdades que tiñan en ambos termos "*ex parte aui nostri Ruderici Froyle*"<sup>78</sup>.

Como xa se ten sinalado, Rodrigo Fróilaz casou con Guncina González, quen aparecía na maior parte das ocasións realizando este conxunto de doazóns aos dos grandes dominios monásticos da comarca, pero á que tamén é factíbel observar actuando en solitario nalgúns dos documentos conservados. No ano 1114 tiña lugar o acto de profiliación realizado por parte de Guntrodo Egoniz cara a Guncina González, e polo cal doaba a súa *portion* íntegra na igrexa de San Salvador de Maniños, así como outras herdades localizadas nesta mesma aldea, as cales, ao parecer, pertencían ao seu esposo Torestem Leulfiz<sup>79</sup>. Herdades en Maniños, que á súa vez foron cedidas por parte de Guncina González a Caaveiro no ano 1117 en concepto de doazón<sup>80</sup>.

Da súa unión matrimonial con Guncina González, Rodrigo Fróilaz tivo catro fillos: Menendo, Gonzalo, Froila e Aldena. No que respecta ao primeiro deles, Menendo Rodríguez, hai que sinalar que se ten información sobre o mesmo en función da doazón efectuada a San Xoán de Caaveiro no ano 1133 xunto coa súa nai, e pola cal facía entrega de certos bens en Bezoucos, os cales ao parecer eran obxecto de doazón con motivo da súa marcha á Terra Santa. Unha escritura que puido ser redactada no momento do falecemento do seu padre, aínda que é moi probábel que o documento presente problemas de datación, de aí que deba ser manexado con reservas no concernente á súa data. Ditas propiedades localizábanse no vilar de Collo, parte do cal xa fora cedido por parte de Rodrigo Fróilaz ao mosteiro de Xuvia no ano 1114, e onde se aludía precisamente a un dos seus dependentes, Vermudo Gutiérrez, así como nas igrexas de Santiago de Barallobre e San Salvador de Maniños, das cales daban os seus correspondentes portines<sup>81</sup>. Xunto coa doazón rea-

unha parte, é probábel que estea facendo alusión á aldea de Obre, lugar próximo á vila de Betanzos, pero que tamén quedaba integrada dentro dos límites sudoccidentais do territorio de Pruzos, delimitado polo curso do Mandeo. Por outra parte, tamén é factíbel pensar que estivese a facer alusión á aldea de Ombre, lugar vinculado á parentela dos Fróilaz. Ambas suposicións poden ter o seu respectivo grao de veracidade, e polo tanto non son descartábeis en ningún sentido.

78. TMSM, I, doc. 493.

79. "*Ego Guntrade Eioniz, vobis domina mea Guncina Gundisalviz facio vobis cartulam perfiliacionis de mea hereditate propria que habeo de avolorum et parentorum meorum in ecclesia Sancti Salvatoris de Maninos, mea porcione integra, sive et de alia hereditate in ipsa villa de Maninus, que habeo de viro meo Torestem Leulfiz, unde ego habui meos filios, et post mortem suam tenui eam in iure meo multo tempore quieto.*" TMC, I, doc. 88.

80. "*Ego Guncina Gundisalviz (...) dono atque concedo (...) hereditatem mean quam habeo de ganancia de Gontrode Eyonit, pro bene que feci ei in vita sua (...) et est ipsa hereditate territorio Bisaquis, villa que vocitant Maninus, et est de ipsa ecclesia Sancti Salvatoris sua porcione integra, que habuit de abiorum suorum, et alios quiniones de suos germanos...*" TMC, I, doc. 85.

81. "*...ego donna Guncina Gundisalviz, una cum filio meo Menendus Ruderici, et ego iamdictus Menendus Ruderici, volens pergere ad Iherosoliman in simul cum genitrice mea predicta, (...) Damus itaque et offerimus (...) nostras proprias hereditates quas habemus et habere debemus de abulorum et parentum nostrorum, sive de ganancia quomodo de comparatione, videlicet Vilar de Besoucos, que vocitant de Collo, integro, cum uno homine nominato Veremudus Guterriz cum uxore sua et filiis eorum, que iam antea dederat predicto monasterio pater meus domnus Rudericus Froylaz, et ego hinc et deinceps ita concedo; et de ecclesia Sancti Iacobi de Baralobre et de ecclesia Sancti Salvatoris de Maninos nostras ibi damus integras portiones, quantum pater meus predictus cum genitrice mea iamdicta in istes duabus ecclesiis habebant vel adquisierunt.*" TMC, I, doc. 30.

lizada a este cenobio do Eume, hai que facer mención á que efectuó no ano 1137 ao mosteiro de Xuvia, tamén xunto a su madre Guncina. Pola mesma, Menendo Rodríguez cedía diversas herdades en Trasancos e en Bezoucos. No que respecta ao primeiro de ambos territorios, faise alusión á cuarta parte da igrexa de Santa María de Souto, lugar que probabelmente debía pertencer á aldea de Doniños, e que sen dúbida debe tratarse do mesmo Souto, onde a súa nai Guncina González ía ceder tamén certa herdade. Xunto con estes bens en Trasancos, Menendo Rodríguez outorgaba na área de Bezoucos, a súa *portion* na igrexa de San Martiño de Ares, e a súa herdade en Barallobre<sup>82</sup>. Pola súa parte, a súa nai outorgaba tamén a metade da súa herdade en Barallobre; outra herdade íntegra no lugar de Souto, en Doniños, así como outra en Santa Uxía de Mandiá, lugar localizado nas proximidades de Serantes, as cales estaban en mans desta última en función de distintas operacións de compravenda<sup>83</sup>.

Non se sabe con quen casou Menendo Rodríguez, pero pódese precisar cando menos o nome dos seus descendentes: Suero, Rodrigo, Vimara, Vermudo, Martín, Pedro, Paio, Froila e Gonzalo. As noticias proceden sobre todo da figura do seu primoxénito Suero Menéndez e do seu irmán Vermudo. No que respecta ao primeiro, é posíbel establecer a súa categoría e posición como propietario nos territorios de Bezoucos e Trasancos. Os seus bens en ambos territorios documéntense a través da doazón realizada ao mosteiro de Xuvia no ano 1162. No que respecta á primeira de ambas demarcacións, poden sinalarse ás súas posesións en Boado, lugar pertencente á parroquia de Santiago de Franza, e en Casadelos, nas proximidades de Neda. Xa na zona de Trasancos, alúdese á aldea de Lamas, localidade que pode identificarse como Lama de Pielas, cercana a Naraío<sup>84</sup>. Pouco despois, en 1165, Suero Menéndez outorgaba ao mosteiro de Sobrado a súa herdade en Priorio e Reparada, herdade que ao parecer recibira como consecuencia do reparto da herdanza paterna, xa que se alude no documento a unha anterior presenza de Rodrigo Fróilaz nas mesmas<sup>85</sup>. Nesa mesma data en que se producía a entrega dos ditos bens a sobrado, Suero Menéndez redactaba unha segunda escritura, pola cal non só corroboraba a anterior cesión, senón que tamén estipulaba que se algún dos membros das parentelas dos seus tíos Gonzalo ou Froila Rodríguez, exixían a Sobrado as herdades doadas, eles deberían indemnizar a este cenobio con outras que no seu

82. "*Iccirco ego Melendus Ruderici filius Ruderici Froilaz et Guncine Gundisalui (...) in territorio Prucios meam porcionem integram (...) et quarta de ecclesia de Santa Maria de Sauto et meam porcionem ecclesie Sancti Martini de Aares et meam porcionem de Varaloure...*". CDSMJ, doc. XXXIX.

83. "*...ego Guncina Gundisalui (...) cartulam testamenti huic superius nominato monasterio sancti Martini de meis gananciis quas cum predicto viro meo ganavi in eadem terra, in uilla Uaraloure meam medietatem integram et in Duniis in loco qui uocatur Sauto illam hereditatem que ganauimus de Melendo Foinci que est mea integra et de hereditate de Santa Eugenia que ganauimus de Vela Ouequiz meam medietatem integram...*". CDSMJ, doc. XXXIX.

84. "*Ego Suerius Melendi (...) facere kartulam testamenti scripturam firmitatis (...) propter remedium anime mee et patris me domini Menendi et omnium amicorum meorum sicuti in presenti facio de hereditatibus meis nominatis pert terminos de Ponte de Eume usque ade flumen de Conido. Scilicet in Uoado meam portionem integram et hereditatem de Casadelos et sunt iii seruicialias cum senara et cum hominibus qui sunt de ipsa hereditate, (...) in Semozas de Trasanquis quantum ibi habeo de hereditate et de homines extra Pelacia de Lamas*". CDSMJ, doc. LVIII.

85. "*...ego Suarius Menendi facio scriptum testamenti firmissimum in perpetuum ualiturum (...) de hereditate mea cum omni iure suo quam habeo ex parte patris mei, et est in terra Trasancus in cognitis locis, uidelicet Priorio integro excepto illo casale de Mandiane et in Reparadi omne ius quod habui auus meus Rudericus Froyle, ubi eum inueneritis extra decimam partem ex ea quam uendiuit quidam filius patris mei Gundisalui Ruderici comiti domno Gundisaluo,...*". TMSM, I, docs. 490, 618. Xunto con ambas escrituras procedentes do Tombo de Sobrado dos Monxes, existe outro documento, datado tamén nese mesmo ano de 1165, e polo cal, Suero Menéndez tamén entregaba a este dominio monástico aquelas: "*hereditaribus meis quas habeo in Galletia (...) in Trasancos loco nominato Priorio cum tota voce sua per ubicunque vadit*". M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 132, n. 25.

momento foran entregadas a estes últimos por parte de Suero Menéndez. En función desta escritura, pode establecerse que este personaxe tamén estaba facendado en Piñario, lugar próximo a Naraío<sup>86</sup>; así como en Doniños, Souto, Serantes, e posibelmente en San Xurxo de Trasancos<sup>87</sup>.

Con respecto á parentela de Suero Menéndez, o único que pode concretarse é a existencia dun único descendente, Pedro Suárez; quen aparecía no ano 1163, e outorgando en concepto de doazón a San Martiño de Xuvia, os seus bens na igrexa de Santa María a maior e no mosteiro de Naraío<sup>88</sup>.

Xunto con Suero Menéndez, hai que facer referencia igualmente á figura do seu irmán Vermudo. A información que se posúe sobre o mesmo sitúa como facendado nas terras de Trasancos, máis concretamente no espazo comprendido entre Prior e Brión, zona de influencia territorial da parentela. A través das noticias procedentes do Tombo primeiro do mosteiro de Sobrado, tense constancia da doazón realizada no ano 1200, e pola cal pode establecerse a presenza de Vermudo Menéndez en Leixa, cando xunto coa súa esposa Eldara Fróilaz, cedía a este cenobio a súa herdade nesta aldea, así como nos termos de Reparada, Prior e Covas<sup>89</sup>. Unha doazón que debeu realizarse pouco antes do seu falecemento, xa que no mesmo Tombo deste cenobio cisterciense tense constancia doutra noticia que pode ser datada nos inicios do século XIII, cando os fillos tidos do seu matrimonio con Eldara Fróilaz: Juan, Fernando, García e Pedro, outorgaban a Santa María de Sobrado diversas posesións nos termos de Leixa e Reparada<sup>90</sup>.

Sobre o segundo dos fillos de Rodrigo Fróilaz, Gonzalo Rodríguez, non se ten información sobre a súa posición como propietario nas terras do Eume, pero é posíbel establecer que a mesma debeu de ser unha realidade factíbel, sobre todo en función das noticias transmitidas polos descendentes do seu matrimonio con dona Berenguela: Urraca, García, Fernando, Elvira, Gómez, Gonzalo e Rodrigo. Sábese que no ano 1165, dous deles, Gómez e Urraca, facían referencia ás herdades e servos que ambos conxéneros tiñan en Santa Cecilia, lugar localizado na área de Serantes, pero non é posíbel precisar se outros campesiños dependentes dos doadores que aparecían nesta

86. “*Si autem aliquando uenerit aliquis de parte patrum mei Gundisaluis Roderici ade requierendum partem istarum hereditatum reintegret uobis illam hereditatem meam Sancti Martini de Latronibus, uillam nominatam Pinario cum XII casalibus (...) quam pectauit pater eorum quanto predidit eum Fernandus Iohannis*”. TMSM, I, doc. 601.

87. “*Et se da parte Froyle Roderici patrum mei aliquis uenerit uos inquietare pro istis hereditatibus quas ego uobis dedi sciatu pro certo quod ipse habuit suam portionem in Sancto Romano de Dominus cum suis directuris, Soutu et Fontano et uilla Sendar et uilla Amir et Riu similiter et Sanctum Georgium et mediam ecclesiam de Sarantes...*”. TMSM, I, doc. 601.

88. “*Ego Petrus Suariz (...) In primis mando corpus meum seperire in monasterio sancti Martini de Iuuia. Et mando corpus ibi mecum omne meum quoniam de ecclesia sancte Marie Maior que est in Trasanquos. Et de monasterio de Narayo tam lalyaly quam de ecclesiastica totum meum directum*”. CDSMJ, doc. LXV.

89. “*Ego domnus Oremudus Menendi et uxor mea domna Eldara Froyle et omnis uox nostra, uobis domno Bernardo monasterii Sancte Marie de Superaddi abbati (...) offerimus Deo et uobis omnem hereditatem nostram cum suis directuris et bonis quantam habemus in terra deTrasanquis in uilla scilicet que dicitur Leixa, que est in concurrentia Sancti Petri de Leixa et comparauimus eam de Roderico Pelagii et Fernando Pelagii fratribus et etiam de omni nostra hereditate cum suis pertinentiis quantam habemus in Reparadi de nostra scilicet auolentia, cum quantam habemus in Priorio et in Couas cum omnibus suis directuris preter uocem ecclesie Sancti Martini de Couas*”. TMSM, I, doc. 561.

90. “*Anutiamus uobis omnem hereditatem de Leixa quam comparauerunt pater noster et mater nostra et hereditatem de Reparade quantam ibi habuit pater noster uel habere debuit ex illa aspera de Ymahelle usque ad mare excepto ecclesiam de Couis, et pro hoc annuntio quod uobis annuntiamus relinquitis nobis hereditatem de Lodeiro...*”. TMSM, I, doc. 562.

escritura se situaban tamén nesta mesma aldea, ou se pola contra os seus casais estaban noutras localidades do territorio. Unha problemática difícil de discernir, xa que tamén se alude, e de forma xenérica, a aqueles "*homines cum hereditatibus suis quos habeos in Trasancos*"<sup>91</sup>.

Posteriormente no ano 1169, outros dous fillos seus, Elvira e Gonzalo González, doaban ao mosteiro de Santa María de Sobrado as herdades que tiñan en Trasancos, e máis concretamente nos lugares de Priorio e de Reparada, especificando que as mesmas estaban no seu poder como consecuencia do reparto da herdanza paterna, xa que en datas anteriores pertenceran ao seu avó Rodrigo Fróilaz<sup>92</sup>.

Por último, a documentación de Sobrado achega datos sobre a figura de Fernando González, tamén nesas dúas localidades de Priorio e Reparadi en función da doazón realizada a este dominio monástico no ano 1169<sup>93</sup>.




91. CDSMJ, doc. LXXV.

92. "...ego Elvira Gundisalui cum omnibus liberis meis uel uoce, et ego Gundisaluus Gundisalui et omnis uox mea (...) facimus cartam firmissimam in perpetum ualituram de nostra hereditate propria quam habemus ex parte aui nostri Ruderici Froyle. Et est in terra de Trasancus uidelicet Priorius et Reparadi cum omnibus directuris suis...". TMSM, I, 493.

93. "...ego Fernandus Gundisalui et omnis uox mea (...) facio cartam donationis (...) de hereditate propria quam habeo de successione habitorum et parentum meorum et est ipsa hereditate in territorio Trasancus pernominata Priorio et Reparadi...". TMSM, I, doc. 491.

O grupo aristocrático dos Fróilaz nas terras do Eume.  
Implantación territorial e estrutura do dominio durante os séculos XI e XII



LOCALIZACIÓN DO DOMINIO TERRITORIAL DE RODRIGO FRÓILAZ E OS SEUS DESCENDENTES. SÉCULOS XI-XII: 1.Meirás. 2.Prior. 3.Covas. 4.Reparada. 5.Marmancón. 6.Mandiá 7.Leixa. 8.Serantes. 9.Doniños. 10.Brión. 11.Santa María de Neda. 12.Naraío. 13.Neda. 14.Perlío. 15.Baralobre. 16.Maniños. 17.Franza. 18.Mugardos. 19.Cervás. 20.Ares. 21.Andrade. 22.Castro. 23.Carantoña. 24.Bemantes. 25.Calobre.

### C. O resto dos membros do grupo. As filas de Froila Vermúdez

Analizadas as que poden considerarse como as dúas ramas principais nas que se bifurcou a parentela de Froila Vermúdez, a investigación debe orientarse cara ao conxunto das fillas deste magnate: Visclavara, Munia e Hermesinda. Foron precisamente as dúas primeiras quen aparecen nas fontes desenvolvendo unha forte actividade como propietarias dentro das terras da comarca; en moita menor medida que os seus outros irmáns, por suposto, mais sen que isto deba desdeñar en absoluto o protagonismo mantido polas mesmas durante os anos finais do século XI e a primeira metade do XII. Sobre a figura de Hermesinda Fróilaz, os datos conservados sobre esa máis que factíbel posición como propietaria na zona son inexistentes.

A primeira das fillas de Froila Vermúdez, Visclavara Fróilaz, aparecía xa nalgúns diplomas mostrando un patrimonio territorial nada desdeñábel nas terras eumesas. As primeiras noticias que

se posúen sobre a súa condición como propietaria territorial datan do ano 1098, momento no cal doaba ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro a metade da igrexa de San Xurxo de Magalofes en Boimir<sup>94</sup>.

Desde esa data até o ano 1114, non se volven a ter noticias de Visclavara Fróilaz. Foi precisamente neses momentos cando aparecía doando a San Martiño de Xuvia -onde moi probablemente profesaba como relixiosa-, unha importante doazón de varias igrexas e herdades nas terras de Trasancos e Bezoucos. No primeiro dos territorios mencionados, Visclavara Fróilaz cedía a metade da súa igrexa de San Salvador de Serantes, así como as herdades e os dereitos sobre os servos que esta última tiña en dita localidade; a cuarta parte na igrexa de Santa María de Neda; a igrexa de San Lorenzo de Doso, en Narón; a oitava parte de San Mamede de Athenos, termo que pode ser identificado co actual Atio, na zona costeira de Valdoviño; e a terceira parte da igrexa de Santa Eulalia de Aviño. No referente á zona de Bezoucos, a doadora outorgaba a súa igrexa de San Vicente de Regoela, en Fene, na súa integridade<sup>95</sup>.

Pero a maior información procede da figura de Munia Fróilaz, cuxo volume patrimonial era a priori aparentemente maior que o da súa irmá, tal como se observa nas doazóns realizadas en favor dos mosteiros de Xuvia e Pedroso. Sábese que estaba casada con Paio Menéndez, quen debeu de finar en datas anteriores ao ano 1110, momento no cal Munia Fróilaz se titulaba xa como *Deo devota*, poñendo de manifesto que xa neses momentos a filla de Froila Vermúdez abrazara a vida relixiosa. Da súa unión matrimonial con este personaxe parece que tivo varios descendentes, pero soamente se coñece o nome dunha das súas fillas: Marina Peláez, quen ao igual que a súa nai, tamén seguiu o camiño da espiritualidade monástica<sup>96</sup>.

Os primeiros datos que se posúen sobre a mesma datan do ano 1111, momento no cal procedía á fundación do mosteiro de San Salvador de Pedroso, sito no territorio de Trasancos. Munia Fróilaz dotou xenerosamente a este cenobio no momento da súa fundación, cun volume de propiedades inmoebles que pode cualificarse como verdadeiramente considerábel. O mosteiro foi edificado na herdade que esta última doou para tal efecto, unha herdade ou *villa* en Pedroso, chamada Vineola, a cal pertencera xa ao seu avó o conde Vermudo, e que neses momentos estaba no seu poder como consecuencia da división da herdanza paterna entre todos os membros da súa parentela<sup>97</sup>.

94. “*Ego Visclavara, prolix Foyla, (...) concedo (...) ecclesiam nostram propriam que evenit mihi de successione abiorum vel parentorum meorum, medietatem integram, per ubicumque potueritis invenire per suis terminis et locis antiquis; et est ipsa ecclesia vocabula Santi Georgii, iuxta castrum de Boimiri, in terra Magalofes,...*”. TMC, I, doc. 122.

95. “*Ego Visclavara Froile ancillarum Dei ancilla, elegi de paupertatibus meis offerre Deo et sancti Martini de luvia monasterio ob remedium anime mee et parentorum meorum (...) in terra Trasancos aeclesia sancti Saluatoris de Serantes, media, et in concurrencia eiusdem aeclesie omnes hereditates et homines quos habeo uel habere debeo; de ecclesia sancte Marie de Neda; iiii. Ecclesia sancti Laurencii de Dorso post mortem archidiaconi domini Gondisalvi de Petroso concedo ibi totam. De ecclesia sancti Mametis de Atenos viii integram. De ecclesia sancti Eulalie de Aviño iii, cum ipsis meis hominibus et hereditate laycali qua in concurrentia eisdem ecclesie est. In terra Bisauquis aeccliam totam de Sancto Vicentio de Reguela post mortem capellani mei Johannis Petri*”. CDSMJ, doc. XXII.

96. Sobre a figura de Munia Fróilaz vid. a análise realizada en maior profundidade por E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, pp. 19-23.

97. “*...eto Munia, Deo devota, domni Froile et domne Lucie filia, (...) offerro (...) hereditatem meam de Petroso, proprio vocabulo dicta Vineolam, est sita territorio Trasancos, secus flumem Jubie, sub Monte Acuto, ubi cepi edificare ecclesiam in nomine Saluatoris Domini nostri Iesu Christi (...) venit enim mihi supradicta villa de successione Comitum domni Vermudi, abi mei, et ceçidit mihi in divisionem inter meos germanos...*”. Ibidem, doc. 1.



Agora ben, o documento fundacional non só se refire á propiedade que quedaba destinada á edificación deste mosteiro. A súa lectura permite constatar como Munia Fróilaz dotaba con maior amplitude, e de forma verdadeiramente xenerosa, á nova comunidade monástica que a partir deses momentos se asentaba nese lugar. A maior parte dos bens doados por esta última localizábase no territorio de Trasancos; en concreto, o documento alude entre outros á metade da súa vila de Ferrol e á vila de Canito, ambas cedidas cos seus respectivos vasalos; en Placente, a herdade que adquirira na mesma; a *villa* de Anca; os seus dereitos na *villa* de Merdarios, en Neda; en Santo, a herdade que foi de Vermudo Ordóñez e de Elvira e María Xuáris cos seus correspondentes dereitos; en Santa María de Neda, a cuarta parte da súa herdade, exceptuando a igrexa de Santa María; a cuarta parte do mosteiro de Narón<sup>98</sup>; a igrexa de San Clemente íntegra; a *villa* de Berenon; a *villa* de Clauselam; a igrexa de San Mamede de Athenos; os seus dereitos en Narón; a *villa* de Palacios; a igrexa de Santiago de Marnela, así como a súa parte na aldea e o seu vilar de Coba de Loira; a igrexa de San Xíao de Lamas; a súa parte na igrexa de San Lorenzo de Doso, e a metade desta *villa*; o vilar de Cerdarias e a cuarta parte de monte Ancos<sup>99</sup>.

Xunto con todas estas propiedades en Trasancos, hai que sinalar que Munia Fróilaz tamén cedeu parte dos seus bens en Bezoucos ao novo dominio monástico. Entre os mesmos, outorgaba a metade da igrexa de San Xoán de Pinario, así como a metade íntegra da vila na que se localizaba, e dos agros localizados na metade restante. Neste mesmo lugar, tamén cedía a súa parte da igrexa de San Salvador; en Maniños entregaba dúas servicialías; e en Meas, a metade da igrexa de San Vicente<sup>100</sup>. Por último, hai que facer alusión á terra de Taboada na ribeira de Miño, xa nas terras de Pruzos<sup>101</sup>.

Pouco tempo despois da fundación do mosteiro de San Salvador de Pedroso, en 1114, Munia Fróilaz procedía a efectuar unha ampla doazón a San Martiño de Xuvia de varias herdades e igrexas nas terras da comarca. Entre os bens obxecto de doazón, alúdese á cuarta parte da igrexa de Santa María de Neda, así como a outros bens localizados precisamente nesta área, concretamente entre a ponte de Xuvia e Neda. Munia Fróilaz cedía tamén a súa oitava parte de San Xíao de Narón, e das propiedades anexas arredor deste templo; e a *villa* de Esteiro, posibelmente algun-

98. Probabelmente se trate do mesmo cenobio que aparece nas páxinas da Historia Compostelana baixo a advocación de San Xulián, e cuxo prelado Juan prometía obediencia á sé episcopal de Santiago, cumprindo deste modo as ordes pontificias nas disputas mantidas entre as dióceses de Santiago e Mondoñedo. H. C., I, XXV, p. 142.

99. “*Concedo ibi medietatem de mea Villa de Ferrol et suos homines et Villam de Canito et suos homines et ganancias quas ibi ganabi. Et in Pracenti hereditatem de ganancia (...) In terra de Trasancos, villam de Anca, tam hereditatem quam creationem. In Neda, meam directuram de villa Merdarios; in Sancto, hereditatem quae fuit Vermundi Ordonis et Ieloire Xuares et de Maria Xuaris, cum suis directuris, de villa dicta de Vineis, in Neda, quarta integra de tota hereditate que iacet inter pontem et pontem, excepta ecclesiam Sancte Mariae, de monasterio de Naron, quarta cum omni sua directura; ecclesiam Sancti Clementis integram; villam de Berenon cum suo directo, villam Clauselam per suos antiquos terminos, ecclesiam sancti Mametis de Atheos cum sua directura. Meam directuram de villa Naron, iam dicta; villam integram de Palacios; ecclesiam Sancti Iacobi de Marnela cum sua directura et villam laicalem cum suo villare de Coba de Loira; ecclesiam integram Sancti Iuliani de Lamas et quartam de Palaciis (...) Ecclesiam Sancti Laurenti de Doso meam integram et medietatem de ipsa uilla laicale, cum omnibus suis pertinentiis et totum integrum vilare de Cerdarias, cum omnibus suis directuris, et quartam integram de monte Ancos, que iacet inter flume Jubie, discurrente usque ad mare...*”. E. CAL PARDO, *El Monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1.

100. “*In terra de Besanos, de ecclesia Sancti Iohannis de Pinario, medietatem cum suis directuris, et sic de villa laicale et de alia medietate duos agros (...) In Pinarios mediam octavam quam emi; de Ecclesia Sancti Salvadoris, meam portionem. In villa Manios, duas serviçialias. (...) de ecclesia Sancti Vicentii de Meos, medietate*”. *Ibidem.*, doc. 1.

101. “*In Ripa de Minno, terra quae dicitur Tabulan, cum omnis suis directuris; ...*”. *Ibidem.*, doc. 1.

ha vila-explotación, o casal illado, anexo á localidade de Ferrol, e que posteriormente pasou a formar parte desta última-, e unha *villa* en Perlio<sup>102</sup>.

Foi nesa mesma data de 1114, cando Munia Fróilaz se desprendía doutros bens terreaes, esta vez en favor do mosteiro de Caaveiro. No documento alúdense a propiedades localizadas no territorio de Bezoucos, concretamente na aldea de Maniños, onde tamén debeu ceder a súa parte na igrexa de San Salvador, malia que no documento non se especifique coa claridade desexada; e nas terras de Pruzos, onde se fai referencia á *villa* de Briancha, próxima a Doroña<sup>103</sup>.

## ESTRUTURA DO DOMINIO TERRITORIAL. FORMACIÓN E TIPOLOXÍA

A análise prosopográfica e xenealóxica das distintas ramas nas que se subdividía a parentela dos Fróilaz, permitiu observar cales eran aqueles lugares da comarca onde se localizaban as distintas propiedades que configuraron o dominio territorial deste grupo aristocrático. Agora ben, o estudo deste tipo de estruturas de poder da aristocracia laica quedaría incompleto se se cinguise de maneira exclusiva a unha simple enumeración daquelas aldeas, onde era posíbel constatar esa presenza como propietarios dos distintos membros da parentela. Constitúe por suposto a base imprescindíbel de calquera estudo, pero non a única. É necesario analizar tamén ese dominio territorial desde ópticas distintas, establecendo os distintos parámetros utilizados no seu proceso de formación; determinando a súa tipoloxía; precisando as súas características internas; e observando o desenvolvemento do mesmo ao longo de todo o período plenomedieval.

O punto de partida debe situarse nos distintos procesos de formación do dominio, o que permite observar como os grupos aristocráticos foron accedendo á propiedade da terra mediante procedementos de distinta e variada índole. Unha vez establecidos os condicionantes que conduciron á constitución deses dominios territoriais, debe precisarse a tipoloxía dos mesmos. Á hora de observar a implantación territorial da parentela, podía constatar como a documentación facía referencia non só a aqueles lugares nos cales estes personaxes tiñan bens patrimoniais, senón que tamén aludía ás distintas unidades que configuraban os mesmos. Indistintamente falábase de terras, viñedos, casais, igrexas, herdades ou *villas*, entre outros elementos. Para abordar a súa análise, a metodoloxía que pode ter un carácter máis viábel é a proposta no seu momento por parte de J. A. Pérez Celada, quen consolidou unha serie de pautas para o estudo dos espazos do señorío, perfectamente aplicábeis ao estudo de calquera dominio, tanto laico coma eclesiástico<sup>104</sup>. Este autor pro-

102. "*Ego cliens hac indigna Monia, deo uota (...) hereditates prenominatas iiii<sup>a</sup> de ecclesia de sancta Maria de Neda, et iiii<sup>a</sup> de quanta hereditate iacet inter ponte de luvia et de Neda, sicut uenit ad me in porcione inter meos iermanos cum mea criacione qui ibi inuenerint, (...) Alia hereditate do et similiter offerro, ide est viii<sup>a</sup> de sancto Iuliano de Naron, et viii<sup>a</sup> de quanta hereditate iacet in sua concurrentia quanta ibi inuenerint de Santo Iuliano, sceptis in i uilla de Villaster, ubi habeo iiii<sup>a</sup> et mando illa i<sup>a</sup> pariter cum ipsa alia uilla de Exteiro integra cum omnia sua bona. Una uilla de Peririlio, unde iam dedit ibi alia media mea germana domina Hermesenda pro anima sua*". CDSMJ, doc. XXI.

103. "...*ego Munia Froylaz (...) do et dono et offerro atque concedo (...) meam hereditatem que habeo et habere debeo in terra de Bisoquis, secus flumen luvie, villa nuncupata Maninus cum ipsa ecclesia Sancti Salvatoris, ecclesiastica hereditate atque laycacia, cum quantum ad prestium hominis est. Et alia mea hereditate que habeo in terra de Prucios, uidelicet, de villa que vocitant Briancha, medietatem integran, discurrante ad aulam Sancte Marie de Doroña*". TMC, I, doc. 91.

104. J. A. PÉREZ CELADA, *El monasterio de San Zoilo de Carrión. Formación, estructura y decurso histórico de un señorío castellano-leonés (siglos XI al XVI)*, Burgos, 1997, pp. 129-236.

pón a integración das distintas unidades en dous grupos concretos, distinguindo por unha parte as unidades básicas, ou o que é o mesmo, aqueles bens máis elementais, perfectamente identificábeis, "y que por sí solos carecen de virtualidades para configurar en su conjunto un gran dominio feudal reconocible y coherente"; e as unidades de articulación, onde quedarían localizadas as primeiras, "dándoles una cohesión que, desde el punto de vista de la gestión patrimonial y, lo que es aún más relevante, de los derechos que se sustentan precisamente en tal aglutinación, no tendrían sin la existencia de estas unidades más amplias"<sup>105</sup>. Deste modo, obsérvase como unha metodoloxía utilizada de forma novidosa para o estudo dos dominios eclesiásticos, non parece susceptíbel de poder ser empregada tamén na análise dos dominios dos aristócratas laicos.

## 1. A FORMACIÓN DO DOMINIO TERRITORIAL

Son varias as vías que poden establecerse para proceder á análise da formación dun dominio territorial por parte dos grupos aristocráticos. Trátase dunha temática que ten sido obxecto de estudo por parte da historiografía en máis dunha ocasión. Primeiro por parte de C. Carle para o conxunto global do reino leonés, a cal, nun estudo que xa pode considerarse clásico sobre as distintas parentelas aristocráticas do século XI, propoñía como vías para a formación destes dominios: as presuras ou movementos repoboadores, as compras, as doazóns rexias ou de particulares, a práctica do renovo, o desempeño de cargos públicos, a presión exercida por parte dos membros da aristocracia sobre os sectores campesiños que formaban parte da primitiva comunidade de aldea, así como as prácticas de herdanza<sup>106</sup>. Posteriormente, foi M. I. Cazorlio de Rossi quen aplicou unha metodoloxía quasi similar para o caso concreto da aristocracia galega. As causas ás que alude para a consolidación desa gran propiedade non distaban das propostas no seu momento por C. Carlé, polo que pode considerarse un estudo análogo, pero centrado con maior detemento nas grandes parentelas e dominios existentes na Galicia dos séculos X e XI<sup>107</sup>.

Agora ben, cando o obxectivo se centra nunha área xeográfica máis concreta e determinada, hai que sinalar que non é posíbel na maior parte das ocasións facer referencia concreta a todos estes factores na súa globalidade. Nalgúns casos, ben por as propias características do territorio, ben por falta de información directa ao respecto, non é factíbel establecer unha visión concreta sobre determinadas cuestións, debendo limitar as posibilidades en función dos datos conservados; anque non por isto deba descartarse de forma tallante, a utilización dalgunhas destas vías á hora de establecer a configuración dun determinado dominio territorial.

No que respecta ao grupo aristocrático dos Fróilaz e as súas posesións nos territorios da comarca do Eume, hai que sinalar que as fontes inciden sobre todo en aspectos en concretos á hora de concretar esa formación do dominio, sobre todo nesas adquisicións realizadas por parte dalgúns membros destacados da parentela, posibelmente como consecuencia dunha forte presión dos pode-

105. *Ibidem*, p. 129.

106. C. CARLÉ, "Gran propiedad y grandes propietarios" en *Cuadernos de Historia de España, LVII-LVIII (1973)*, pp. 1-224, para esta temática vid. sobre todo pp. 23-64 (en adiante C. CARLÉ, *Gran propiedad*).

107. M. I. CAZORLIO DE ROSSI, "La gran propiedad laica gallega en el siglo XI" en *Cuadernos de Historia de España, LXV-LXVI (1981)*, pp. 59-112. (en adiante M. I. CAZORLIO DE ROSSI, *La gran propiedad*).

rosos sobre as comunidades campesiñas, e en menor medida pola profiliación e as doazóns rexias, ás que debe engadirse tamén o exercicio do dominio señorial nos distintos territorios da comarca, e que estivo polo xeral en mans dos membros desta parentela. Non é factíbel falar de presuras, primeiro pola situación xeográfica da comarca, localizada nas terras setentrionais da Galicia occidental, e como xa é sabido, as presuras documentadas nesta rexión déronse sobre todo nas comarcas situadas máis ao sur. É posíbel que en determinados momentos se puidese acceder á ocupación de terras ermas, tanto por parte dos grandes magnates como por parte dos sectores campesiños, pero debeu tratarse de casos illados, que debían obedecer máis ben a ese proceso de expansión económica e demográfica, que trouxo consigo a labranza de zonas boscosas para a súa conversión en terras de labor, e que non quedaron recollidas na documentación. En segundo lugar, e en clara conexión con esto último, hai que constatar que a época na cal se consolidou de forma definitiva a parentela dos Fróilaz, entre finais do século XI e as décadas iniciais do XII, a ocupación da terra por medio destas prácticas era xa só unha reminiscencia do pasado, máxime sobre todo nas comarcas galegas<sup>108</sup>.

Aínda así, e malia posíbeis deficiencias que poden observarse no conxunto da documentación, é factíbel establecer un panorama bastante satisfactorio, e que permite observar coa suficiente nitidez, como a parentela dos Fróilaz estableceu as súas coordenadas de poder na zona do baixo Eume; sobre todo en base a unha serie de aspectos sobre os que si quedaron constancia nas fontes conservadas para eses séculos XI e XII.

## 1.1 OPERACIÓNS DE COMPRAVENDA E GANANCIAS

En función dos datos que se conservan, dá a impresión de que debeu tratarse dunha das fórmulas máis utilizadas por parte dos grupos aristocráticos, para incrementar na medida do posíbel o seu patrimonio territorial. En moitas ocasións, é posíbel establecer como os membros da aristocracia incrementaron os seus dominios como consecuencia das distintas transaccións realizadas, ben co conxunto dos poderes superiores da sociedade, ben cos membros dos grupos do campesiñado. Con respecto a estes últimos, é obrigatorio sinalar que na maioría dos casos estas adquisicións puideron ter un claro carácter coercitivo, e que podían incluírse dentro dun apartado diferente, e relacionado coa presión dos señores laicos sobre o conxunto do campesiñado medieval, como consecuencia directa da dinámica e dos procesos de formación e consolidación das estruturas feudais. Agora ben, o feito de que se tratase dunha operación de compravenda, e que podía ter quedado recollida or escrito ante testigos e confirmantes, levaba consigo un claro compoñente de legalidade que en ocasións non deixa entrever con claridade a existencia dunha medida de forza ou posíbel presión dos poderosos sobre os sectores menos podentes da sociedade<sup>109</sup>.

108. M. C. Pallares e E. Portela admiten que a actividade presora “no reviste en Galicia el carácter pionero y fundacional que, desde el punto de vista de la ocupación del espacio, tuvo en las semidespobladas tierras de la meseta del Duero; es más bien, el reajuste ocasionado por el asentamiento de un nuevo dominio político en los territorios ya habitados con anterioridad”; destacando sobre todo dúas épocas concretas, a segunda metade do século VIII, e as últimas décadas do século IX, e en dúas áreas perfectamente definidas, as terras da Galicia nororiental e os espazos comprendidos entre o Miño e o Doiro. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *Galicia Historia. II. Galicia en la época medieval*, A Coruña, 1991, p. 91 (en diante M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA: *Galicia Historia. II*).

109. A violencia dos poderosos e os conflitos desatados pola posesión da terra e dos homes supuxo un feito constatado ao longo

Poden ser varias as opcións a ter en conta á hora de proceder á análise deste factor, xa que as distintas adquisicións levadas ao cabo por parte de determinados membros da aristocracia obedeceron a unha serie de causas concretas. O feito de que os grupos aristocráticos tivesen unha maior porcentaxe e número de terras determinaba tamén que posuían excedentes agrarios nunha maior contía. Nunha economía como a medieval, fundamentalmente agrícola, e sometida ás constantes fluctuacións dos ciclos agrarios e ás condicións climáticas, podía dar lugar a que en épocas de malas colleitas, os membros do campesiñado se visen obrigados a solicitar dos poderes superiores parte dos seus excedentes de gran, non só para a subsistencia diaria, senón tamén para a próxima sementeira. Nestes casos, podía falarse mesmo dunha práctica habitual destes séculos medievais, e sobre a cal, a documentación conservada para as terras do Eume non teñen deixado constancia: o renovo. Esta consistía na cesión dunha determinada cantidade de gran para a alimentación e cultivo dos campesiños que a solicitasen, e pola cal os señores pedían a cambio, non só a súa devolución íntegra, senón tamén un alto interese en concepto de demora. A falta de pagamento da débeda e dos intereses contraídos, obrigaban en numerosas ocasións ao endebedamento do campesiñado libre, o cal se viu obrigado a desprenderse das súas propiedades inmóbiles en función das débedas contraídas cos poderosos, despois de haber recorrido a estes últimos para intentar salvar unha situación de escaseza ou subsistencia. Épocas de fame, alteracións climáticas, situacións de gorra ou de conflitos por perigos -ben fosen externos, como os que poden observarse nas costas da fachada atlántica con incursións normandas e almorávides, ben internos, coa conseguinte inestabilidade social debida ao enfrontamento dos poderes feudais-, constituíron factores determinantes para que o campesiñado se vise abocado a solicitar a axuda destes últimos, coa conseguinte perda dos seus bens<sup>110</sup>.

Hai que sinalar que xunto coas compras propiamente ditas, moitas escrituras utilizaban certa acepción lingüística: *ganatum*. Malia que nun primeiro momento se dera ao termo un significado concreto de ben material, o certo é que o contexto no que se localiza este vocábulo dentro das fontes tamén leva a supor que é posíbel establecer para o mesmo un sentido diferente, aceptando a posibilidade de que puidese tratarse tamén de propiedades inmóbiles<sup>111</sup>. Eses bens gañados podían responder a causas distintas, como esas presións xa aludidas, levadas ao cabo sobre o conxunto do campesiñado; por profiliacións; en función de posíbeis permutas de bens realizadas con outros membros dos poderes superiores; e incluso de doazóns realizadas no seu propio beneficio; pero tamén aquelas propiedades que recaeran en mans dos grandes magnates laicos, como consecuencia das compras levadas ao cabo por parte destes últimos. Algúns documentos conservados amosan claramente certa distinción naquelas cuestións referentes á orixe de determinadas propie-

de toda esta época. Violencia que non só afectou ao conxunto dos sectores campesiños, senón tamén a outros poderes superiores da sociedade, como podían ser os dominios eclesiásticos. Neste caso, cabe recordar que este foi o principal motivo da doazón levada ao cabo polo conde Gómez González a Caaveiro no ano 1196. Na exposición de motivos do documento, este magnate sinalaba que coa cesión das súas propiedades na Silva, intentaba reparar os danos cometidos a este dominio monástico, tanto polo seu vasalo Lope Núñez, "*et hoc facio ob remedium anime mee et parentum meorum et pro male que ibi feci quando intravit Lupus Nuniz in monasterium Sancti Iohannis*", como por el mesmo, "*et ego fui post illum et feci ibi multa mala quod non debueram facere*". TMC, I, doc. 120.

110. Como ben afirma M. I. Cazorlio "el valor del préstamo debía sobrepasar rápidamente el de la tierra. Por ello, el deudor prefería entregarla a cambio del rescate de su deuda, o bien debía hacerlo por no tener otro bien de mayor valor que ella". M. I. CAZORLIO DE ROSSI, *La gran propiedad...*, p. 84.

111. *Ibidem*. p. 88.

dades baixo a formulación, "*sive de ganancia quomodo de comparatione*"<sup>112</sup>; pero o certo é que noutros, non parece establecerse coa nitidez que sería necesaria dita distinción, podendo chegar a equipararse de forma indistinta os termos compra e ganancia. Do mesmo xeito, tamén cómpre sinalar que en ocasións esa ganancia aparecía de forma directa como sinónimo de compra, sen que se denote unha distinción establecida no referente ao significado de ambos vocábulos<sup>113</sup>.

A documentación conservada para as terras da comarca Eumesa permite constatar un elevado numero de referencias sobre a adquisición de bens por parte dos membros da parentela os Fróilaz, en función desas actividades de compra de propiedades, o que denota un forte incremento do patrimonio deste grupo aristocrático ao longo de todo ese período comprendido entre os séculos XI ao XIII; sen obviar, por suposto, que esta xa debía ter sido unha práctica habitual por parte dos mesmos desde épocas precedentes.

Tense noticias de adquisicións territoriais levadas ao cabo polos membros deste grupo aristocrático en función destas prácticas desde a época do conde Pedro Fróilaz, e moi posibelmente, malia que non existan datos concretos sobre isto, pode afirmarse que tamén debeu ser un costume habitual levada ao cabo polos antecesores deste magnate. No ano 1108, Pedro Fróilaz cedía a Caaveiro a cuarta parte da igrexa de Santa María de Taboada, a cal ao parecer e segundo se constata na escritura, "*habemus de comparatione de Cid Ausemendit*". Anos máis tarde, en 1125, novamente se facía referencia a outros bens pertencentes a este personaxe. Neste caso, tratábase da súa *portion* na igrexa de Santa María de Castro, a cal segundo se especifica na escritura de Caaveiro, "*ganamus de Arias Gundisalviz*", pero sen establecer de maneira concreta se a posesión dos mesmos respondía tamén a unha posíbel venda por parte deste último<sup>114</sup>.

A adquisición de propiedades por parte dos membros da parentela dos condes de Trastámara debeu ser unha constante que aconteceu durante todo este período. Se se observaba como o conde Pedro Fróilaz incrementara o seu patrimonio territorial en función desa serie de adquisicións, as noticias que se conservaran con respecto aos seus descendentes amosan aínda con maior nitidez o desenvolvemento continuado destes costumes adquisitorios. Concretamente, tense noticias das transaccións realizadas por tres dos seus descendentes ao longo da segunda metade do século XII. O conde Fernando Pérez facía alusión no ano 1132 a unha serie de propiedades localizadas na aldea de Franza, e que neses momentos eran cedidas ao mosteiro de San Martiño de Xuvia. Ao parecer, as ditas propiedades pertenceran con anterioridade a Suero Díaz, sendo obxecto de ganancia por parte deste magnate<sup>115</sup>. No ano 1135, novamente se ten referencias sobre outras propiedades do conde Fernando Pérez, esta vez na aldea de Doniños, as cales comprara a Ximena Longa<sup>116</sup>. As últimas referencias dátanse no ano 1154, cando cedía a Caaveiro as súas herdades en

112. TMC, I, doc. 30.

113. Obsérvase por exemplo nun dos documentos do conde Fernando Pérez datado no ano 1135, cando este último cedía a San Martiño de Xuvia aqueles bens "*quae ganauí (...) pro meo precio*". CDSMJ, doc. XXXVIII.

114. TMC, II, docs. 148, 198.

115. "... *et de illa hereditate legaria que ganauimus de Sudario Didat, ...*". CDSMJ, doc. XXXV.

116. "...*quae ganauí de Exemena Longa pro meo precio, ...*". CDSMJ, doc. XXXVIII.

Carantoña, adquiridas a certo personaxe que respondía ao nome de Munio, pai de Paio Muñoz, o cal ao parecer fora meiriño do conde. O documento alude a que Fernando Pérez adquiriu a dita herdade, "*adquisivi eam*", pero sen establecer con suficiente claridade se respondía a unha posíbel compra da mesma<sup>117</sup>. As adquisicións na comarca do Eume continuaron por parte dos seus descendentes, neste caso polo seu fillo Gonzalo Fernández, quen no ano 1160 cedía a San Martiño de Xuvia aquela herdade na aldea de Casadelos "*quam comparavi de Roderico Gondisalui*"<sup>118</sup>.

Ao igual que se observa no caso do conde Fernando Pérez, tamén o seu irmán Vermudo incrementou o seu patrimonio territorial en función de posíbeis operacións deste tipo, levadas ao cabo por parte deste magnate con distintos terceiros. De feito, o documento de San Martiño de Xuvia datado en 1159, permite constatar as adquisicións que levou ao cabo na aldea de Piñeiro, onde aludía a certa herdade que "*ganavi de hominie meo Petro Infanzon*"<sup>119</sup>.

As últimas referencias proceden da figura da condesa Loba Pérez, quen no ano 1134 compraba unha serie de herdades na aldea de Franza a Soro Díaz, sen dúbida o mesmo personaxe que dous anos antes vendera xa ao seu irmán o conde Fernando outros bens nesta mesma localidade<sup>120</sup>.

Do mesmo xeito, outra das ramas da parentela, neste caso a de Rodrigo Fróilaz, realizou unha importante tarefa de adquisición de bens territoriais a través deste tipo de prácticas. Foi no ano 1087 cando se ten constancia daquela "*cartulam uenditionis*", realizada por Osorio Velázquez e polo seu fillo Paio Osorio, da parte que lles correspondía na igrexa de Santa María de Villar en favor de Rodrigo Fróilaz<sup>121</sup>. Posteriormente, no 1093, adquiriu as propiedades de Vermudo Consúniz na aldea de Plantario<sup>122</sup>. Tamén se ten constancia dunha nova referencia no ano 1137, esta vez por parte da súa dona Guncina González, a cal aludía nunha doazón realizada a prol do mosteiro de Xuvia aos bens situados en Bezoucos e Trasancos que, "*cum predicto viro meo ganavi in eadem terra*"; pero máis concretamente, sinala aquela "*hereditatem que ganavimus de Melendo Foinci*" na aldea de Santa Uxía. Neste caso, é moi probábel que fose tamén a través da compra, ou modo polo ditas propiedades chegaron a poder de ambos cónxuxes<sup>123</sup>.

Agora ben, convén sinalar que a idea xeral que parece predominar en todo este entramado é que os grandes magnates laicos adquiriron este tipo de propiedades aos membros dun campesiñado, que se viu obrigado a desprenderse das súas terras e herdades en función desa serie de causas xa sinaladas. Pero o certo é que non só foron os sectores campesiños quen venderon parte ou a totalidade do seu patrimonio aos grupos magnaticios da aristocracia. Algunhas escrituras permiten constatar como diversos personaxes, que en función das súas características podían ser encadrados

117. "...hereditatem adquisivi eam de patre Pelagio Munniz, que fuit meo maiorimo...". TMC, II, doc. 191.

118. CDSMJ, doc. LV.

119. CDSMJ, doc. LIV.

120. CDSMJ, doc. XXXVII.

121. CDSMJ, doc. X.

122. CDSMJ, doc. XII.

123. CDSMJ, doc. XXXIX.

dentro deste sector aristocrático como membros das capas inferiores, tamén cederon parte dos seus bens a personaxes da aristocracia magnaticia, a través e por medio destas vías.

A documentación permite observar casos concretos, como aqueles bens cedidos en Carantoña por parte do conde Fernando Pérez ao cenobio de Caaveiro no ano 1154, os cales ao parecer pertencían a Munio, personaxe que debía manter unha forte dependencia vasalática con respecto a este magnate, ocupando o cargo de meiriño, probablemente nas terras de Pruzos<sup>124</sup>. Xunto con este último, hai que facer alusión a posíbeis compras realizadas por parte de Rodrigo Fróilaz a determinados personaxes, os cales, a teor dos datos achegados tamén podían estar integrados neses sectores inferiores da aristocracia. Un claro exemplo constitúeo Osorio Velázquez, personaxe a quen xa se ten feito alusión, e que no ano 1087 vendía a este magnate os seus bens en Vilar, aldea de Trasancos. En función das propiedades que eran obxecto de transacción, pode establecerse que Osorio Velázquez distaba de ser un simple membro do campesinado; o pago recibido en dita venda, "*iº caballo colore roseo obtino*" -un dos bens dos que facían continuamente gala os membros deste sector superior, e que moito menos tiña unha utilidade simplemente agrícola, senón que supoñía un obxecto de superioridade social, e útil por excelencia para a actividade guerreira-, así parece reflectilo<sup>125</sup>. Xunto coa figura de Osorio Velázquez, pode aludirse tamén á de Vermudo Consúñiz, quen vendía a Rodrigo Fróilaz a súa herdade en Trasancos. Neste caso, o pagamento pola dita cesión non se deu nin en numerario nin en bens en especie. Rodrigo Froilaz cedía como usufruto a igrexa de San Andrés, sita na localidade de Brión, a cal debía permanecer en mans de Osorio Velázquez durante o resto de vida, podendo gozar dos beneficios derivados da mesma<sup>126</sup>. Por último, e sempre en torno á figura de Rodrigo Fróilaz, hai que facer referencia ás adquisicións de bens realizadas por este último e a súa esposa Guncina González na aldea de Doniños, e que ao parecer pertencían a certo *Melendo Foinci*, personaxe que pode identificarse con aquel Melendo Fulíniz, membro da aristocracia local das terras do Eume<sup>127</sup>. Trátase dun personaxe vinculado fortemente á figura de Rodrigo Fróilaz, e que debeu estar integrado no conxunto dos membros da mensada feudal deste último, algo que pode deducirse en función das continuas confirmacións realizadas en varios documentos expedidos por este magnate entre os anos 1104 e 1117<sup>128</sup>. Ademais, a súa pertenza aos grupos inferiores da aristocracia tamén quedou perfectamente rexistrada nun documento de Caaveiro, no que confirmaba como "*Menendo Fuliniz miles*"<sup>129</sup>.

124. A documentación procedente na súa maior parte do mosteiro cisterciense de Santa María de Monfero, presenta os membros desta parentela como propietarios de certa envergadura na localidade de Carantoña, o que permite situar a estes personaxes dentro do contexto dos sectores inferiores da aristocracia da comarca, en función dos bens doados a este cenobio monástico. Tense constancia do nome de pai, certo Munio, pero sobre o cal é imposible concretar o seu patronímico, podendo establecer cando menos o nome dos seus respectivos descendentes: Pelayo, Munio, Rodrigo, Fernando e Elvira. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Historia del monasterio...* pp. 186-187

125. CDSMJ, doc. X.

126. "...*tali pacto ut ego morer et possideam dum in uita uixero et mihi placuerit et ad obitum meum relinqua uobis ecclesiam uestram liberam et pagatam uobis et uoci uestra*". CDSMJ, doc. XII.

127. CDSMJ doc. XXXIX.

128. TMC, I, docs. 99, 29, 83, 85. Menendo Fulíniz aparecía como un dos propietarios locais máis importantes nas terras de Pruzos, concretamente en aldeas como Sillobre ou Visuz. O seu fillo Gonzalo Menéndez foi continuador desa presenza neste territorio iniciada polo seu pai, constatándose a súa condición de propietario en Visuz e Eiris.

129. TMC, I, doc. 126.



Pero as compras realizadas por parte dos grandes magnates non só tiveron como protagonistas aos membros do campesinado ou dos sectores inferiores da aristocracia. Tamén é posíbel observar, aínda que en moito menor medida, iso si, transaccións de bens inmobles levadas ao cabo por parte dos membros dunha mesma parentela. É o caso que se observa no ano 1165 nos termos de Priorio e Reparadi, onde Suero Menéndez facía alusión a aquela *portion* que vendeu ao seu curmán Gonzalo González, un dos fillos de Gonzalo Rodríguez<sup>130</sup>.

Como pode observarse, os grandes magnates laicos, e neste caso os membros da parentela dos Fróilaz nese contexto territorial das terras do Eume, incrementaron de forma substancial os seus dominios territoriais en función das distintas compra-ventas, realizadas tanto ao conxunto do campesinado como a outros membros dos sectores da aristocracia. Todo un conxunto de propiedades cuxa tipoloxía, en función dos datos transmitidos polas fontes documentais, presentaba unha gran variedade, podendo precisarse que as ditas adquisicións podían incluír tanto bens de índole eclesiástica, coma de calquera outra clase de propiedades inmobles.

## 1.2 AS PERMUTAS TERRITORIAIS

A realización deste tipo de transaccións territoriais debíase sobre todo á procura dunha readaptación patrimonial entre dúas partes concretas, as cales se desprendían dunha serie de bens cuxa posesión resultaba menos valiosa para os seus intereses económicos e territoriais nalgúns casos, o que podía xerar unha maior problemática noutros, que aqueles que ían recibir. É moito máis que probable que o interese final perseguido á hora de proceder a desprenderse de diversos bens coa conseguinte adquisición doutros, estivese encamiñado sobre todo á procura dun patrimonio territorial máis compacto, e incrementar deste modo a súa posición naquelas comarcas nas cales a influencia dunha determinada parentela aristocrática fose maior.

As noticias conservadas para o grupo dos Fróilaz respecto ás terras eumesas non achegan excesivos datos sobre posíbeis permutas realizadas polos mesmos, aspecto que pode denotar -e incluso de forma errónea convén sinalar-, que non se tratou dunha práctica habitual realizada por parte dos membros desta parentela para incrementar ou recompoñer o patrimonio territorial. Do mesmo modo, en función dos escasos datos conservados, obsérvase como as mesmas podían darse nunha dobre dirección. Por unha parte co conxunto dos dominios eclesiásticos, como podía observarse no ano 1134, cando o conde Fernando Pérez incrementaba aínda máis o seu patrimonio territorial en Bezoucos, consecuencia directa da permuta realizada co arcebispo Xelmirez, o cal cedía as súas herdades en Lubre, Cervás, San Tirso e Santa Mariña, a cambio doutras que o conde de Trastamara tiña nos territorios do Tambre e do Ulla<sup>131</sup>. Neste caso, non pode falarse dun intento de consolidar ou recompoñer os bens territoriais, xa que tal como afirma a Historia Compostelana debíase ás discordias habidas entre ambos personaxes pola posesión de certos homes de criazón localizados nestas últimas, e que ao parecer estaban en mans do arcebispo de Santiago, reclaman-

130. "...decimam partem ex ea quam uendiuit quidam filius patruí mei Gundisalui Ruderici comiti domno Gundisaluo...". TMSM, I, doc. 490, 618.

131. H.C., III, XL, p. 567.

do o conde o dominio e os dereitos sobre os mesmos. Ao parecer, foi necesaria incluso a mediación do propio Afonso VII, a cal determinou a concordia entre ambos personaxes, cedendo a sé compostelá estes bens en Bezoucos, coa condición de que o conde Fernando Pérez non volvесе a reclamar o dominio sobre os ditos servos<sup>132</sup>.

Por outra, xunto con esas permutas territoriais realizadas cos poderes eclesiásticos, hai que facer referencia a outras que os membros desta parentela efectuaron con outros personaxes dos sectores aristocráticos. Cando no ano 1107, Rodrigo Fróilaz e a súa dona Guncina outorgaban a San Xoán de Caaveiro todo un conxunto de herdades, localizadas en varias localidades do territorio de Bezoucos, especificaban na escritura de doazón que as mesmas estaban no seu poder como consecuencia da permuta realizada anteriormente con Rodrigo Peléaz e Jimena Fróilaz, a cambio de toda unha serie de bens que Rodrigo Fróilaz e a súa dona tiña en Andrade, Ansimonde e Barveita<sup>133</sup>. Anos máis tarde, en 1135, tense noticias dunha nova permuta, esta vez por parte do conde Fernando Pérez, quen cedía a Juan Ovequiz diversas propiedades en Doniños, a cambio de dúas servicialías que este último tiña na área de Serantes<sup>134</sup>.

### 1.3 A PROFILIACIÓN

Tampouco se trata dunha práctica que poida observarse con profundidade dentro da documentación conservada para o territorio eumés durante os séculos XI e XII. O termo, que xa foi obxecto de estudo por parte dalgúns autores, supoñía en teoría un método integrado nun marco que podía cualificarse como estritamente familiar, onde determinados membros dunha parentela testaban os seus bens a outros familiares, e que co paso do tempo se converteu en medio utilizado por parte daqueles que non pertencían a un grupo familiar, para participar deste modo no reparto da herdanza. Pode afirmarse que pasou a ser un instrumento máis de presión empregado polo conxunto dos poderes superiores da sociedade para establecer unhas determinadas relacións de dependencia con respecto a outros individuos. Os membros dos grupos aristocráticos puideron deste modo acceder ao conxunto de propiedades daqueles que adoptaron este sistema de profiliación, converténdose o adoptado en señor do adoptante, e constituindo ao fin e ao cabo outra vía máis para incrementar as súas posesións territoriais a custa de terceiros<sup>135</sup>.

O feito de que existan tan poucas referencias por parte dos Fróilaz na comarca obxecto de estudo, pode levar de inmediato a pensar que a práctica da profiliación non foi unha medida común adoptada polos membros deste grupo aristocrático, polo menos iso é o que a primeira instancia

132. H.C., III, XXXVII, pp. 558-559.

133. TMC, I, doc. 29.

134. CDSMJ, doc. XXXVIII.

135. Sobre a profiliación en termos xerais vid. A. BARBERO y M. VIGIL, *La formación del feudalismo en la Península Ibérica*, Barcelona, 1978, pp. 380-394; L. GARCÍA DE VALDEAVELLANO, "La comunidad patrimonial de las familias en el derecho español medieval" en *Estudios Medievales de Derecho Privado*, Sevilla, 1977, pp. 295-321, vid. sobre todo p. 315; R. PASTOR, *Resistencia y luchas campesinas en la época de crecimiento y consolidación de la formación feudal. Castilla y León, siglos X-XIII*, Madrid, 1990, pp. 60-62 (en adiante R. PASTOR, *Resistencia y luchas...*). Para o caso concreto desta vía de adquisición de bens por parte da aristocracia galega vid. M. I. CAZORLIO DE ROSSI, *La gran propiedad...*, pp. 82-84.

pode deducirse dos escasos datos conservados. É posíbel que no fondo a profiliación non fose unha práctica utilizada con excesiva asiduidade por parte dos membros da aristocracia magnática; de feito, os distintos autores que incidiron sobre este tipo de cuestións insisten en sinalar que o seu uso foi máis propio dos grandes dominios monásticos. Porén, o feito de que se conserven referencias concretas sobre a mesma nos círculos aristocráticos leva a formular que o uso da profiliación deixou de ser unha fórmula utilizada tamén para o desenvolvemento dos patrimonios territoriais desta última.

Un caso concreto de profiliación, e o único do que se ten referencia para a parentela dos Fróilaz no ámbito xeográfico do baixo Eume, conséntase no ano 1114, foi realizada por Guntrodo Egoniz en beneficio de Guncina González, dona de Rodrigo Fróilaz, na aldea de Maniños. En función desa "*cartulam perfiliacionis*", Guncina González cedía a súa parte na igrexa de San Salvador deste mesmo lugar, así como outras herdades de carácter laico que pertenceran ao seu esposo<sup>136</sup>. Obsérvase, polo tanto, como en función desa adopción ou testamento, a dona de Rodrigo Fróilaz accedeu aos bens que pertenceran a Guntrodo Egoniz, doándoo á súa vez en pouco tempo despois ao mosteiro de Caaveiro, aludindo aos mesmos como "*ganancia de Guntrode Eyonit*"<sup>137</sup>.

## 1.4 AS DOAZÓNS REXIAS

A cesión de propiedades territoriais por parte da institución rexia con respecto aos grandes magnates laicos constituíu outra das vías utilizadas para a formación dos seus dominios territoriais. A entrega de ditas propiedades enmarcábase no ámbito das relacións de vasalaxe, características da sociedade feudal, e a través das cales a institución rexia premiaba a dependencia vasalática e os servizos prestados á mesma por parte dos membros da aristocracia con bens pertencentes ao reguengo.

Sen dúbida tratouse dunha fórmula bastante habitual, pero sobre a que apenas se ten referencias considerábeis, en contraposición ás doazóns rexias que se conservan para o caso dos grandes dominios eclesiásticos. A falta de arquivos ou coleccións documentais para o conxunto dos grupos aristocráticos, presupón xa de antemán un importante obstáculo para mostrar unha realidade que debeu ser moito máis evidente que a que presenta un pequeno conxunto de documentos illados. Os datos proveñen na súa maior parte da información conservada nos arquivos eclesiásticos, probabelmente en función de posteriores doazóns realizadas cara aos mesmos por parte dos poderes laicos; pero no caso concreto da comarca do Eume, hai que sinalar que ditos rexistros documentais dos mosteiros deste territorio non conservaron ningunha doazón da monarquía cara ao grupo aristocrático dos Fróilaz.

Unha das poucas noticias rexistradas para as terras da comarca en relación con esta parentela procede da documentación da catedral de Santiago, onde se conserva certo diploma datado no ano 1112, momento no cal a raíña Urraca cedía ao conde Pedro Fróilaz a aldea de San Sadurniño

136. TMC, I, doc. 88.

137. TMC, I, doc. 85.

na súa integridade e con todos os seus bens adxacentes<sup>138</sup>. Certamente, pode concretarse que a existencia dunha única doazón rexia na comarca en beneficio da parentela dos Fróilaz constitúe unha bagaxe moi pobre, pero ao igual que pode observarse noutras temáticas referentes aos grupos aristocráticos, isto pode deberse á sobriedade desa documentación existente para esta época. Non resulta factíbel concibir que aquela que se configurou como a parentela máis importante e poderosa das terras do noroeste peninsular non se vise beneficiada coa concesión de importantes propiedades por parte da institución rexia. Non hai máis que lembrar o protagonismo político e social dos seus membros durante os reinados da raíña Urraca e do seu fillo Afonso VII, onde os condes Pedro Fróilaz e o seu fillo Fernando Pérez aparecían como dous dos magnates máis destacados da Curia rexia, tal como se desprende da lectura das páxinas das dúas obras máis importantes da crónica deste período: a Historia Compostelana e a *Chronica Adefonsi Imperatoris*, para concretar ou cando menos establecer determinadas hipóteses que permitan precisar que o volume de doazóns rexias debeu ser moito máis elevado que o que unha escasa documentación pretende dar a entender.

## 1.5 O EXERCICIO DO DOMINIO SEÑORIAL

Durante a época altomedieval, as terras de Galicia permaneceron divididas nun todo un conxunto de unidades territoriais ou distritos administrativos, polo xeral de reducido tamaño, e que eran designadas na documentación baixo un conxunto de vocábulos tales como *comitatus*, *commissos* e *mandaciones*. Estes distritos permanecían baixo a autoridade dun delegado da autoridade rexia, o cal recibira ese dominio señorial *ad imperandum*<sup>139</sup>.

Polo xeral, a concesión dese dominio señorial sobre os distintos *commissos* da rexión recaeu en personaxes pertencentes á aristocracia laica, e dentro desta última aos grandes magnates que mantiñan unha faceta como grandes propietarios territoriais nunha determinada circunscrición desde época de antano. Tratouse dunha característica inherente aos grupos aristocráticos durante todo o período medieval. A concesión de cargos públicos supuxo para os membros desta aristocracia magnaticia un aliciente máis, non só para confirmar unha posición como importantes facendados territoriais xa existente, senón tamén para incrementalala de forma considerábel, en función desa posición adquirida coa entrega do poder delegado nun determinado territorio.

138. DRUCL, doc. 44. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. iglesia de Santiago de Compostela, III*, Santiago de Compostela, 1900, apd. XXVIII.

139. No seu estudo sobre os *commissos* e *mandaciones*, C. Sánchez-Albornoz chegou a identificar estes últimos con aqueles *territorios*, *terras* ou *uallés* que tamén se constatan nas fontes documentais como unidades xeográficas. C. SÁNCHEZ-ALBORNOZ, "Homines, mandationis y iuniores" en *Viejos y nuevos estudios sobre las instituciones medievales españolas, I. Instituciones Sociales*, Madrid, 1976, pp. 365-577, vid. sobre todo pp. 444-445 (en adiante C. SÁNCHEZ-ALBORNOZ, *Homines, mandationis y iuniores*). Trátase dunha teoría que foi profundamente rebatida por parte de A. Isla Frez no seu estudo sobre a sociedade galega dos séculos altomedievais. Para este autor, a dita equivalencia entre o *comitatus* e o *territorio* non era unha realidade exacta, sendo necesario establecer unha profunda diferenza entre ambos vocábulos. *Comitatus* e *mandacion* fan referencia unicamente ás estruturas de poder, ao dominio señorial sobre un determinado espazo xeográfico que fora cedido pola autoridade rexia, sendo empregados sobre todo nos diplomas expedidos pola cancelaría desta última; mentras que a acepción *territorium* propiamente dita, máis habitual na documentación privada, era empregada sobre todo para a localización das distintas aldeas no mesmo. A. ISLA FREZ, *La sociedad gallega en la Alta Edad Media (siglos IX-XII)*, Madrid, 1989, pp. 345-348 (en adiante A. ISLA FREZ, *La sociedad gallega*).

O feito de recibir ese poder delegado por parte da institución rexia supuxo para os membros da aristocracia unha forma máis de *beneficium*, xa que se viron favorecidos coa percepción de parte dos tributos xerados no marco espacial destes *commissos*; pero tamén determinou todo un conxunto de obrigas e funcións que estaban obrigados a cumprir con respecto á figura do monarca. Os *comites* eran os encargados de formar e convocar aos habitantes dunha determinada circunscrición para acudir á hoste ou fonsado do rei, debían proceder ao cobro de impostos e tributos, e quedaban encargados á súa vez do exercicio da xustiza.

O mantemento desa estrutura de poder en mans dos grandes magnates mantívose polo xeral inamovíbel no contexto interno das distintas parentelas, sucedéndose no exercicio do poder durante sucesivas xeracións, xa que se en teoría a ostentación do mesmo non parecía ser nin moito menos vitalicia, e menos aínda hereditaria, o certo é que a práctica permite constatar como a sucesión nas funcións de goberno foi un feito incuestionábel en moitas destas demarcacións. Só a ruptura da fidelidade debida á figura do monarca, e a conseguinte caída na *ira regis*, podía dar lugar á revogación dese poder delegado por parte deste último.

No que á comarca do Eume se refire, as escrituras conservadas fan referencia continua a tres destes territorios o circunscricións administrativas, concretamente aos de Trasancos, Bezoucos e Pruzos, estes dos últimos documentados ao parecer desde os inicios do século X<sup>140</sup>. Agora ben, as referencias conservadas sobre os mesmos tanto para o século X como para a maior parte do XI son inexistentes. Non será até finais desta última centuria cando novamente aparezan na documentación mencións cara aos mesmos, as cales indican que estaban baixo o dominio directo da parentela dos Fróilaz; e anque non existan referencias directas para datas anteriores, podería deducirse que os antecesores do conde Pedro Fróilaz puideron ostentar o dominio señorial nos mesmos, coincidindo con esa presenza como propietarios territoriais na comarca Eumesa. Un dominio señorial que co paso do tempo recaeu de forma directa nos seus sucesores.

Hai que sinalar que o maior número de referencias procede do territorio de Trasancos, do cal xa se teñen noticias concretas desde o ano 1137, cando o conde Fernando Pérez aparecía á fronte da dita demarcación administrativa<sup>141</sup>, despois de ter sucedido probabelmente ao seu pai como tenente de Trasancos, malia que non existan referencias directas que amosen a súa presenza á fronte desta circunscrición<sup>142</sup>. Do mesmo xeito, tampouco se constatan datos que permitan constatar a máis que posíbel posición do primoxénito de Fernando Pérez, Gonzalo Fernández como tenente en Trasancos, pero a teor dalgunhas referencias indirectas é posíbel testemuñar que este magnate

140. Concretamente desde o ano 922. C. SÁNCHEZ-ALBORNOZ, *Homines, mandationis y iuniores...*, p. 449.

141. *Imperante de Trasancos comite Fernandus*. CDSMJ, doc. XL.

142. Existe unha referencia procedente dun documento de San Xoán de Caaveiro, o cal presenta dificultades para a súa datación nun período que vai entre os anos 1102 e 1117, onde se observa a certo *Munius Pelagii* como *“Dominante terra de Trasancis”*. O feito de que apareza inmediatamente despois da figura do conde Pedro Fróilaz, a quen se sinala como *“comite in Trastamar”*, leva a pensar que moi probabelmente debía tratarse dalgún vasalo deste magnate. Non resultaría ilóxico, xa que a cesión dese dominio señorial nas demarcacións administrativas, con continuas alusións cara a personaxes que mantiñan unha posición de vasalaxe e dependencia con respecto aos membros do grupo dos Fróilaz foi unha realidade incuestionábel. Estes aparecían na documentación citados como prestameiros nos distintos territorios, aspecto que leva directamente a pensar nunha máis que posíbel subconcesión do dominio señorial, en beneficio daqueles que poden ser considerados como *fideles* dos membros desta parentela aristocrática. TMC, I, doc. 133.

tamén debeu ostentar ese dominio señorial nese territorio<sup>143</sup>. O seu falecemento, posibelmente acaecido no ano 1164 -momento no cal deixaba de aparecer na documentación-, debeu determinar que fose o seu fillo, o conde Gómez González, quen accedese a esas funcións e prerrogativas de poder anexas ao cargo de tenente en Trasancos. Gómez González aparecía como tal no ano 1174, según se desprende dunha das escrituras de San Martiño de Xuvia<sup>144</sup>, pero é probable que ocupase dita tenencia en datas inmediatamente posteriores ao falecemento do seu antecesor<sup>145</sup>, mantendo nas súas mans esta estrutura de poder até os anos finais do século XII<sup>146</sup>.

Non hai dúbida de que o territorio de Trasancos aparecía nas fontes como o mellor documentado, porén tamén hai que facer referencia ao resto de demarcacións territoriais existentes na zona do Baixo Eume. É o caso de Bezoucos, que se documentaba xa no ano 1098 cando o conde Pedro Fróilaz aparecía como tenente no mesmo<sup>147</sup>. Xa no que respecta ao territorio de Pruzos, pode constatarase como a tenencia aparecía en mans de Rodrigo Fróilaz no ano 1108, sen que poida precisarse por falta de datos ao respecto, se o dominio sobre esta demarcación continuou en mans dos seus descendentes, ou pola contra foron outros membros da parentela os que accederon ao mesmo despois da desaparición deste magnate<sup>148</sup>.

Como pode observarse en función dos datos consultados, os membros deste grupo aristocrático mantiveron nas súas mans o dominio señorial nestas demarcacións ao longo de todo o período plenomedieval durante xeracións, sucedéndose no marco das estruturas de poder de pais a fillos, algo que se denota con maior nitidez no caso do territorio de Trasancos. Este feito foi determinante no ámbito do dominio territorial nunha dobre vertente. Por un lado, supuxo un factor incuestionábel para consolidar aínda máis esa condición social como facendados territoriais na zona; e por outro, constituíu unha posición de primeira orde para incrementar aínda máis as súas propiedades inmobles, ao acceder ás prerrogativas propias do dominio señorial cedido pola institución rexia, co conseguinte control que podían exercer desde o mesmo sobre o conxunto da comunidade.

143. As seguintes referencias sobre o dominio señorial en Trasancos datan do ano 1163, momento no cal se observa a certo *Numus Pelagii*, quen é cualificado como "*Prestameiro (...) qui tenebat Trasancos*". TMC, II, docs. 138, 223. Nuño Peláez era neto de Froila Ataniz, e membro polo tanto dunha parentela aristocrática local fortemente implantada nas terras do Eume. Os membros da mesma caracterizáronse sempre por manter unha forte dependencia vasalática con respecto ao grupo dos Fróilaz xa desde finais do século XI, cando Froila Ataniz e o seu irmán Vermudo aparecían vinculados á figura do conde Pedro Fróilaz, anovando despois do seu falecemento os seus vínculos de vasalaxe co seu fillo Fernando Pérez. Este feito, unido a que apareza citado como prestameiro en Trasancos, é dicir, amosando unha subordinación na estrutura de poder respecto a alguén que ocupaba unha posición superior, e que delegou as súas funcións nun terceiro, precisamente no período de actividade do conde Gonzalo Fernández, leva a pensar que o tenente de dita demarcación debía ser precisamente este último magnate.

144. "*in terra Trasancus Gomez Gundisalvi*". CDSMJ, doc. LXXXIX.

145. Novamente é a presenza de Nuño Peláez como prestameiro en Trasancos nos anos 1165, 1169 e 1172, a que leva a aceptar a dita posibilidade, como consecuencia da renovación dos vínculos de dependencia co conde Gómez González, tras a desaparición do seu pai Gonzalo Fernández. TMC, I, doc. 135, e II, docs. 141, 144, 145.

146. Dous documentos de San Martiño de Xuvia aluden de forma indirecta á posición deste magnate como tenente de Trasancos nos anos 1188 e 1198. CDSMJ, docs. CII, CXXI. Do mesmo modo, obsérvase noutra escritura procedente do cenobio de Caaveiro, como Nuño Peláez aínda ocupaba unha posición de prestameiro nesta circunscrición no ano 1192, momento no cal ao parecer asociara a dito cargo ao seu fillo Lope Núñez. TMC, II, doc. 142.

147. No documento obsérvase a presenza de Vermudo Ataniz, de quen se afirma "*qui reget terram Bisquis sub manu comite domus Petrus*". TMC, I, doc. 122.

148. "*... et in Prucis Rodericus Froylaz*". TMC, II, doc. 148.

## 1.6 SISTEMAS E PRÁCTICAS DE HERDANZA

Dentro de todo ese conxunto de factores que contribuíron ao desenvolvemento e á formación dos grandes dominios territoriais aristocráticos, a herdanza dos antepasados xogou un papel transcendental, o que leva a M. I. Cazorlio de Rossi a cualificala como o "punto de partida de una gran propiedad"<sup>149</sup>.

Durante o período da plena Idade Media, predominaron nos reinos do Occidente peninsular os sistemas hereditarios procedentes da época visigoda. Esta serie de leis hereditarias conservadas no Foro Juzgo, foron promulgadas polo monarca Chindasvinto, establecendo nas mesmas que os bens familiares debían de repartirse por igual entre todos os sucesores. Soamente era válida unha única excepción a este feito: que se mellorase a situación dun único descendente, quen polo xeral tendía a ser a figura do primoxénito. Esa mellora consistía na entrega adicional dun quinto da herdanza, cantidade que ao parecer ascendeu a un terzo, en función de posteriores disposicións establecidas pola lexislación promulgada polo monarca Ervigo<sup>150</sup>.

Ese sistema de reparto do patrimonio en partes iguais, no cal se beneficiaba a todo o conxunto dos herdeiros, respondía a sistemas de herdanza cognaticios e bilaterais, en contra do que establecen as medidas agnaticias ou unilaterais, onde o principal beneficiario de toda a herdanza, tanto paterna como materna, era ante todo o primoxénito do grupo. ¿Cales eran as principais características destes sistemas hereditarios? Algo que xa quedou establecido, o acceso de todos os membros da parentela aos bens dos seus antecesores, a esas *portiones* ou divisas, o que constituía a peza clave destes sistemas de herdanza cognaticios. Un acceso sen distinción de idade, xa que a figura do primoxénito non pareceu adquirir esa preeminencia por encima do resto dos seus conxéneres; e un acceso sen distinción de xénero, porque os elementos femininos dos grupos aristocráticos tamén participaban por igual no reparto dese patrimonio parentelar, un elemento feminino que perdeu ese protagonismo cando as prácticas de unixenitura foron xa unha realidade tanxibel no contexto dos poderes superiores. Do mesmo modo, pode sinalarse que o acceso a esa herdanza se produciu de forma separada, é dicir, herdábase por cada un dos cónxuxes cando algún deles falecese, algo que pode explicar a existencia de dous patrimonios distintos en cada parentela. E é que en todo este entramado dos sistemas de herdanza cognaticios, o elemento feminino tivo tanta importancia como o masculino á hora de transmitir esa herdanza aos seus sucesores. É algo que xa se sinalaba ao establecer a orixe do patrimonio dos descendentes do conde Pedro Fróilaz nestes territorios eumeses, onde existía tanto unha orixe paterna, procedente da estirpe de Vermudo

149. M. I. CAZORLIO DE ROSSI, *La gran propiedad...*, p. 78.

150. Agora ben, tal como afirman E. Portela e M. C. Pallares, é posíbel que esa mellora dun terzo nos sistemas de herdanza que a lexislación permitía levar ao cabo, na práctica non se ía a dispoñer polo xeral para favorecer a situación dun dos descendentes; senón que pola contra, durante o período dos séculos IX e X, se destinaba a realizar doazóns *pro anima* a determinados centros monásticos. E. PORTELA SILVA e M. C. PALLARES MÉNDEZ, "Elementos para el análisis de la aristocracia altomedieval de Galicia. Parentesco y patrimonio" en *Galicia en la Edad Media. Actas del Coloquio de Santiago de Compostela, La Coruña, Pontevedra, Vigo, Betanzos 13-17 Julio 1987*, Madrid, 1990, pp. 39-54, vid. sobre todo, p. 43. (en adiante E. PORTELA SILVA y M. C. PALLARES MÉNDEZ, *Elementos...*). Sobre estes aspectos vid. tamén L. GARCÍA DE VALDEAVELLANO, "La cuota de libre disposición en el derecho hereditario de León y Castilla en la Alta Edad Media (Notas e documentos)" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, 1, (1932), pp. 127-157.

Froílaz; como materno, cuxa orixe radicaba nos antepasados da condesa Urraca Froilaz, os cales tamén estaban implantados nesta área xeográfica.

É posíbel que nun primeiro momento poida pensarse que este tipo de sistemas de herdanza non beneficiou a consolidación dos dominios territoriais laicos, constituíndo máis un elemento que favorecía a inestabilidade dos grandes patrimonios, e converténdose nun factor disgregador, e non de concentración dos mesmos<sup>151</sup>. Non obstante, trátase de algo que debe terse en conta á hora de proceder ao estudo dos dominios territoriais da aristocracia, xa que polo xeral, as fontes permiten constatar como moitos dos seus membros aludían unha e outra vez á herdanza dos seus antepasados baixo expresións como "*hereditatem nostra propria que habemus de abiorum et parentum nostrorum*", "*nostram propiam que evenit mihi de succesone abiorum vel parentum meorum*", etc.. Deste xeito, determinados individuos que non foran agraciados coa primoxenitura, puideron consolidar certa posición como propietarios de prestixio, que fora inimaxinábel no caso de que ese único sucesor accedese á maior parte dos bens dos seus antepasados.

É certo que no fondo subxacía unha tendencia á disgregación do patrimonio como consecuencia deses sistemas hereditarios, e que non deixou de constituír un dos factores que máis contribuíron a fomentar dita inestabilidade dos grandes dominios territoriais, característica primordial dos mesmos. A continua fragmentación e inestabilidade ao que estaba sometido o patrimonio en función do dereito sucesorio de índole cognaticio, supoñía en numerosas ocasións un considerábel perigo para a estabilidade do patrimonio global das distintas parentelas. Este feito foi motivo para que os seus membros tomasen partido no asunto e intentasen protexer na medida o posíbel eses bens patrimoniais, procurando que non fosen a parar máis alá da órbita do grupo, e evitando deste modo que puidese caer en mans distintas, utilizando para isto todas as prácticas e mecanismos permitidos pola lexislación vixente<sup>152</sup>.

Entre as distintas prácticas utilizadas hai que facer mención ás emanadas do propio ordenamento xurídico, o cal malia que obrigaba á partición igualitaria dos bens patrimoniais, permitía aos proxenitores herdar novamente os bens de aqueles fillos falecidos sen descendencia, e ao resto dos irmáns, no caso de que se producira o falecemento dos pais con anterioridade.

Igualmente, as alianzas matrimoniais consolidáronse como outro dos principais resortes utilizados polos distintos grupos aristocráticos para incrementar na medida do posíbel as súas estruturas de poder, repercutindo de maneira positiva no interese común dos membros da parentela<sup>153</sup>. É que no fondo de cada unión matrimonial subsistía unha procura de proxección social e territorial por parte de moitos magnates laicos. Social, na medida de que se intentaba ante todo obter novas

151. E. PORTELA SILVA y M. C. PALLARES MÉNDEZ, *Elementos...*, p. 43; M. I. CAZORLIO DE ROSSI, *La gran propiedad...*, p. 78.

152. C. Carlé insiste precisamente nesta cuestión ao afirmar que: "Los miembros de cada familia parecen aferrarse a las tierras que fueron de sus antepasados; tratan de evitar que vayan a parar a extraños comprándolas a sus parientes o recurren a la proliación para asegurarlos en poder de sus colaterales. (...) La política matrimonial, a la que ya he aludido, contribuyó, sin duda muy eficazmente a que el núcleo adquiriera o conservará esas características." Vid. C. CARLÉ, *Gran propiedad...*, p. 59.

153. E. PORTELA SILVA y C. PALLARES MÉNDEZ, *Elementos...*, p 45.



solidariedades parentelares, as cales se traducían na consecución de toda unha serie de apoios que podían encontrar en momentos extremos, ben fronte a situacións de perigo, ben fronte ao poder rexio cando un determinado personaxe podía caer en desgraza ante a figura do monarca, ben fronte a outros grupos aristocráticos. E territorial, por canto o obxectivo que se perseguía era consolidar a súa posición en novos territorios e comarcas, ademais de reafirmar a súa propia naqueles lugares nos cales xa estaban asentados desde épocas pasadas, intentando deste modo, reconstruír un patrimonio territorial sometido a importantes fragmentacións<sup>154</sup>.

Esas alianzas matrimoniais permitiron a moitas parentelas a obtención dunha serie de bens derivados das arras, a doazón *propter nuptias* o *sponsalicio*, é dicir, aquelas propiedades cedidas á esposa por parte do cónxuxe masculino. Todo ese conxunto de bens que era outorgado polo esposo pasaba de maneira directa a mans da muller en plena propiedade. Pero dita cesión patrimonial en beneficio do cónxuxe feminino podía suscitar tamén certos riscos para o conxunto dos bens territoriais dunha determinada parentela aristocrática, no caso de que o outorgante desas arras falecese con anterioridade á súa dona. Riscos que eran inexistentes se ambos cónxuxes tiñan descendencia directa, permanecendo ditos bens en poder da nai até o falecemento da mesma, e revertendo tras a súa morte aos seus descendentes. Pero esa problemática parecía acentuarse no caso de que non existisen sucesores. As propiedades que a cónxuxe recibira do esposo en concepto de arras quedaban en mans desta para dispoñer delas segundo a súa vontade. Neste caso podía darse a posibilidade de que a viúva que quedara como propietaria plena desas propiedades, puidese contraer nun futuro novas nupcias con personaxes pertencentes a outros grupos aristocráticos, co conseguinte perigo de pasar a mans doutras parentelas no caso de que si existise descendencia<sup>155</sup>. Neste sentido, non resulta ilóxico pensar que non se casase a todos os fillos varóns, pola contía territorial que isto supoñía, e que fosen precisamente estas circunstancias as que determinaron que en ocasións os outorgantes tomasen certas medidas para evitar que esas arras abandonasen o seo do patrimonio parentelar.

Por último, cabe sinalar a tendencia dos distintos grupos aristocráticos a desenvolver prácticas endogámicas, destinadas a evitar esa desintegración do patrimonio territorial. Aspecto que, como é lóxico, contou co impedimento da autoridade eclesiástica, quen prohibiu aquelas unións

154. A carta de arras de Vermudo Pérez á súa terceira esposa a infanta Urraca de 1122, onde cedía aquelas propiedades en Nogueirosa, permite constatar como neste caso concreto, o matrimonio supoñía para determinados individuos ou parentelas un factor ganancial de bens patrimoniais, sobre todo no caso de que algún dos cónxuxes falecese sen ascendencia ou descendencia directa, sendo o cónxuxe sobrevivente o principal beneficiario das herdades do defunto. Cando Vermudo Pérez cedía as súas respectivas arras á que ía a ser a súa nova esposa, especificaba que a orixe dos bens obxecto de entrega radicaba na herdanza paterna, propiedades adquiridas por medio da *ganantia*, e tamén polo seu anterior matrimonio, "*meis hereditatibus, quas habeo de patre meo comite Dno. Petro, sive de matrimonio meo seu de ganantia*". Como é sabido, Vermudo Pérez casou en tres ocasións, e nunha delas, a segunda, non tivo descendencia ningunha. Polo tanto, cabe supoñer que este magnate accedese aos bens patrimoniais da súa anterior esposa, máxime aínda pola ausencia de herdeiros recoñecidos, e tamén porque hai que admitir a posibilidade de que a cónxuxe falecida non debía tampouco ter ascendencia ou colaterais que puidesen reclamar a posesión dos bens obxecto de controversia. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa...*, doc. 1.

155. Novamente, a escritura de arras de Vermudo Pérez permite constatar isto último. Neste caso, o outorgante insiste en que as ditas propiedades pasaban a partir deses momentos a mans da súa esposa na súa integridade; propiedades que no caso de existir descendencia directa, debían pasar a poder dos seus herdeiros. Agora ben, Vermudo Pérez parecía ser consciente do hipotético perigo que podía levar o seu falecemento sen descendencia, de aí que insistía que no caso de non haber herdeiros, ou dun hipotético falecemento dos mesmos, as ditas propiedades fosen obxecto de entrega ao conxunto das institucións eclesiásticas, como posíbel doazón *pro anima*: "*Habeas illas et possideas absque alio haerede, tam in vita, quam post mortem, et sit tibi a modo licentia a filijs, qui deme, et te nati fuerint; et si peccato impediende, filij defuerint, pro animabus nostris concedantur*". *Ibidem*, doc. 1.

matrimoniais que se realizaban cun nivel de parentesco que chegaba até o sétimo grao, reducíndoo incluso até o cuarto, e outorgando dispensas matrimoniais, sobre todo no caso de que esas unións se levasen ao cabo entre curmáns. E é que como afirma Marie-Claude Gerbet, "la fragmentación geográfica del patrimonio proporcionaba mayores posibilidades para realizar matrimonios consanguíneos"<sup>156</sup>.

Tratábase, polo tanto, dun sistema de herdanza que distaba tanto das prácticas utilizadas no resto da Europa Feudal neses momentos<sup>157</sup> como das que se impuxeron durante os séculos vindeiros no conxunto dos territorios do occidente da España cristiá, cando o predominio dos sistemas agnaticios e unilaterais comezou a ser unha realidade evidente ao quedar institucionalizada a institución do morgado baixo a monarquía Trastámara; e pola cal, todos os bens do grupo pasaban a mans do primoxénito, conservándose deste modo e con total garantía a herdanza transmitida polos antepasados da liñaxe<sup>158</sup>.

Agora ben, o certo é que foi precisamente a partir da segunda metade do século XII cando parece que comezou a constatarase certa innovación dentro destes sistemas de herdanza das parentelas aristocráticas, que pareceu ir máis aló dos límites establecidos pola lexislación e tradicións vixentes: o posíbel recurso aos sistemas agnaticios ou de primoxenitura<sup>159</sup>. E é que malia os distintos medios utilizados polas parentelas aristocráticas para evitar a disgregación do patrimonio dos antepasados, e por moi poderosa que puidese ser unha determinada parentela, non sempre ía poder facer fronte ás distintas particións hereditarias dentro do conxunto dos seus membros; de aí que comece a observarse nesta época algúns aspectos que poñen de relevo a figura da primoxenitura en detrimento do resto dos compoñentes do grupo parentelar<sup>160</sup>.

156. M. C. GERBET, *Las noblezas españolas en la Edad Media*, Madrid, 1997, p. 73.

157. Ao parecer, e segundo as teses expostas por G. Duby, o agnatismo e a primoxenitura acadaran xa no resto do Occidente Europeo o seu punto máis álxido. Para este autor, as estruturas e sistemas de herdanza baseados no agnatismo e na primoxenitura estaban firmemente arraigados na Francia plenomedieval, transformando aquela idea que nun principio predominara sobre a herdanza familiar, onde existirían vínculos de tipo horizontal, e onde tanto o elemento masculino como o feminino xogaban un papel similar, unidos por lazos de sangue e matrimoniais. Nestes casos "lo que contaba eran menos los antepasados que los parientes cercanos", a través dos cales podía chegarse ás fontes do poder, é dicir, ao rei, ao duque, ao xefe local, a aquela persoa que era capaz de distribuír os cargos, os beneficios ou os honores. O que verdadeiramente importaba polo tanto eran as relacións non a ascendencia, sendo as persoas que se rexían por este tipo de sistemas de herdanza, máis un beneficiario que un herdeiro. Ese sentimento de liñaxe chegou con posterioridade, comezando a primar a figura dun antepasado común, e tomando conciencia da pertencenza a unha determinada parentela ou casa aristocrática; remontándose para os homes do século XII, nas parentelas de cabaleiros locais até mediados do ano mil, e nas dos grandes aristócratas até os comezos do século X. Foi esa idea de vinculación a un determinado liñaxe, o que determinou que os procedementos e sistemas de herdanza dentro do seo das parentelas aristocráticas se transformasen, reivindicándose deste modo a memoria dos antepasados e o patrimonio que estes se ocuparan de gardar. Esta transmitiuse por vía agnaticia de pais a fillos, destacando preferentemente o primoxénito por encima do resto da súa parentela, e sendo este á súa vez, o que procedía a transmitir ese legado aos seus descendentes directos. G. DUBY, "Estructuras de parentesco y nobleza en la Francia del norte en los siglos XI y XII" en *Hombres y estructuras de la Edad Media*, Madrid, 1989, pp. 162-183.

158. Precisamente xa quedou exposta, en función do traballo de E. Portela e M. C. Pallares sobre a parentela condal dos Fróilaz, a inexistencia dos trazos de liñaxe durante o período dos séculos centrais da Idade Media. Inexistencia de trazos de liñaxe, sobre todo pola existencia e o predominio de estruturas de sucesión cognaticias e bilaterais, que se deron entre as diversas parentelas da aristocracia. M. C. PALLARES MÉNDEZ e E. PORTELA SILVA, *Aristocracia y sistemas...* pp. 838-840.

159. I. BECEIRO PITA y R. CÓRDOBA DE LA LLAVE, *Parentesco, poder y mentalidad. La nobleza castellana en los siglos XI al XV*, Madrid, 1989, p. 53 (en adiante I. BECEIRO PITA y R. CÓRDOBA DE LA LLAVE, *Parentesco*).

160. Así parece poñelo de relevo J. Mattoso polas posicións que ocuparon os fillos intermedios no conxunto da aristocracia lusitana, aos cales en moitas ocasións foilles negado o seu matrimonio. Estes tiveron descendencia bastarda, e víronse na

É certo que non se dispoñen en absoluto de referencias documentais que manifesten claramente esa tendencia a favorecer o primoxénito á hora de herdar o patrimonio dos seus devanceiros, pero obsérvase ao longo dese período que oscila entre finais do XII e principios do XIII toda unha serie de aspectos que manifestan como a primoxenitura tende pouco a pouco a sobresaír por encima do resto dos membros da súa parentela, tales como a ocupación de cargos palatinos ou o desenvolvemento do exercicio do dominio señorial nas distintas demarcacións territoriais<sup>161</sup>. É precisamente a continuada presenza dos fillos primoxénitos á fronte desas tenencias e cargos palatinos, o que levou a algúns autores a pensar que puido ser precisamente durante esta época cando comezaron a impoñerse -aínda que de maneira reducida iso si-, os sistemas de sucesión agnaticios en contraposición aos xa existentes con anterioridade; acaparando o primoxénito maiores cotas de poder no contexto interno da parentela, manifestándose así a importancia da súa figura en contraposición ao resto dos compoñentes do grupo aristocrático, os cales na maior parte das ocasións, quedaban supeditados a este último por unha relación de dependencia, que se superpoñía claramente a aquela que podía considerarse como estritamente familiar<sup>162</sup>. Dentro do que constituíu o grupo dos Fróilaz, conséntase como desde o falecemento do conde Fernando Pérez foron sobre todo os descendentes primoxénitos os que accederon ao goberno das distintas demarcacións que estaban en poder deste grupo aristocrático desde épocas precedentes, non só no contexto territorial da zona do Eume, senón no goberno da propia Galicia. O conde Gonzalo Fernández, primoxénito da unión de Fernando Pérez con Sancha González, accedeu directamente ao dominio de estas circunscricións, herdando ademais a dignidade condal. Do mesmo modo, o seu descendente directo, e posíbel primoxénito da súa unión con Berengola, o conde Gómez González, sucedeu ao seu pai no dominio señorial destes territorios. Pero a cuestión clave, e a que pode presentar unha maior problemática no que se refire á formación desa gran propiedade laica en función das estruturas de herdanza, radica precisamente en concretar se estes personaxes se viron beneficiados con maiores *portiones* territoriais que o resto dos seus colaterais á hora de proceder á división do patrimonio dos seus devanceiros.

Polo tanto, a cuestión que cabe formular de inmediato en vista de todo o observado con respecto aos sistemas de herdanza non parece ser outra que, ¿agnatismo o cognatismo? Non parece que poida poñerse en dúbida que estas prácticas sucesorias que primaban a figura do primoxénito, e que pareceron adquirir certo relevo ao longo de todo este período pero de forma moi incipiente, foran a posicionarse sobre as aínda existentes. Constitúen unha característica máis a ter en conta, sobre todo nos aspectos anteriormente enunciados, pero isto non significou nin moito menos que as antigas prácticas de herdanza cognaticias e bilaterais -arraigadas aínda profundamente desde épocas anteriores- fosen desbotadas de maneira tallante polos sectores aristocráticos. En vista disto último, resulta máis lóxico pensar que os sistemas de herdanza cognaticios e bilaterais continuaron

obriga de exercer a carreira das armas ao servizo dos reis ou doutros membros da nobreza, ou a ingresar nas oredes militares, ou como clérigos en centros eclesiásticos. Pero hai outro aspecto máis importante se cabe a ter en conta, e é que comezaron a obter porcións menores no reparto da herdanza. J. MATTOSO, *Ricos-Homens, infanções e cavaleiros. A nobreza medieval portuguesa nos séculos XI e XII*, Lisboa, 1985, p. 108-109 (en adiante J. A. MATOSSO, *Ricos-Homens*).

161. I. BECEIRO PITA e R. CÓRDOBA DA LLAVE, *Parentesco...*, p. 56.

162. Tal como afirma J. Mattoso viría a significar unha nova tradición dentro da nobreza, que non é territorial senón simbólica, e que configura os auténticos trazos da liñaxe propios de épocas posteriores. J. MATTOSO, *Ricos-Homens...*, p. 112.

desenvolvéndose ao longo de toda esta época, con algún que outro matiz en favor da primoxenitura, o que pode presupoñer que o agnatismo se albisca xa como posíbel alternativa, pero sen impoñerse de forma definitiva como sistema de herdanza predominante, como ocorreu máis tarde, durante o período dos séculos baixomedievais. O resto dos compoñentes dos grupos aristocráticos continuaron accedendo a partes iguais ao reparto da herdanza dos seus antepasados, e os elementos femininos do grupo aínda puideron acceder a aqueles bens pertencentes aos seus antecesores e transmitilos en herdanza durante todo o século XIII.

## 2. TIPOLOXÍA DO DOMINIO TERRITORIAL DOS FRÓILAZ

### 2.1 UNIDADES BÁSICAS

#### A. Terras, agros e leiras. O desenvolvemento da produtividade agraria

A terra constituíu unha das unidades básicas por excelencia dos dominios territoriais da aristocracia laica. Este tipo de unidades aparece nos distintos diplomas inseridas en outras dunha maior amplitude, polo xeral casais ou aldeas<sup>163</sup>. Na súa maior parte estaban destinadas sobre todo á produción de cereais panificábeis, pero o feito de que na documentación se faga alusión á existencia de "*terras cultas et incultas*", pode dar lugar a certa problemática á hora de establecer o significado exacto das mesmas, e sobre todo cando se trata de configurar o sentido estrito do vocábulo *incultas*. A cuestión radica pois en establecer se se trataba de espazos de cultivo que quedaran sen explotar durante un determinado período de tempo, esperando unha rexeneración da terra, ou se pola contrario, se estaba a facer referencia a lugares que non debían ter aptitudes para o cultivo de cereal, e o seu aproveitamento destinábase sobre todo ao mantemento da cabana gandeira.

Noutras áreas dos reinos occidentais da Península Ibérica, a presenza de espazos de páramo podía levar a unha conclusión lóxica de que esas *terras incultas* que a miúdo mencionan os documentos, podían identificarse con lugares que non presentaban aptitudes para os cultivos cerealistas; pero no caso dos territorios de Galicia a situación cambia, xa que non é precisamente o páramo unha forma de espazo característico da xeografía galaica. É lícito pensar que esas terras que non presentan ningún tipo de cultivos, e que se constatan tamén na rexión do Eume, puideran estar destinadas á alimentación animal como zona apta para o pasto, pero tamén pode concretarse que determinados terreos puidesen quedar ermos en espera de posteriores cultivos, nunha situación típica de barbeito, evitando deste modo o esgotamento do solo, algo que parece constatar sobre todo a finais do século XI e durante o XII<sup>164</sup>.

163. Constatase a existencia deste tipo de unidades básicas nalgúns dos documentos conservados, como a venda datada no ano 1087, e pola cal Osorio Velázquez cedía a Rodrigo Fróilaz a súa herdade en Santa María de Vilar. Entre os bens que configuraban a mesma, hai que aludir á existencia de "*terras cultas uel incultas*". CDSMJ, doc. X. Igualmente, tamén pode facerse referencia á doazón realizada por Sancha Núñez a Santa María de Sobrado no ano 1204, da súa herdade no termo de Serantes, onde tamén se aludía a aquelas "*terris cultis et incultis*". TMSM, II, docs. 366, 453.

164. E. Portela apunta dita posibilidade nos territorios do Val do Miño, e admite a existencia de terras en barbeito despois de dous anos seguidos de colleitas, tanto de inverno coma de primavera. Non obstante, presupón o paso a unha agricultura máis intensiva ao longo de toda esta época coa redución dese ano de barbeito, sobre todo pola introducción do viñado e a conseguinte merma de espazos destinados ao cultivo de cereal, o que debeu presupoñer o aumento do seu cultivo nos terreos que restaban para isto. Por outra parte, este autor fai mención á introducción do cultivo de leguminosas naqueles perío-

Esas terras propiamente ditas, así como eses agros e leiras ás que aluden as fontes en moitas ocasións, deberon quedar destinadas á produción de cereais panificábeis, sobre todo de centeo, avena e cebada. Isto non quere dicir nin moito menos que o cultivo do trigo non fose unha realidade tanxibel nas terras do Eume. Agora ben, hai que ter en conta que as características xeolóxicas e climáticas das terras da fachada atlántica, sometidas a fortes precipitacións e humidade abundante, non son precisamente as máis indicadas para o cultivo deste produto con garantías aceptábeis. As abundantes chuvias de outono podían supoñer a perda xeral de calquera colleita de cereal panificábel, de aí que o cultivo do trigo debeu de ser máis proclive nas terras pertencentes aos poderes superiores, quen non só demandaban con maior asiduidade este cereal, e onde o pan branco era preferido nas mesas dos grupos aristocráticos, senón que tamén podían facer fronte a épocas de malas colleitas con maior seguridade que nas parcelas campesiñas, onde se prefería o cultivo deses outros cereais, que resistían mellor as condicións físicas do territorio, co que isto supoñía para o sector campesiño, e que vía nos mesmos unha maior garantía para asegurarse a recolección, e polo tanto a subsistencia diaria.

Xunto coas terras, a documentación menciona en ocasións outros dous vocábulos: leiras e agros. A leira -termo lingüístico que perdura aínda na actualidade-, aparecía segundo E. Portela como unha porción de terreo cultivado dunha soa vez, e onde tiñan lugar as distintas fases de rotación de cultivos<sup>165</sup>. A suma destas leiras daba lugar ao agro, pero, aínda así, é posíbel constatar na documentación a existencia por separado de ambas unidades<sup>166</sup>.

## B. Hortos e cortiñas, os espazos destinados á agricultura intensiva.

Xunto con aquelas terras de labor, de leiras e de agros, hai que facer referencia a aquelas outras áreas que tamén estaban integradas noutras unidades máis amplas, que formaban parte dos distintos casais e vilas, e cuxo principal obxectivo era a produción de alimentos de primeira necesidade característicos da agricultura intensiva, constituíndo un complemento indispensable na dieta alimenticia da época: hortos, -os *ortales* que aparecen nalgúns documentos-, cortiñas, así como espazos destinados a árbores froiteiras. Neles procedíase ao cultivo dun determinado tipo de produción, baseado sobre todo nas técnicas horticolas e de leguminosas<sup>167</sup>.

dos en que os terreos estaban en reposo, cos beneficios que isto último debía carrerar, xa que a súa produción “no sólo no agota la tierra sino que contribuye a su fertilización”. E. PORTELA SILVA, *La región del Obispado de Tuy en los siglos XII al XV: una sociedad en la expansión y en la crisis*, Santiago de Compostela, 1976, pp. 124-128 (en adiante E. PORTELA SILVA, *La región...*).

165. *Ibidem*, p. 125.

166. No ano 1106, Fernando e Vermudo Pérez cedían ao mosteiro de Caaveiro toda una serie de propiedades. Entre as mesmas, constátase a existencia de distintos agros e leiras, que a partir deses momentos pasaban a formar parte dos bens deste dominio monástico. Concretamente, a escritura alude a dous agros íntegros, “...unum agrum integrum, que iacet sub Agrozus (...) et alio agro que vocitant Caselas, integro...”, e as metades doutros dous “...et medio de uno agro in Asagras, et iusta Via Petrosa medio de uno agro”. Do mesmo modo, ambos conxéneros outorgaban tamén dúas leiras completas, “et alia leyra integra ibi in ipsa veyga (...) et in Cancelo una leyra integra”. TMC, I, doc. 51.

167. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*, Santiago de Compostela, 1971, pp. 51-52 (en adiante M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *El bajo valle*); E. PORTELA SILVA, *La región*, p. 120-121

Xunto con esa produción horticola obtida da explotación dos hortos e cortiñas, hai que facer mención por último a outro complemento imprescindible para a dieta alimenticia e o autoconsumo desta época: o froito das especies arbóreas, localizadas precisamente neste tipo de unidades do terrádego, e próximos sobre todo á vivenda familiar. As fontes do período amosan en determinadas ocasións a existencia daqueles "*arbores fructuosos vel infructuosos*", como outra parte máis dos elementos que compoñían os casais de antano. Dá a impresión, ou polo menos é isto precisamente o que pode entresacarse da lectura dos documentos, que as terras de Galicia deberon contar nesta época cun importante conxunto e unha gran variedade de especies froiteiras. Entre estes últimos deben citarse entre outros os *pumares* ou maceiras, destinadas sobre todo á produción de sidra, que debeu converterse nunha das bebidas máis solicitadas pola poboación galega plenomedieval. O mesmo pode suceder con castiñeiros ou nogueiras, das cales se extraían froitos que naquela época podían considerarse como un complemento indispensable para a alimentación humana na época medieval<sup>168</sup>.

A documentación conservada tende a mencionar este tipo de unidades de explotación, sobre todo naqueles diplomas que recollían as doazóns dos sectores do campesiñado ao conxunto dos poderes superiores. Aínda así, é posíbel constatar algúns exemplos concretos para os grupos aristocráticos, e en este caso no concernente á parentela dos Fróilaz, que mencionan a existencia destas unidades básicas, como parte integrante doutras de maior envergadura como podían ser os casais ou as aldeas<sup>169</sup>.

### C. O viñado

Xa na súa obra sobre as peregrinacións a Compostela, Aumeric Picaurd, o autor do *Codex Calixtinus*, facía referencia á escaseza nas terras de Galicia dun produto como o viño. Certamente, trátase de algo que, polo menos en teoría, pode observarse na lectura da documentación conservada para as terras do Eume durante os séculos XI e XII, onde existe unha total ausencia de mencións sobre o cultivo do viñado nesta comarca. Ao igual que se sinalaba para o caso do cereal, o campo galaico, e máis concretamente as terras setentrionais, non é precisamente o máis apropiado para un desenvolvemento óptimo e desexábel para o cultivo da vide.

Agora ben, tamén hai que sinalar que malia que non se constate en ningunha das fontes documentais a existencia do viñado, non hai que descartar de maneira absoluta e rotunda a existencia do mesmo. O viño como tal foi un dos elementos indispensábeis da dieta do home do medievo como fonte imprescindible de valor enerxético. Por outra banda, hai que sinalar a súa importancia para o desenvolvemento da eucaristía e a liturxia cristiá, o que debeu facer do mesmo un produto con acusada demanda, polo que é probábel pensar que a existencia de viñedos nesta área da fachada atlántica puido ser unha realidade da cal non debeu quedar constancia nas fontes<sup>170</sup>; anque o seu

168. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *El bajo valle...*, p. 52.

169. Cando no ano 1087, Rodrigo Velázquez procedía a vender a súa herdade en Santa María de Vilar a Rodrigo Fróilaz, especificaba as distintas unidades básicas que compoñían a mesma, e concretamente insistía na existencia destes espazos destinados á agricultura intensiva como "*ortales, pumares, cerdeiras, nogares, castinares*". CDSMJ, doc. X.

170. É probábel que en realidade non fose máis que un produto cultivado para a máis pura auto subsistencia e nun ámbito

cultivo debeu de darse en moita menor proporción que noutros territorios da rexión galega, onde a produción da vide tivo un protagonismo en clara expansión, e constatado ao longo do medievo<sup>171</sup>.

### D. Prados, bosques e montes. O soporte da explotación gandeira

As distintas referencias documentais aluden en moitas ocasións á existencia de montes e bosques, destinadas no seu conxunto tanto para o aproveitamento colectivo das mesmas por parte do conxunto dos membros da comunidade de aldea, como para o sustento e explotación da cabana gandeira da zona, quedando situados no marco do conxunto da aldea, nun plano periférico ás zonas de casas, hortos, e terras de labor; e configurando o marco espacial idóneo para a práctica de novas labranzas nunha época de continua expansión demográfica como eran os séculos centrais da Idade Media<sup>172</sup>.

O bosque supoñía para o home medieval un ámbito de múltiples posibilidades. Do mesmo podía extraer a leña necesaria para o desenvolvemento da súa vida cotiá, e a súa aplicación en determinadas funcións; neste caso leña de carballo, especie arbórea autóctona das terras galegas. Por outra parte, os grupos aristocráticos tiñan nas zonas boscosas, un medio fundamental para o desenvolvemento dunha das súas actividades predilectas: a caza. Pero unha das funcións primordiais destes espazos era a súa utilización como soporte para o mantemento da cabana gandeira, tanto daqueles animais pertencentes aos membros do campesiñado, como dos rabaños dos poderes superiores, neste caso dos sectores da aristocracia magnaticia. De aí que os membros deste sector social mantivesen baixo o seu poder amplas zonas boscosas como lugares de pasto para o conxunto dos seus rabaños<sup>173</sup>.

É certo que pode afirmarse que os grupos aristocráticos non foron os donos exclusivos deste tipo de propiedades, pero si que cabe a posibilidade de que se dese tamén a súa participación como propietarios nos mesmos, podendo gozar dos dereitos que o seu uso proporcionaba. É dicir, que se constate certa capacidade dos poderes señoriais na parte que lles correspondía, e que lles permitise o aproveitamento dos recursos comunais que permanecían adscritos ao bosque.

estrictamente familiar. Un documento do mosteiro de Caaveiro datado no ano 1108 poñe de relevo todo este entramado. Nesa data, o presbítero Fafiani outorgaba a dito centro monástico as herdades que posuía en Bezoucos. Entre as mesmas, constátase a existencia de certa casa na cal se localizan unha adega, así como un lagar con certas cubas, podendo manexarse a posibilidade de que fosen destinadas á produción deste líquido elemento. "... *alia casa que est bodega cum lagare et cum cubas et regulata*". TMC, I, doc. 79.

171. No seu estudo sobre o dominio do mosteiro de Sobrado, localizado na área interior da actual provincia da Coruña, M. C. Pallares observa como este cenobio adquiriu terras aptas para o cultivo da vide, pero en áreas arreaddas do que pode considerarse o centro do dominio tales como a rexión do Val do Miño, e incluso outras fóra do reino de Galicia, como o Bierzo. M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 173.

172. M. Bloch puxo de relevo a importancia adquirida por este tipo de zonas boscosas e de montes para o home da Idade Media. Na súa monografía sobre a historia rural francesa durante este período histórico, o autor aludía xa a toda esta problemática sobre este sector do espazo agrario. "... tan inhospito en muchos aspectos, el bosque dista mucho de ser inútil. Ningún dominio parecía completo si no tenía el suyo". M. BLOCH, *Historia rural francesa*, Barcelona, 1978, p. 103 (en adiante M. BLOCH, *Historia rural*).

173. O documento de doazón a Caaveiro dos condes Fernando e Vermudo Pérez do ano 1106, facía referencia á existencia de montes entre os bens doados na aldea de Bitirit, "...*de monte de Argimir medium, de monte de Sisto medio...*". TMC, I, doc. 51.

Á hora de aludir á existencia de montes e zonas de pastos entre aquelas unidades que configuraban os dominios territoriais da aristocracia laica, hai que facer referencia obrigada á cabana gandeira que era sostida nestas zonas. Ao igual que pode constatarse no caso dalgunhas destas unidades básicas que foran obxecto de análise, a documentación existente para a parentela dos Fróilaz é bastante parca á hora de facer alusión aos elementos da tipoloxía gandeira deste grupo aristocrático. Aínda así, e en función dunha análise de maior envergadura para o conxunto dos sectores sociais da rexión, é posíbel precisar como hipótese probábel a existencia entre outros de équidos, bóvidos, e probablemente algunhas unidades de gandería ovina entre os rabaños pertencentes a este grupo aristocrático.

Resulta ineludíbel referirse ao gando equino cando se fai alusión aos compoñentes dos grupos aristocráticos, pero non en función dunha supremacía da mesma con respecto ao resto das especies animais que configuraban as súas cabanas gandeiras, senón como algo que establecía un status de privilexio con respecto ao resto dos grupos sociais, e que configuraba o seu modo de vida concreto, e do cal o équido era un elemento ou útil imprescindíbel para esa función propia da aristocracia laica: a gorra. A posesión dunha cabana equina parecía estar polo tanto ligada aos sectores da aristocracia, non só porque tiñan os medios propios para o mantemento da mesma, senón tamén para adquirila; sendo ás veces máis custoso que moitas propiedades que foron obxecto de compravenda, de aí que en moitas ocasións fose utilizado tamén como moeda de pago<sup>174</sup>.

Xunto coa cabana equina, cabe facer referencia obrigada a outras especies como a bovina, probablemente a especie gandeira que ofrece un maior numero de datos a nivel xeral no conxunto das fontes conservadas, pero ao igual que se puido constatar no caso dos équidos, as referencias conservadas non achegan datos sobre a posesión deste tipo de rabaños en mans dos membros do grupo dos Fróilaz. A maior parte das alusións na documentación conservada para a comarca proceden de membros do campesiñado, ou dos sectores inferiores da aristocracia da comarca, os cales cederon estes animais en función das vendas ou doazóns realizadas a favor dos grandes dominios monásticos; sendo estes últimos precisamente o mellor referente para o estudo desta tipoloxía gandeira nos territorios do Eume. En calquera caso, resulta evidente e innegábel, que os membros do grupo aristocrático dos Fróilaz deberon ter no seu poder importantes rabaños de bóvidos, sendo estes precisamente o animal de traballo máis propio das terras galegas, e que mellor parece adaptarse ao medio físico.

Sobre outras razas o especies animais as referencias conservadas presentan unha menor contía de datos. É o caso das especies ovina e caprina, as cales apenas aparecen documentadas nestes séculos centrais da Idade Media, e os datos que se posúen resultan verdadeiramente escasos en

174. Malia que nas terras do Eume a maior parte das referencias conservadas proceden de personaxes pertencentes aos sectores inferiores da aristocracia, ou de campesiños acomodados, situados nesa posición social entre este sector propiamente dito, e as clases inferiores da aristocracia, é posíbel constatar algúns casos concretos para o grupo dos Fróilaz. Foi precisamente "*o caballo colore roseo*" o que Rodrigo Fróilaz pagou pola herdade que Osorio Velázquez tiña en Vilar no ano 1087. CDSMJ, doc. X. Un caso similar obsérvase en 1134, cando a condesa Loba Pérez daba a Suero Díaz varias "*mulis et caballis*" para pagar a metade das propiedades que esta adquirira na aldea de Franza. CDSMJ, doc. XXXVII. Posteriormente, nunha escritura do Tombo de Caaveiro datada entre os anos 1181 e 1187, obsérvase como Rodrigo Mouro, posíbelmente un dos vasallos do conde Gómez González, aludía a un "*equum quod est optimum preciato CC solidos*", cedido "*ad meo seniore, pro meo nuncio*". TMC, I, doc. 56.



contraposición á raza bovina. Non parece dar a impresión a primeira vista -ao igual que se pode constatar noutros territorios do reino de León e da meseta norte-, que existisen aquí aqueles grandes rabaños de gando lanar. No caso concreto dos sectores campesiños, o seu uso puido estar destinado á alimentación e á produción dunha materia prima concreta como é a la; pero no concenrente aos poderes superiores, e máis concretamente aos grupos aristocráticos, pode chamar en certo modo a atención esta ausencia de referencias cara á mesma. É certo que pode pensarse que a cabana lanar non tivo nas terras galegas a mesmo auxe que noutras áreas peninsulares, pero non por isto deba descartarse a posibilidade de que a existencia deste tipo de rabaños tamén puido ser unha realidade factible, non só en función da produción alimenticia, senón tamén na comercialización de excedentes para o mercado nas principais cidades da xeografía galega.

### E. Os útiles do miño

Dentro da temática concenrente a este tipo de útiles para a transformación dos produtos agrícolas, M. Bloch chegou a afirmar que a posesión de todo este tipo enxeños levaba para os señores todo un conxunto de dereitos xurisdiccionais, que facían que estas propiedades fosen o monopolio máis importante e difundido de cantos tiñan nas súas mans os membros dos poderes superiores. Segundo este autor, a posesión destes miños, como tales instrumentos agrarios, estaba polo xeral en mans dos grandes señores, quedando supeditados os membros das comunidades campesiñas á obriga da súa utilización a cambio dun canon o tributo polo uso do mesmo, unha das coñecidas como banalidades señoriais<sup>175</sup>. Un aspecto que tamén foi corroborado por parte de G. Duby nos seus respectivos traballos. Para o dito autor, os principais dereitos que aumentaban as contías das arcas señoriais radicaban no uso deste tipo de monopolios por parte do conxunto do campesiñado. Co aumento da superficie destinada ao cultivo, en función desa fase de novas labranzas e de expansión demográfica que se vai constatar en todo o occidente europeo durante os séculos centrais da Idade Media, aumentou o consumo de produtos derivados da área cerealística, co conseguente uso da utillaxe para a transformación do cereal en alimentos de primeira necesidade, e o cobro do seu respectivo imposto pola utilización do mesmo<sup>176</sup>.

Agora ben, non existen na área da comarca do Eume referencias concretas cara á posesión deste tipo de propiedades, nin por parte dos poderes superiores, nin aludindo a unha posíbel propiedade colectiva das mesmas no conxunto das distintas comunidades rurais ; pero non por isto é necesario negar a súa existencia na área de estudio. Resultaría ilóxico pensar que unha rexión como Galicia, cualificada en ocasións como "o país dos mil ríos", os homes do medioevo non aproveitasen as posibilidades que ofrecían os distintos cursos de auga e a forza xerada polos mesmos para a transformación do cereal en materia panificable. De feito, E. Portela e M. C. Pallares si localizan este tipo de instrumentos de transformación nas terras do Baixo Miño. Ambos autores aludían pre-

175. M. BLOCH, *Historia rural...*, p. 229.

176. "Sus ingresos, así como los que proceden de hornos y molinos, siguen incrementándose a medida que aumenta la superficie de las tierras cultivadas, que progresa el uso del pan, que aumenta el número de hombres. Quienes poseen estos derechos obtienen con qué alimentar abundantemente a su familia, y a veces obtienen dinero cuando alquilan estos derechos. Se aferran a ellos como a una de las fuentes más seguras de ingresos". G. DUBY, *Guerreros y Campesinos. Desarrollo inicial de la economía europea (500-1200)*, Madrid 1987, p. 282.

cisamente a que a instalación dun muíño de auga sería verdadeiramente custosa, debido a que requiría un investimento de ampla envergadura, o que levo a deducir que a súa propiedade debía estar sobre todo en mans dos poderes superiores da sociedade, ou ben dun campesiñado potente e acomodado, que puidese levar ao cabo tanto a súa construción así como o mantemento requirido<sup>177</sup>. É certo e innegábel que en teoría eran os poderes superiores quen podían facer fronte con maiores garantías á construción deste tipo de enxeños, pero tamén é posíbel establecer certa advertencia ao respecto -e trátase dunha teoría que parece impoñerse para outras áreas dos reinos do Occidente da España cristiá-, ao afirmar que a posesión destes muíños tamén puido estar nun principio en mans das distintas comunidades campesiñas, como propiedades colectivas pertencentes a estas últimas. A presión exercida por parte dos poderes señoriais puido ter dado lugar a que pouco a pouco e co paso do tempo, estes fosen apropiándose das distintas *raciones* que permanecían en mans dos grupos campesiños<sup>178</sup>.

É probábel pensar, malia que non existan referencias tanxíbeis, que tamén nas terras galegas, e neste caso na área da comarca eumesa, a posesión de muíños puido estar nun primeiro momento en mans das comunidades campesiñas, as cales, en función das continuas presións levadas ao cabo por parte dos poderes señoriais, víronse pouco a pouco obrigadas a desprenderse dos seus dereitos colectivos nos muíños da comunidade. Unha propiedade colectiva que permanecía en mans do conxunto do campesiñado, pero que por outra parte, tampouco debe negar o feito de que moitos dos muíños existentes nestes momentos fosen tamén construcións levadas ao cabo por parte dos señores.

Do que non cabe dúbida é que o panorama que se observa para os séculos centrais da Idade Media, presenta unha imaxe na que os muíños eran un elemento indiscutíbel da gran propiedade señorial, e dos cales os poderes superiores extraían unha das maiores fontes de renda: as maquillas, ou o canon cobrado polo uso do mesmo a aqueles membros do campesiñado que non dispuxesen deste tipo de dispositivos para a transformación dos seus excedentes agrarios.

177. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *El bajo valle...*, p. 28.

178. A este respecto, son interesantes as achegas vertidas por J. A. García de Cortazar, quen afirma que a posesión deste tipo de útiles en mans das comunidades campesiñas foi unha realidade tanxíbeis, arremetendo deste modo contra as posicións daqueles autores que viñeran destacando o forte monopolio dos señores sobre os mesmos. Dito autor insistía en que: "Cualquier poblador estaba en condiciones jurídicas, y muchos en las económicas, de levantar tales ingenios". Ao igual que M. Bloch o G. Duby, J. A. García de Cortazar tamén chegou a considerar os muíños como parte fundamental dos dereitos de Ban señoriais, pero no seu traballo sobre estes instrumentos nas comarcas da Rioja Alta sitúase en posicións contrarias ao medievalista francés, así como daqueles que seguiron as teorías por el expostas: "Lo que quiere decir que si, en un momento dado, consideré el molino como instrumento de señorialización, debo inclinarme ahora por estimar que su posesión por parte de los monasterios", así como polos membros da aristocracia laica sería necesario engadir, "es síntoma y resultado más que factor de ese proceso". Vid. J. A. GARCÍA DE CORTAZAR, "El equipamiento molinar en la Rioja Alta en los siglos X al XIII" en *Studia Siliensia, III. Homenaje a Fray Justo Pérez de Urbel, I*, Silos, 1976, pp. 387-405, vid. sobre todo p. 405. Tamén R. Pastor insiste nesta apreciación, afirmando que en principio foron as comunidades campesiñas as constructoras deste tipo de enxeños de transformación de materias agrícolas, pertencendo polo tanto ao conxunto da comunidade. A explotación dos mesmos facíase por separado e por turnos entre todos os membros da mesma, ou entre as familias que a compoñían. R. PASTOR, *Resistencia y luchas...*, p. 59.

## 2.2 UNIDADES DE ARTICULACIÓN

### A. O casal

Constituíu unha das unidades de articulación por excelencia, integrada á súa vez noutras de maior amplitude como podían ser as aldeas, e composta por un número determinado de unidades básicas tales como terras, hortos o cortiñas. O casal supoñía o equivalente galego do solar castelán ou da corte leonesa, integrado polo conxunto de terras postas en explotación por unha familia campesiña<sup>179</sup>.

A documentación existente permite en ocasións observar unha dobre tipoloxía no que respecta a este tipo de unidades de explotación. Por unha parte, obsérvase a existencia de casais que están integrados nas aldeas, algo que pode observarse con máis asiduidade para as fontes dos séculos XI e XII; e por outra, é factíbel constatar como - sobre todo a partir do século XIII-, os casais comezan a consolidarse como unidades independentes destas últimas, consecuencia directa segundo E. Portela, da fragmentación á que se viron sometidos moitos dos mesmos nos repartimentos sucesorios de herdanza, sobre todo nos séculos XIII e XIV, época na que se observa nas terras galegas un importante aumento da demografía<sup>180</sup>. Todo isto, segundo M. L. Ríos Rodríguez, non fai senón poñer de relevo a existencia dos tipos de casais distintos, uns que aparecen integrados en unidades de articulación superiores, e outro que respondía á existencia de núcleos dispersos, que non presentan vinculación coas aldeas, malia que teñan unha proximidade espacial con respecto a estas últimas<sup>181</sup>.

O casal estaba composto en primeiro lugar polo núcleo de hábitat, a casa ou *domus*, xunto con aquelas instalacións para o almacenamento da colleita e dos instrumentos agrícolas, así como para a garda da cabana gandeira. En torno ao mesmo situábanse as zonas de terrádego destinadas á produción hortícola para produtos de primeira necesidade, os hortos anteriormente analizados; e máis aló, as terras ou *agros* propiamente ditos, e cuxa principal función era a produción cerealística. A todos estes elementos constitutivos do casal, debe engadirse ademais, os correspondentes dereitos de uso dos espazos comunais. Do mesmo modo, tamén cabe facer referencia ao casal como a unidade fiscal idónea para a extracción de rendas por parte dos poderes superiores.

Agora ben, en función dos datos conservados para a parentela dos Fróilaz nesta área da Galicia setentrional, pode dar a impresión a primeira vista de que nas terras do Eume a existencia de casais non foi algo que poida caracterizarse como habitual. Nin moito menos. Neste territorio, o casal, ao igual que noutros lugares da xeografía galega, debeu ser a unidade de articulación por anto-

179. Definido por M. L. Ríos Rodríguez como “una entidad clave en la organización y transformación del espacio medieval gallego: representa además la individualización del espacio hasta sus últimas consecuencias, ya que, tras él, no aparecerá posteriormente ninguna entidad de menor rango en la organización social del espacio”. M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, “El casal medieval gallego: contribución al estudio de una unidad de poblamiento y explotación” en *Galicia en la Edad Media. Actas del Coloquio de Santiago de Compostela, La Coruña, Pontevedra, Vigo, Betanzos, 13-17 Julio 1987*, Madrid, 1990, pp. 107-128. (en adiante M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, *El casal*).

180. E. PORTELA SILVA, *La región...*, pp. 85-86.

181. M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, *El casal...*, p. 111.

nomasia dentro do dominio señorial deste grupo aristocrático, cousa distinta pode ser que a súa men- ción nas fontes non se fixese de forma directa, senón máis ben ocluída, e que a existencia destes casais fose unha realidade incuestionábel dentro daquelas herdades ou *portiones* de aldeas que os membros dos Fróilaz cederon ao conxunto dos dominios eclesiásticos ao longo de todo este período.

Aínda así, existen datos concretos, datados na segunda metade do século XII, que aluden precisamente á existencia dos casais dentro do contexto interno do dominio territorial da parentela; os cales poden servir como exemplo para ilustrar todo este entramado. No ano 1165, Suero Menéndez doaba ao mosteiro cisterciense de Sobrado a súa herdade na aldea de Priorio, sinalando que a mesma se entregaba na súa integridade, coa excepción daquel "*casale de Mandiane*"<sup>182</sup>. É dicir, obsérvase como este casal, que o doador se reserva para si, formaba parte dunha unidade superior na cal estaba integrado. Esta escritura de doazón foi corroborada por Suero Menéndez nese mesmo ano de 1165, e en función da mesma, este magnate sinalaba que se algún dos mem- bros da parentela do seu tío Gonzalo Rodríguez reclamase aos cistercienses de Sobrado aquelas her- dades que foran obxecto de entrega, estes deberían satisfacer ao mosteiro coas propiedades de Suero Menéndez na aldea de Pinarío onde se aludía á existencia de "*XII casalibus*" que neses momentos estaban no seu poder<sup>183</sup>. Como pode observarse, o elevado número de casais que este personaxe mantiña no seu poder na mesma, presupón unha clara evidencia que denota a posición social daquel que procedía a outorgar estes bens ao cenobio de Sobrado.

## B. Igrexas e mosteiros particulares

Probabelmente trátase das unidades de articulación que aparecen con máis asiduidade no contexto das fontes durante ese intervalo que oscila entre os anos finais do século XI e a primei- ra metade do XII, como consecuencia das continuas doazóns realizadas por parte dos membros desta parentela aos distintos dominios monásticos e catedralicios cos cales mantiñan algún tipo de relación. O feito de que a monarquía castelá-leonesa adoptase as formas e postulados establecidas na Reforma Gregoriana, as cales determinaban que a igrexa non debía de estar suxeita a ningún poder terreal ou laico, levou que a partir deses instantes se producise, coa axuda da iniciativa rexia, un constante traspaso de bens eclesiásticos por parte dos poderes laicos cara ás institucións reli- xiosas<sup>184</sup>.

A posesión deste tipo de bens dentro dos dominios da aristocracia laica supuxo para esta última un importante conxunto de beneficios. En primeiro lugar, a nivel económico, en función do cobro dos distintos décimos exixidos á poboación campesiña, obtidos daqueles dereitos de padro- ado anexos este tipo de propiedades eclesiásticas, o coñecido como *ius patronatum*. En segundo lugar, a nivel espiritual, xa que en ocasións constituían lugares de acollida e asilo para determina- das viúvas ou orfos, ou cumprían unha función como posíbel panteón familiar, como lugar para o

182. TMSM, I, docs. 490, 618.

183. TMSM, I, doc. 601.

184. A temática referente a estas igrejas locais foi xa analizada no seu momento por M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, "Las eccl- esiae dependientes de los monasterios de Jubia, Caaveiro y Monfero (s. XI a XIII)" en Adaxe, 5 (1989), pp. 105-123 (en adiante M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, *Las ecclesiae*).

repouso eterno para moitos dos membros destas parentelas aristocráticas; aspecto este último que non parece observarse nesas bens eclesiásticos que os Fróilaz tiñan na comarca do Eume, ao menos no que respecta a aqueles membros que accederon ás estruturas de poder dentro do grupo, e que elixiron outros centros relixiosos de maior envergadura como o mosteiro de Sobrado ou a propia Catedral de Santiago. Estas igrexas e cenobios particulares constituíron un dos elementos de primeira orde dentro desa tipoloxía de unidades que configuraban os distintos dominios aristocráticos<sup>185</sup>. Como tales unidades de articulación, este tipo de propiedades estaban integradas á súa vez por un determinado conxunto de unidades básicas, tales como terras, viñas, hortos, espazos de monte, pero tamén á súa vez por outras unidades de articulación como podían ser os casais<sup>186</sup>.

A análise destas igrexas ou mosteiros que permanecían baixo o dominio dos membros da aristocracia, leva desde un principio e de modo inherente dúas problemáticas nas que é obrigatorio incidir: establecer se se trata de unha simple igrexa, ou se pola contra pode falarse da existencia dunha comunidade monástica asentada na mesma; e como non, intentar precisar a orixe concreto deste tipo de propiedades, que determinou a súa posesión por parte dos compoñentes destes sectores aristocráticos.

No referente ao primeiro de ambos aspectos, cabe sinalar que en ocasións a documentación pode aludir de forma xenérica a este tipo de propiedades baixo dúas acepcións concretas: igrexas ou mosteiros, sen chegar a establecer de maneira concreta distincións entre as mesmas. A utiliza-

185. No seu estudo sobre o dominio da catedral compostelana, L. Barreiro Somoza admite que este tipo de igrexas “pueden ser consideradas como un elemento importante dentro del conjunto de propiedades de cualquier dominio señorial, y su adquisición sirve, lógicamente, para el logro de una mayor ampliación de su estructura fundaria”, pero considera erróneo “la calificación de unidades de explotación agraria para estas iglesias”, segundo este autor, “su finalidad primaria es la de servir como unidades de culto religioso para las comunidades aldeanas y del que se hacen responsables uno o varios clérigos, a cuyo sustento contribuyen las rentas de las heredades que integran el patrimonio de cada iglesia, siendo como una especie de beneficio, en el más estricto significado feudal de este término, a cambio del oficio clerical que dichas personas debían ejercer y por el que debían de prestar juramento de fidelidad a su otorgante”. L. BARREIRO SOMOZA, *El Señorío de la iglesia de Santiago de Compostela (siglos IX-XIII)*, A Coruña, 1987, p. 310 (en adiante L. BARREIRO SOMOZA, *El Señorío*). Certamente, non pode afirmarse que unha igrexa que permanecía en mans dun particular poida ser considerada como unidade de explotación agraria, como podía ser unha terra ou un agro determinado. O que debe destacarse con respecto a este tipo de posesións é ante todo o seu carácter como elemento integrador doutra tipoloxía de propiedades adscritas ás mesmas; constituir unha unidade fiscal, de apropiación de rendas e excedentes; e ser en moitos casos un referente particular dos distintos grupos aristocráticos, os cales tiveron sumo coidado en evitar na medida do posíbel a súa saída da órbita da parentela.

186. Non é frecuente que as referencias documentales aludan polo xeral ao resto de propiedades anexas a estas igrexas particulares, pero existen casos concretos nos que pode concretarse a existencia deste tipo de bens, como patrimonio adscrito a aquelas propiedades eclesiásticas que permanecían baixo o dominio das distintas parentelas aristocráticas. Algo que pode observarse por exemplo na venda realizada no ano 1087 por parte de Osorio Velázquez a Rodrigo Fróilaz. En función da mesma, o primeiro desprendíase da súa parte na igrexa de Santa María de Vilar, a cal vendía con todos os bens anexos á mesma, e entre os que se incluían “*casas copertas et decopertas, petras mobiles et immobiles, quintanales, ortales, pumarres, cerdeiras, nogares, castinares, terras cultas et incultas, pratis, pascuis, paludibus, exitus uel regresus...*”. CDSMJ, doc. X. Algo similar obsérvase no ano 1108, cando Pedro Fróilaz cedía a Caaveiro parte da súa igrexa en Taboada, a cal se entregaba “*cum omnibus adiunctionibus suis*”. TMC, II, doc. 148. De igual modo, tamén cabe facer referencia á igrexa ou ermiña de San Isidro de Calobre, doada ao mosteiro de Monfero no ano 1163 por parte do conde Fernando González, quen facía entrega da mesma “*cum omnibus ad se pertinentibus hereditatibus*”. J. L. LOPEZ SANGIL, *La fundación...*, p. 22. Pero non só eran propiedades dominicais as que se entregaban no momento de conceder este tipo de posesións eclesiásticas as grandes dominios monásticos e catedralicios. Anexas aos bens inmoables, estaban tamén os dereitos que os membros da aristocracia laica tiñan sobre este tipo de igrexas e cenobios particulares. Dereitos sobre o cobro de décimos e primicias ao conxunto da poboación campesiña, e que repercutían de forma favorábel na economía particular dos grandes magnates. Estes eran tamén obxecto de entrega no momento da cesión, como pode observarse no ano 1142, cando Vela Gutiérrez, fillo de Toda Pérez e de Gutierre Osorio, doaba a Caaveiro a metade do tempo de San Mamed de Laraxe “*cum omnibus directuris et pertinentiis*”. TMC, I, doc. 17.

ción dun vocábulo como *monasterium* á hora de proceder á redacción das escrituras podería levar de facto a pensar, sen ningún tipo de dúbida, que no mesmo se asentaba un pequeno grupo de monxes encargados do seu mantemento. Agora ben, do mesmo modo, tamén convén advertir que en moitas ocasións, o feito de definir estas unidades de articulación co termo *ecclesia*, pode levar a equivocacións de fondo, xa que a utilización do mesmo non debe significar, nin moito menos, que se estea a facer alusión de forma exclusiva a un simple templo local, destinado a satisfacer as necesidades de culto dunha determinada localidade ou aldea; senón que pola contra, tamén é factíbel chegar a pensar que se estivese referindo a unha comunidade monástica concreta que habitaba entre os seus muros<sup>187</sup>.

Un dos templos documentados na rexión, a igrexa de Santiago de Franza, pode dar lugar a este tipo de problemática, en función das noticias transmitidas nas fontes. Estas aluden na maior parte das ocasións a ese templo de Santiago de Franza como igrexa, obtendo unha visión do mesmo que non permite cualificalo máis aló dunha simple igrexa rural. Non obstante un dos documentos de doazón de Rodrigo Fróilaz ao dominio de San Martiño de Xuvia no ano 1114, refírese a Santiago de Franza baixo a acepción *monasterio*<sup>188</sup>. Non cabe dúbida de que no caso concreto de Santiago de Franza, a utilización deste termo non é precisamente a máis acertada, xa que erradamente podería dar lugar a pensar que se trataba dun lugar no cal se asentaba unha comunidade monástica, baixo a dependencia directa dos membros deste grupo aristocrático. Porén, existen numerosos datos que permiten constatar como este templo non foi patrimonio exclusivo dos Fróilaz, senón que as súas distintas *portiones* e dereitos recaían en todo un conxunto de individuos.

Noutros casos parecen existir menos dúbidas no referente á identificación destes lugares. Documentáanse casos como o de San Xiao de Narón, o cal xa é sinalado na mesma Historia Compostelana como mosteiro no ano 1110<sup>189</sup>; un dato que quedaba confirmado un ano máis tarde no documento de dotación a San Salvador de Pedroso, cando Munia Fróilaz cedía entre outras herdades a cuarta parte daquel "*monasterio de Naron*"<sup>190</sup>. O mesmo ocorre nese mesmo caso de Pedroso, mosteiro fundado por Munia Fróilaz no ano 1111, aínda que precisamente aquí o documento de doazón alude ao mesmo como "*ecclesiam in nomine Salvatoris Domini nostri Iesu Christi*"<sup>191</sup>. Por último, pode facerse referencia ao cenobio de Santa María de Nogueirosa, fundado

187. No seu estudo sobre as igrexas da aristocracia nas terras de Cantabria, M. I. Loring García afirma que durante esta época non é posíbel establecer diferenzas concretas entre igrexas e mosteiros, xa que polo xeral, se estaba a facer referencia a pequenos templos localizados no seo das comunidades de aldea, servidas en ocasións por parte dun pequeno grupo de monxes. M. I. LORING GARCÍA, "Nobleza e iglesias propias en la Cantabria altomedieval" en *Studia Historica. Historia Medieval*, V, (1987), pp. 89-120 (en adiante M. I. LORING GARCÍA, *Nobleza e iglesias*). É mi difícil, e certamente se constata en contadas ocasións, poder precisar se en todas aquelas propiedades que foron designadas baixo o nome xenérico de mosteiros, existiu realmente unha comunidade de individuos dedicados á vida e á observación das regras monásticas, e que mantián unha relación de dependencia con respecto a aquelas parentelas da aristocracia laica no momento da súa concesión aos grandes dominios monásticos. En todo este entramado cómpre facer alusión ás teorías vertidas no seu momento por J. Orlandis, para quen o uso dun termo lingüístico como o de "*monasterium*", podía nun momento dado encubrir una ficción da vida relixiosa regular que estaba destinada á procura da exención da autoridade episcopal. J. ORLANDIS, "Los monasterios familiares españoles durante la Alta Edad Media" en *Estudios sobre instituciones monásticas medievales*, Pamplona, 1971, pp. 125-164, p. 136.

188. CDSMJ, doc. XXII.

189. H. C., I, XXXV, p. 142.

190. E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1.

191. *Ibidem*, doc. 1.

por Vermudo Pérez no ano 1148, no cal este magnate situou toda unha comunidade monástica procedente do mosteiro de Toxos Outos<sup>192</sup>.

Como pode observarse esa diferenciación entre igrexas e mosteiros supón un importante inconveniente á hora de proceder ao estudo das propiedades eclesiásticas da aristocracia. En moitos casos, o vocábulo *monasterium* non deixa lugar a dúbidas de que no mesmo podía estar asentada unha comunidade monástica destinada ao servizo do mesmo. Pero o certo é que noutros, o emprego do termo *ecclesia* pode dar lugar a fortes controversias, xa que tampouco ten necesariamente por que referirse de maneira exclusiva a un templo local, destinado ao culto e á práctica da liturxia cristiá nunha determinada *villa* ou aldea. Nestes casos, o que realmente importa precisar é que tanto nuns como noutros se albergaba un espazo de culto coa súa correspondente dotación patrimonial cedida por parte dos membros deses grupos aristocráticos.

A outra problemática anexa á posesión deste tipo de bens radica en intentar precisar cal puido ser a orixe concreta que determinou a posesión dos mesmos en mans deste grupo aristocrático. A documentación conservada -e que alude precisamente ás igrexas que formaban parte do patrimonio dos Fróilaz nas terras do Eume-, permite establecer varias hipóteses e vías de análise ao respecto, para intentar concretar na medida do posíbel esa orixe que determina a posesión deste tipo de propiedades que neses momentos permanecía en poder dos membros deste grupo aristocrático.

En moitos casos, non cabe a menor dúbida de que debía tratarse de fundacións levadas ao cabo por parte dalgúns dos membros da parentela<sup>193</sup>, como podían ser os de San Salvador de Pedroso ou Santa María de Nogueirosa. Con respecto a estes últimos, a súa orixe non presenta dificultades de ningún tipo, tratábase por suposto de fundacións cuxos protagonistas eran precisamente os membros do grupo dos Fróilaz, as cales podían pertencer a un único membro da parentela, -o que M. L. Ríos Fernández denominou como "iglesia-bloque de un único propietario"-<sup>194</sup>, ou a varios dos seus compoñentes en función das estruturas de herdanza imperantes. Noutros casos, as fontes sinalan a entrega deste tipo de propiedades aos grandes dominios monásticos ou catedralicios de forma íntegra, o que permite precisar a hipótese de que podía tratarse de templos que foran posíbel obxecto de fundación por parte dos compoñentes da parentela.

O documento de fundación e dotación do mosteiro de San Salvador de Pedroso de 1111, permite observar como moitas igrexas localizadas no territorio de Trasancos foron cedidas na súa integridade por parte de Munia Fróilaz. Concretamente, entre outras alúdese a certa igrexa de San Clemente, a cal foi doada de forma íntegra. Xunto coa mesma, a escritura alude tamén á igrexa de San Xiao de Lamas, cedida tamén do mesmo modo<sup>195</sup>. Algo similar constátase nunha das doazóns

192. Sobre o mesmo vid. J. FREIRE CAMANIEL, *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, 2 vols., A Coruña, 1998. Vid sobre todo vol. II, p. 804. J. L. LÓPEZ SANGIL, *Nogueirosa...*, p. 252.

193. Fundación, herdanza e encomendamento, son precisamente as causas sinaladas por M. I. Loring no concerniente á posesión deste tipo de cenobios por parte da aristocracia na área cantábrica. M. I. LORING GARCÍA, *Nobleza e iglesias...*, pp. 93-100.

194. M. L. RÍOS RODRÍGUEZ, *Las ecclesiae...*, p. 110.

195. E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1.

da súa irmá Visclavara ao mosteiro de Xuvia, cando no ano 1114 cedía entre outros bens en Bezoucos a "*aeccliam totam de Sancto Vicentio de Regola*"<sup>196</sup>. Ese mesmo diploma, como o documento de fundación de San Salvador de Pedroso, alude ás igrexas de San Mamede de Athenos e de San Lorenzo de Doso. No que respecta a esta última, tanto Visclavara como a súa irmá Munia Fróilaz, concedían este templo, ou ao menos as súas distintas *rationes* no mesmo. A presenza como propietarias de ambas conxéneres leva a supor, que moi posibelmente San Lorenzo de Doso puido ser unha fundación dos membros desta parentela<sup>197</sup>.

Xunto con estes exemplos, as fontes permiten igualmente establecer casos similares noutras localidades da comarca. É o caso de San Vicente de Ferraria, igrexa que foi doada ao mosteiro de Xuvia na súa integridade por parte do conde Pedro Fróilaz no ano 1125<sup>198</sup>; ou a de Santiago de Barallobre, onde se observa a presenza como propietarios de varios membros da parentela, como podían ser o propio Pedro Fróilaz, o seu irmán Rodrigo e o seu sobriño Menendo Rodriguez<sup>199</sup>.

Tratábase posibelmente de templos integrados na órbita do dominio da parentela, que nalgunos casos debían ter sido fundados polos seus antecesores, e sobre os cales existiron unha partición por igual entre os herdeiros en función deses sistemas de herdanza cognaticios e bilaterais, propios da lexislación destas épocas. E é que a propiedade dunha determinada igrexa ou mosteiro, raras veces recaeu en mans dun único individuo, salvo casos perfectamente determinados. Polo xeral, pode establecerse que todos os membros que compoñían a parentela tiñan unha serie de dereitos sobre este tipo de bens eclesiásticos; ou o que é o mesmo, eran donos das súas respectivas partes ou *portiones*. Ese carácter de propietarios das mesmas determinaba que ditos bens puideran ser vendidos, doados ou transmitidos aos seus descendentes. O feito de que os compoñentes dun determinado grupo aristocrático tivesen dereito de vender ou doar a parte que lles correspondía nunha igrexa ou mosteiro particular, xunto co conxunto de propiedades territoriais que puidesen estar anexas aos mesmos, supoñía que ditos bens abandonasen de inmeiato a órbita da parentela, co o consiguiente prexuízo que isto podía supoñer. Moitos grupos aristocráticos procuraron na medida do posíbel evitar que estas propiedades eclesiásticas saísen da esfera propia da parentela, e que esa tendencia contemplada na lexislación de participación colectiva nos dereitos sobre unha determinada propiedade dese lugar a unha fragmentación dos mesmos. De aí que optasen por manter a indivisibilidade da propiedade eclesiástica, impondo determinadas sancións para todos aqueles membros da parentela que pretendesen optar e dispoñer de forma directa daquelas *portiones* que lles correspondían nestes mosteiros e igrexas particulares. Para isto creouse en determina-

196. CDSMJ, doc. XXII.

197. No documento de fundación de San Salvador de Pedroso, obsérvase como Munia Fróilaz cedía aquela "*aeccliam Sancti Laurentii de Doso meam integram*". Neste caso, é probábel que a fundadora estivese a facer alusión á súa parte e os seus dereitos na mesma. Non é posíbel pensar na posesión íntegra deste templo por parte de Munia Fróilaz, debido a que poucos anos despois, en 1114, a súa irmá Visclávava cedía dereitos de propiedade nesta igrexa a San Martiño de Xuvia. A única problemática que pode establecerse é que neste último documento de 1114, a doadora sinalaba que "*concedo ibi totam*", o que pode levar a supoñer a existencia dunha propiedade plena sobre a mesma. Como posíbel hipótese ao respecto, pode conxecturarse unha posíbel e posterior entrega ou permuta por parte de Munia Fróilaz ou do dominio de Pedroso, que puido levar a que Visclávava Fróilaz accedese por completo aos dereitos sobre esta igrexa de Doso. Sobre ambas doazóns vid. E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1; CDSMJ, doc. XXII.

198. "*...de aeclia sancti Vicenti de Ferraria cum adiuntionibus suis integram...*". CDSMJ, doc. XXX.

199. Sobre as distintas *portiones* que estes membros da parentela tiñan sobre esta igrexa vid. CDSMJ, doc. XXX; TMC, I, docs. 29, 30, 83.



das ocasións a figura dun dominus, membro polo xeral do mesmo grupo aristocráticos, encargado tanto da administración como o goberno destes cenobios particulares, quen debía de evitar por todos os medios posíbeis a fragmentación do dominio entre os seus respectivos herdeiros; un papel que na maior parte dos casos recaía sobre personaxes que optaron por abrazar a vida relixiosa, quedando deste modo adscritos a eses dominios particulares, desempeñando as funcións de abade dos mesmos. No caso de que ningún dos membros dun grupo aristocrático decidise escoller a vida espiritual, o máis probable é que fose o mesmo abade do cenobio o que estivese investido coa facultade de poder decidir que personaxe da parentela ía ser designado como *dominus*.

Agora ben, noutros casos, as dificultades parecen acrecentarse á hora de establecer a posíbel orixe dos mesmos, polo que se fai necesario unha análise máis exhaustiva das noticias conservadas sobre unha determinada igrexa ou mosteiro. Xunto con toda esa serie de exemplos observados ao longo das páxinas precedentes, a documentación fai referencia tamén a outras igrexas ou mosteiros locais, onde é posíbel constatar xunto con esa presenza de personaxes pertencentes a esta parentela outra tipoloxía de propietarios, que polo xeral e salvo raras excepcións, eran membros pertencentes aos sectores inferiores da aristocracia. Nestes casos, o marco de posibilidades no referente á orixe de dita propiedade acrecéntase de forma considerábel; e moi probablemente deba buscarse nos distintos procesos de disgregación e xerarquización acontecidos no seo da comunidade de aldea durante a época de formación das estruturas feudais. Tratábase de templos que debían ter sido edificadas polo conxunto da comunidade, onde todos os membros da mesma exercían o papel de patróns, pertencendo a estes últimos, todos aquele bens cos cales se dotaba a estes edificios e institucións eclesiásticas<sup>200</sup>. Os procesos de diferenciación que comezaron a observarse no contexto interno destas comunidades, coa existencia daqueles *maiores* que xurdiron e se superpuxeron sobre o resto dos *minores*, tiveron as súas correspondentes repercusións na posesión destas igrexas locais, cuxos dereitos sobre a súa propiedade se foron concentrando en mans dos primeiros por riba do resto da colectividade. Eses *maiores* ou herdeiros aparecían como propietarios das distintas *portiones* entre as que se subdividía esa propiedade eclesiástica local, e é posíbel pensar que eses mesmos procesos de disgregación interna que se observan sobre o conxunto da comunidade tivesen tamén a súa correspondente equivalencia no contexto interno destes *maiores* ou diviseiros locais, co conseguinte beneficio para un determinado personaxe que sobresaía sobre o resto deste colectivo, converténdose en propietarios exclusivos deste tipo de igrexas, máxime sobre todo se se trataba dalgún membro da aristocracia magnaticia<sup>201</sup>. E é que se a presión levada ao cabo polos *maiores* sobre o conxunto da poboación, determinou de forma xeneralizada o paso destes dereitos de colectividade sobre unha determinada igrexa; os membros da aristocracia magnaticia á súa vez

200. É o que J. M. Andrade Cernadas denominou como “iglesias de fundación vecinal” y de “patronato popular”. J. M. ANDRADE CERNADAS, *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (Siglos X al XIII)*, Sada, 1997, p. 198, n. 10.

201. Malia que no existen datos directos para o caso da comarca, é posíbel establecer para a mesma conclusións similares ás que se observan noutros casos da xeografía galega. No seu estudo sobre os dominios monásticos beneditinos, J. M. Andrade Cernadas observa un exemplo concreto no mosteiro de Celanova a principios do século XI: “Este testimonio se refiere a la iglesia de San Pedro de Laroá. Narra el documento en cuestión cómo, en principio, esta *villa et ipsa ecclesia* pertenecían a los *hominies hereditarios*, aunque, posteriormente, *intraerunt ibi alias potestates per comparationes et per incommuniations et fecerunt se hereditarios in ipsa ecclesia*. Parece que nos encontramos, por tanto, con una iglesia de la comunidad aldeana en cuestión, comunidad que pierde, además de buena parte de las tierras de sus componentes, la iglesia”. *Ibidem*, p. 198.

**RELACIÓN DE IGREXAS E MOSTEIRO DOS FRÓILAZ  
NOS TERRITORIOS DO EUME DOADOS A DOMINOS ECLESIASTICOS (SÉCULOS XI-XII)**

DATA	PROPIETARIO	BENEFICIARIO	IGREXA	FONTE
1098	Visclavara Fróilaz	S. Xoán de Caaveiro	Metade S. Xurxo de Magalofes	TMC, I, 22
1104	Rodrigo Fróilaz	S. Xoán de Caaveiro	Santiago de Franza	TMC, I, 99
1107	Rodrigo Fróilaz	S. Xoán de Caaveiro	S. Xoán de Barallobre íntegra <i>Portion</i> S. Salvador de Maniños IVª <i>portion</i> Santiago de Franza	TMC, I, 29
1108	Pedro Fróilaz	S. Xoán de Caaveiro	IIIª Sta. Mª de Taboada	TMC, II, 148
1111	Munia Fróilaz	S. Salvador de Pedroso	S. Clemente de Neda íntegra Santiago de Marnela íntegra <i>Portion</i> S. Lorenzo de Dorso	Pedroso, I.
1113	Pedro Fróilaz	Catedral de Santiago	<i>Portion</i> S. Xulián de Carantoña Santiago de Grandal íntegra <i>Portion</i> Sta. Mª de Castro <i>Portion</i> Santiago de Franza <i>Portion</i> Sto. Estevo de Eiris San Sadurniño Santiago do Abade	H. C., I, XCIV
1114	Munia Fróilaz	S. Martiño de Xuvia	IVª Sta. Mª de Neda	CDSMJ, XXI
1114	Visclavara Fróilaz	S. Martiño de Xuvia	VIIIª S. Xiao de Narón Metade de S. Salvador de Serantes IVª Sta. Mª de Neda <i>Portion</i> S. Lorenzo de Doso VIIIª S. Mame de Ahtenos IIIª Sta. Eulalia de Avinio (Aviño) S. Vicente de Regoela íntegra	CDSMJ, XXII
1114	Rodrigo Fróilaz	S. Martiño de Xuvia	IVª Sta. Mariña de Neda <i>Portion</i> Santiago de Franza	CDSMJ, XXIII
1114	Munia Fróilaz	S. Xoan de Caaveiro	<i>Portion</i> S. Salvador de Maniños	TMC, I, 91
1117	Guncina González	S. Xoan de Caaveiro	<i>Portion</i> S. Salvador de Maniños	TMC, I, 85
1117	Rodrigo Fróilaz	S. Xoan de Caaveiro	Santiago de Barallobre	TMC, I, 83
1125	Pedro Fróilaz	S. Martiño de Xuvia	IVª Pervis S. Pedro de Grandal íntegra Vª/ metade Sto. Estevo de Eiris VIª/ metade Sto. Estevo de Eiris <i>Portion</i> Santiago de Barallobre IVª Santiago de Franza IVª Sta. Mª de Neda IVª Stª Uxía de Mandiá S. Paio Ferraria íntegra S. Vicente Ferraria íntegra	CDSMJ, XXX
1126	Pedro Fróilaz	S. Xoan de Caaveiro	VI Sta. Mª de Castro	TMC, II, 198
1132	Fernando Pérez	S. Martiño de Xuvia	IVª Santiago de Franza	CDSMJ, XXXV
1133	Menendo Rodríguez	S. Xoan de Caaveiro	Santiago de Barallobre	TMC, I, 30
1135	Fernando Pérez	S. Xoan de Caaveiro	San Xoán de Sillobre íntegra	TMC, I, 109
1142	Vela Gutiérrez	S. Xoan de Caaveiro	Metade de S. Mamede de Laraxe	TMC, I, 17
1163	Gonzalo Fernández	Sta. Mª de Monfero	S. Isidro de Callobre	J. L. Lopez Sangil, <i>La fundación...</i> , pp. 21-22
1163	Pedro Suárez	S. Martiño de Xuvia	<i>Portion</i> Sta. Mª a Maior Naraío	CDSMJ,
1168	Sancha Fernández	S. Xoan de Caaveiro	Mitade S. Mamede de Laraxe	TMC, I, 16

puideron facerse en función doutras vías como a adquisición por compra a determinados membros dos sectores inferiores dos seus *rations* sobre un determinado templo local<sup>202</sup>.

Una visión global da documentación conservada permite observar como en moitas igrexas da comarca, a presenza de membros da parentela dos Fróilaz, xunta con outros personaxes pertencentes a esa aristocracia local, foi un feito perfectamente constatado ao longo dos anos finais do século XI e a maior parte do século XII. Concretamente, poden constatarse nas fontes casos como os de Santa María de Ombre, Santiago de Franza, San Salvador de Maniños, San Xulián de Mugarados, ou San Estevo de Eirís entre outros, onde á presenza dos compoñentes deste grupo magnático deben engadirse outros que en función das súas propiedades poden ser perfectamente identificados como personaxes pertencentes ao grupo dos notábeis locais da comarca. Nestes casos, non resulta factíbel falar de fundacións levadas ao cabo polos poderes laicos, senón que, máis ben, a súa existencia denotaba probabelmente un proceso fundacional anterior. O feito de que aínda durante as décadas finais do século XII e os inicios do XIII, se constata a existencia de distintos particulares cedendo os seus bens e dereitos sobre as *portiones* de determinadas igrexas, pon de manifesto que a fundación das mesmas non obedecía á intervención dos poderes superiores laicos, senón que se trataba de fundacións eclesiásticas levadas ao cabo polo conxunto da colectividade, e que aínda en épocas posteriores á Reforma Gregoriana, subsistían, ben como propiedade colectiva, ben por posteriores apropiacións levadas ao cabo polas presións deses membros dos distintos sectores da aristocracia<sup>203</sup>.

202. Cómpre lembrar nestes momentos a compra realizada por Rodrigo Fróilaz sobre os dereitos que Osorio Velázquez tiña na igrexa de Santa María de Vilar no ano 1087. CDSMJ, doc. X. Xunto con esta última, tamén pode facese alusión á parte que Pedro Fróilaz tiña en Santa María de Taboada, a cal ao parecer comprara a Cid Ausemendi, ou a *portion* de Santa María de Castro, que pertencera en épocas anteriores a Arias González, e nesos momentos estaba en poder deste magnate. TMC, II, docs. 148, 198. No caso de San Paio de Ferraria tamén poden establecerse conclusións semellantes, xa que no documento de Xuvia de 1125, se observa como o conde Pedro Fróilaz doaba dita igrexa na súa integridade. Agora ben, é necesario establecer que en datas anteriores, certo personaxe, Rodrigo Alfonso, outorgara no ano 1095 os seus dereitos a este mesmo cenobio. Segundo o documento de doazón, este personaxe afirmaba que ditos dereitos sobre esta propiedade estaban en función da herdanza dos seus antecesores, "*que habeo de pater meus nomine Aldefonso Astrulfiz et abuit ille de aulorum suorum*", o que permite establecer que esta igrexa non foi unha fundación dos membros da parentela dos Fróilaz, senón que moi probabelmente, e por causas que se descoñece, a propiedade da mesma recaeu en mans do conde Pedro, quen anos máis tarde a cedía na súa integridade ao dominio de San Martiño. CDSMJ, docs. XIX, XXX.

203. Con respecto a isto último, P. Martínez Sopena afirma que: "Sin negar que este proceso se haya dado con alguna (e indeterminada) frecuencia, estimo que esta teoría parte de certa confusión entre a fundación de santuarios a cargo de las comunidades locales, destinados a sus necesidades de culto, y la fundación de monasterios como sedes de comunidades religiosas. Desde luego, con ello no se pretende obviar conocidos problemas de vocabulario (por ejemplo, la incómoda diferencia entre *ecclesia* y *monasterium*), pero tampoco se pretende convertir el vocabulario en una especie de coartada para proponer que todo denotaba lo mismo. Pues no conviene olvidar que el destino de los santuarios locales fue bastante diferente de aquellos que eran la sede de comunidades religiosas. Los monasterios fueron sometidos a un proceso de concentración de la propiedad lento e inexorable, que los terminó transfiriendo a las instituciones eclesiásticas que fueron fruto de la reforma romana de fines del siglo XI; en cambio, muchas iglesias locales subsistieron como propiedad colectiva, donde se prueba que el proceso de sustracción sistemática de la propiedad por los nobles o los notables tuvo sus límites". P. MARTÍNEZ SOPENA, "Fundaciones monásticas y nobleza en los reinos de Castilla y León en la época románica" en *Monasterios románicos y producción artística*. J. A. García de Cortazar (coord.), Aguilar de Campoo, 2003, pp. 35-61, vid. sobre todo p. 44. A teor das opinións vertidas por este autor, parece dar a impresión de que existiu unha data límite no que se refire á apropiación de dereitos nestas igrexas por parte do conxunto dos poderes laicos, e que foi o proceso de reforma eclesiástica que se constatou durante as décadas finais do século XI. É certo que pode alegarse que esa propiedade colectiva da comunidade nestes templos subsistiu durante os anos venideiros, pero tamén se fai necesario engadir que eses "límites" aos que alude no referente á apropiación da propiedade puideron ser en certo modo relativos. E é que esas presións levadas ao cabo polos poderosos, nese proceso de apropiación destes bens eclesiásticos con claro carácter comunal, continuaron sen dúbida nunha ao longo de durante os séculos XII e XIII. Proba disto constitúeno toda esa serie de exemplos nos que se observa como aínda durante a primeira metade do século XII, os Fróilaz foron adquirindo dereitos sobre esas propiedades eclesiásticas localizadas na comarca, e pertencentes aos distintos membros da comunidade.

Por último, tamén cabe facer referencia a unha práctica distinta como foi a encomendamento, pola cal o abade e a comunidade dun determinado centro monástico situábanse nunha situación de dependencia con respecto aos poderosos, aceptándoos como patróns, e buscando ante todo a protección destes últimos contra posibles abusos que puideran cometerse por parte doutros membros da aristocracia<sup>204</sup>. Non é esta unha práctica que pareza ter quedado constatada dentro das fontes conservadas para a comarca do Eume, pero o certo é que cabe a posibilidade de que tamén puidera terse dado, malia que non exista unha constancia documental que así o exprese.

### C. O marco espacial da *villa* / aldea

A aldea dos séculos plenomedievais aparece como a unidade de articulación por excelencia, nun plano claramente superior ao resto de unidades xa analizadas, e cun carácter que pode cualificarse como integrador das anteriores. As *villae* que aparecen en varias ocasións no contexto da documentación dos séculos XI e XII son xa aldeas -núcleos de poboación-, plenamente consolidadas, e que eran xa unha realidade evidente inclusive desde o período altomedieval; distando considerabelmente daquelas outras unidades definidas como vilas-explotación que se presentaban illadas, e que levan a pensar nunha herdanza directa da tradición romana, pervivencia daquelas que tiveron a súa maior auxe na época baixoimperial<sup>205</sup>. Existen factores de base evidentes para negar a continuidade deste tipo de estruturas ao longo dun período cronolóxico tan extenso; factores que xa foron obxecto de análise por parte da historiografía actual, a cal xa espuxo en profundidade, e en máis dunha ocasión, os postulados e premisas da súa investigación nesta temática<sup>206</sup>.

A aldea aparece como unha unidade integrada en primeiro lugar por un núcleo de hábitat, onde se situaban non só os espazos destinados á vivenda propiamente dita, senón tamén aquelas edificacións creadas para o almacenamento das colleitas e os aparellos de labranza. Constituía ao

204. P. Martínez Sopena alude precisamente a esta práctica, afirmando que “el ascenso de los grupos familiares magnaticos en una zona determinada podía conducir a que uno o varios monasterios no vinculados con ellos los aceptasen como patronos, como protectores. En realidad, este proceso introduce un importante aspecto: el patronato de los laicos no está solo vinculado al hecho fundacional, por otra parte relativo, sino que se alimenta de la adquisición de ese derecho y de su capacidad para ser compartido”. *Ibidem*, p. 54.

205. Tal como afirma J. A. Barreiro Somoza, “la interpretación de las vilas, que aparecen constantemente en la documentación altomedieval gallega, como prolongación de las que presuntamente existieron en los siglos de la baja romanidad, se debe a nuestro juicio a la aplicación de modelos de investigación, comprobados para otras zonas de la Península, y cuya semejanza con los que se aplican a determinadas áreas ultrapirenaicas incitan a una fácil generalización, en aras de una explicación clara y coherente del proceso de génesis del modo de producción feudal. Sin embargo, éste se nos presenta, hoy en día, de un modo mucho más complejo y en el que intervienen pervivencias de ciertas formas estructurales indígenas a las que se añaden las derivadas de la romanización y las surgidas a raíz de las invasiones de los distintos pueblos germánicos. Por otra parte, algunos trabajos de destacados investigadores del medioevo hispánico, especialmente los de Sánchez-Albornoz, contribuyeron a crear una imagen de la Galicia altomedieval afincada en su inmediato pasado romano, impregnada por un generalizado régimen villicario, y todo ello frente a la naciente Castilla, impregnada ésta de multiples núcleos aldeanos, integrados por contingentes de repobladores hambrientos de tierras y dispuestos a defenderlas en las peligrosas tierras fronterizas del mundo musulmán”. J. BARREIRO SOMOZA, *El señorío...*, p. 148-149.

206. No que respecta á identificación das *villae* como aldeas perfectamente definidas vid. entre outros os traballos de J. BARREIRO SOMOZA, *El señorío...*, pp. 136-150; M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, pp. 22-28; y E. PORTELA SILVA, *La región...*, p. 81. Sobre estas cuestións de base vid. tamén el análisis conjunto de estos últimos dos autores “Aproximación al estudio de las explotaciones agrarias en Galicia en los siglos IX al XII” en *Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas, II, Historia Medieval*, Santiago de Compostela, 1975, pp. 95-113.

parecer o centro da mesma, pero é aquí tamén onde se localizan os espazos destinados a unha agricultura intensiva, ao cultivo de alimentos de primeira necesidade como hortos e froiteiras, os cales debían separar os lugares de habitación das familias campesiñas. Máis aló, as terras de labor propiamente ditas, cuxo obxectivo era o cultivo de produtos cerealísticos, e delimitadas á súa vez por outras de similares características. E por último, as zonas de monte e pasto, de aproveitamento comunal por parte do colectivo da comunidade, e destinados á alimentación da cabana gandeira. Polo tanto, como pode observarse, a aldea aparece como unha unidade de articulación na que quedaban integradas á súa vez outras, pertencentes a esta mesma tipoloxía, e cuxo máximo expoñente era sen dúbida o casal, sen descartar outras como as igrexas anteriormente analizadas<sup>207</sup>. O hábitat das mesmas parece ser que tendeu a unha posíbel concentración, en primeiro lugar pola fragmentación da propiedade das distintas familias consecuencia dos repartimentos hereditarios, que condicionou o agrupamento da poboación en torno a un núcleo; e en segundo como consecuencia da señorialización, xa que dito agrupamento das familias campesiñas debeu facilitar considerabelmente o control señorial. Factores aos que habería que unir a organización comunitaria, co conseguinte aproveitamento dos bosques, circulación polos camiños comunais e regulación das augas, ou dereitos sobre igrexas e muíños<sup>208</sup>.

As referencias a aldeas dentro das fontes conservadas para este período e que formaban parte dos dominios territoriais da parentela dos Fróilaz son continuas ao longo dos séculos XI e XII. En función das mesmas, advírtese como os compoñentes deste grupo aristocráticos mantiñan certo control sobre moitas das localidades da rexión eumesa.

A análise da documentación conservada permite constatar dous feitos concretos no concernente á posesión destas aldeas. Por unha parte, é posíbel observar como en ocasións moitos dos compoñentes deste grupo aristocrático exercían un dominio señorial íntegro sobre algunhas aldeas. Nalgúns casos era un só individuo o que aparecía desempeñando o control total sobre as mesmas, como pode observarse no termo de San Sadurniño, localidade que durante algúns anos permaneceu de forma íntegra en mans do conde Pedro Fróilaz como consecuencia da doazón efectuada por parte da raíña dona Urraca no ano 1112<sup>209</sup>; ou nas aldeas de Anca e Pazos, cedidas por parte de Munia Fróilaz na súa dotación ao mosteiro de San Salvador de Pedroso en 1111<sup>210</sup>.

Agora ben, non parece que fose esta a tendencia predominante. Debeu tratarse sobre todo de situacións esporádicas, que obedeceron a causas concretas e en momentos determinados, xa que na maior parte dos exemplos conservados se denota como ese dominio señorial sobre moitas alde-

207. Cando o conde Pedro Fróilaz cedía ao mosteiro de Xuvia a súa parte na aldea de Porto, facíao “*cum suo plantato et edificia omnia uel quantum ad prestitum hominis constat*”. CDSMJ, doc. XI. Do mesmo xeito, pode observarse como na doazón da aldea de San Sadurniño a este mesmo magnate por parte da raíña Urraca no ano 1112, esta última cedía dita aldea “*cum suis hereditatibus et suis hominibus et ecclesiis...*”. DRUCL, doc. 44. Un caso similar tamén se constata na aldea de Coína, como consecuencia da cesión da mesma a San Martiño de Xuvia por parte da condesa Guntrodo no ano 1114. No momento da doazón, esta última especificaba que a entrega de “*ipsa uilla per nomina Coína*”, se realizaba con “*petras mobiles et immobiles, arbores fructuosas uel infructuosas, terras cultas uel incultas, pratuis, pascuis, paudulibus, exitus moncium, accessu uel regressu, omnia sua bona quae ad illa pertinent uel partinere debent...*”. CDSMJ, doc. XIX.

208. Sobre estes aspectos vid. M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, pp. 24-25; e E. PORTELA SILVA, *La región...*, pp. 80-83.

209. DRUCL, doc. 44.

210. E. CAL PARDO, *El monasterio de San Salvador de Pedroso...*, doc. 1.

as estaba compartido entre os membros do grupo. Este feito era debido sobre todo a un factor inherecente á gran propiedade aristocrática durante este período: a forte tendencia á disgregación e fragmentación, consecuencia directa dos repartimentos hereditarios entre os membros pertencentes a unha mesma parentela. Malia que nun determinado momento calquera membro da aristocracia puidese manter o dominio señorial íntegro sobre un lugar determinado, as estruturas de herdanza bilaterais e cognaticias predominantes nesta época, e onde a partición por igual da herdanza dos antepasados entre o conxunto dos herdeiros era a práctica habitual en función das disposicións da *Lex Gotica*, permitía a división dese dominio entre os seus descendentes a partes iguais; de aí o porqué desa presenza dos distintos herdeiros que poden constatarse nun mesmo lugar. Cando no ano 1088, o conde Pedro Fróilaz cedía a San Martiño de Xuvia a súa *portion* correspondente na aldea de Porto, sinalaba precisamente o que fora esa partición da herdanza paterna entre o conxunto dos herdeiros de Froila Vermúdez<sup>211</sup>. Unha práctica que continuou ao longo de todo o século XII, tal como o pon de manifesto a concesión por parte de Sancha Núñez, descendente directa do conde Fernando Pérez, cando cedía aos cistercienses de Sobrado no ano 1204 a súa "*quinta parte uille que uocatur Sarantis in Trasancos*"<sup>212</sup>. Obsérvase claramente como en menos dun século se pasou dun poder unitario en Serantes, encarnado na figura de Pedro Fróilaz, á existencia de todo un conxunto de *portiones*, en función da división da aldea entre os distintos herdeiros deste personaxe.

Por outra parte, hai que sinalar que existen factores que evidencian que o dominio señorial en moitas aldeas tamén estaba compartido con outros personaxes pertencentes ao conxunto dos poderes superiores da sociedade, aqueles *maiores* da comunidade, que pouco a pouco, e como consecuencia dos procesos de formación e consolidación do sistema feudal que deron lugar á disgregación das antigas comunidades de aldea, se foron facendo cos resortes do poder en función das continuas presións sobre o conxunto das comunidades. A documentación pon de manifesto a dita realidade na maior parte das doazóns cara aos dominios eclesiásticos. E é que en poucas ocasións se fai concesión dunha aldea na súa totalidade, sempre se alude a "*IIIª de villa*", "*VIII de villa*", ou ao sumo a unha posíbel "*medietatem integran*", cando non simplemente á súa *portionem*, sen especificar nada máis en absoluto, sendo en moitas ocasións imposible establecer se ese dominio señorial compartido nas distintas *villae*, ou era entre os membros compoñentes do grupo, ou con outros personaxes integrados no contexto interno dos sectores aristocráticos.

Non obstante, algúns autores pensan que a *villa*, como unidade de explotación illada puido ser unha realidade evidente durante os séculos do período central da Idade Media. Á hora de proceder ao estudo da gran propiedade aristocrática nas terras anexas ao mosteiro de Sobrado, M. C. Pallares observa que durante o século X, a lectura da documentación permite concretar, por unha parte, a existencia de distintas *villae* como núcleos de poboamento concentrado, os cales podían ser identificados perfectamente como aldeas, e por outra, a presenza doutras que responderían a un tipo ou núcleo de poboamento disperso, e integradas á súa vez no marco espacial das primeiras<sup>213</sup>. Do mesmo modo, na súa análise sobre o dominio do mosteiro de Caaveiro, M. C. Yáñez Cifontes insiste na pervivencia durante os séculos XI e XII da antiga vila-explotación, malia que

211. "...quantum me computet inter meos germanos uel heredes...". CDSMJ, doc. XI.

212. TMSM, II, docs. 366, 453.

213. "En resumen, podemos decir que estos grandes propietarios que eran los condes de Présaras tenían sus posesiones for-

co paso do tempo, a tendencia xeneralizada sexa quedar integradas nesas outras aldeas de maior envergadura<sup>214</sup>.

Se se toman como exemplos algúns dos casos constatados na documentación conservada para o grupo dos Fróilaz nesos territorios, obsérvase en ocasións a existencia deste tipo de unidades de explotación, que á súa vez permanecen integradas noutras de maior amplitude espacial como as aldeas. É algo que pode constatare nun dos diplomas de San Martiño de Xuvia datado no ano 1088, cando o conde Pedro Fróilaz cedía a este cenobio eumés aquela "*uillam ea media quae est fundata in loco uocitato Iuncheiras*". Trátase dun caso que pode chamar a atención, en función de que se estaba facendo alusión a unha explotación que fora fundada nun lugar, o cal ao parecer xa estaba consolidado desde antano: o termo de Xunqueiras<sup>215</sup>. Á hora de proceder á análise das propiedades de Rodrigo Fróilaz tamén poden constatare casos practicamente similares. No ano 1104, este magnate cedía a San Martiño de Xuvia todo un conxunto de herdades, entre as cales se fai alusión directa a aquela "*villa que iacet in Andrade*", sen que poida establecerse o nome da mesma<sup>216</sup>. Con posterioridade, no ano 1114, e nunha nova concesión ao mesmo dominio monástico, o irmán do conde de Trastámara outorgaba tamén "*villam unam in Paponi cum un seruitialem*"<sup>217</sup>. Ambos exemplos son practicamente similares, alúdese á existencia de dúas unidades de explotación, de dous núcleos poboacionais, aos cales se lles cualifica baixo o vocábulo de *villa*. Agora ben, en función da fórmula usada no documento, non parece dar a impresión, como pode constatare en outros exemplos que estas *villae* puideran ser cualificadas como aldeas perfectamente definidas, senón que aparecen integradas e supeditadas a dúas unidades de poboación que parecen denotar un carácter superior, como son as aldeas de Andrade e San Pedro de Marmancón respectivamente.

É certo que toda esa serie de exemplos denota efectivamente a existencia e pervivencia de lugares ou vilas que poden ser identificados como unidades de explotación, pero non por isto deben de ser identificadas coas antigas vilas de tradición romana, nin pensar que substituíran nas terras de Galicia as estruturas agrarias propias da época baixoimperial. É moi probábel que no fondo estas unidades de explotación unitarias que estaban en mans destes membros da aristocracia tivesen un reducido tamaño en comparación coas aldeas<sup>218</sup>, e non sería erróneo pensar que en realidade esti-

madas por algunas *villae*-explotación, localizadas dentro de los límites de las distintas aldeas, y, al lado de ellas, una serie de heredades de diversa entidad económica repartidas por múltiples lugares y formando parte de los núcleos de población concentrado característicos de la región". M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, pp. 35-36.

214. "As vilas documentadas na colección diplomática de Caabeiro pertencen a dous tipos fundamentais: a villa-unidade de explotación agraria e a villa-centro de explotación dun dominio territorial. O primeiro destes tipos ten tamén unha prioridade cronolóxica. Un proceso natural de evolución da en converter as primitivas unidades agrarias en núcleos de explotación de terras extensas. En moitos casos eses núcleos agrarios evolucionan cara á formación de agrupacións urbanas. Pero, ao final do proceso que produce as grandes vilas dos séculos XII e XIII, pode comprobarse a persistencia dentro de eses centros de pequenas unidades agrarias ligadas ao traballo e ás necesidades dum grupo humano reducido. É dicir, perviven, con denominacións diversas, as antigas vilas-unidades agrarias de explotación". M. C. YÁÑEZ CIFUENTES, A fomaración e explotación do dominio territorial do mosteiro de Caabeiro" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 3 (1996), pp. 109-123, p. 122.

215. CDSMJ, doc. XI.

216. TMC, I, doc. 29.

217. CDSMJ, doc. XXIII.

218. M. C. Pallares cualificounas baixo unha expresión entrecomiñada: "pequenos latifundios". M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 36..

vesen facendo referencia directa, ben a un simple casal, quizais con dimensións maiores que co paso do tempo amosa unha clara tendencia evolutiva cara á existencia dun hábitat máis concentrado<sup>219</sup>; ou que tamén, debería engadirse, estivesen facendo alusión ao que podía ser un vilar, termo que podía en ocasións identificarse como sinónimo da villa, pero que polo xeral soía estar integrado dentro do marco espacial desta última. Ao parecer, tratábase dun conxunto de terras gañadas ao bosque, consecuencia directa do crecemento demográfico, e das novas labranzas realizadas ao longo desta época plenomedieval, e que tiña unha estrutura similar á vila propiamente dita. Pode dicirse polo tanto, que o vilar pode presupoñer na maior parte das ocasións unha evolución da vila, síntoma inequívoco do crecemento interno da mesma. Ao núcleo de hábitat propiamente dito hai que engadir as terras de labor próximas ao mesmo, zonas para o cultivo dunha agricultura extensiva, e por último as zonas de bosque. É probábel que nun principio respondese a unha tipoloxía de poboamento disperso, e quizais tamén identificábel con eses casais aos que se fixo alusión; e que do mesmo modo que puido observarse no caso das aldeas, aqueles factores que xa foron postos de relevo, deberon configurar o seu cambio cara a un tipo de poboamento máis concentrado, e a súa posterior transformación en núcleo de concentración do hábitat<sup>220</sup>.

O vilar aparece tamén documentado para estes séculos plenomedievais, como se observa no ano 1104, cando Rodrigo Fróilaz outorgaba ao mosteiro de Caaveiro certo vilar localizado en Bezoucos, o cal se outorgaba "*integral et cum homine uno*"<sup>221</sup>. Probabelmente se tratase daquel "*villar de Besauquos, que de vulgo dicitur de Colio*", e ao que tamén se facía referencia noutras dos doazóns a Caaveiro datadas nos anos 1107 e 1117. Do mesmo modo, tamén poden constatar-se a existencia destes vilares na aldea de Serantes, tal como se observa nun dos documentos de Santa María de Sobrado datado no ano 1204. Esa doazón, realizada por Sancha Núñez a este cenobio, incide precisamente na existencia de certos *uillulis* que formaban parte da súa *portion* nesta aldea. É moi probábel que con este vocábulo se estea facendo alusión a posíbeis vilares anexos á aldea de Serantes, xurdidos como consecuencia desa expansión que se observa ao longo do século XII, os cales aparecían xa integrados plenamente no contexto da aldea; sen negar, claro está, que puidese tratarse de posíbeis casais, integrados na parte que a doadora tiña en dita localidade<sup>222</sup>.

#### D. A hereditas

Trátase dun termo que aparece con bastante asiduidade no conxunto da documentación conservada. A análise da mesma permite constatar como en moitas escrituras alúdese por parte dos membros da parentela dos Fróilaz a aquela "*nostra hereditate propria*", "*omnia hereditate que habemus*", "*mean hereditatem quam habeo*", "*hereditatem mean*", e un longo etcétera de exem-

219. Á hora de proceder ao estudo destas vilas como unidades de explotación, J. Barreiro Somoza sinala que en ocasións esas *villae* que aparecen en moitos diplomas "cuando se presentan como unidades de explotación rural, hemos de tipificarlas como unidades agrarias del estilo del casal campesino, aunque sus dimensiones fuesen algo superiores y estuviesen dotadas de las mejores tierras; y su marco natural de inserción es el de la vila-aldea". J. BARREIRO SOMOZA, *El señorío ...*, p. 150.

220. Sobre o vilar vid. M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 26.

221. TMC, I, doc. 99.

222. TMSM, II, docs, 366, 453.



plos de características similares. Hai que sinalar que a *hereditas* constituía unha acepción que á vez que complexa podía ser considerabelmente ampla. É certo que nun primeiro momento pode pensarse que levaba un significado de bens patrimoniais que podían ser transmitidos en herdanza, e que non era exclusivo dos poderes señoriais, senón que tamén podía referirse á pequena propiedade campesíña. Pero do mesmo modo, tamén cabe a posibilidade de que o seu emprego por parte dos membros da aristocracia laica denote un sentido diferente, podendo falarse dunha unidade de articulación máis na cal quedaban integradas outras unidades, tanto aquelas de menor rango como eran o caso das básicas, como outras de maior entidade como eran os solares ou as igrexas propias xa analizadas<sup>223</sup>.

As fontes existentes para a rexión revelan un uso máis habitual no caso das aldeas ou igrexas propias, aínda que tamén pode sinalarse que en ocasións esa *hereditas* podía estar integrada por un conxunto de unidades básicas. Cando no ano 1132, Vermudo Pérez cedía a San Martiño de Xuvia as súas herdades nos termos de Currumalo e Neixa, non pode establecerse coas garantías necesarias a tipoloxía das mesmas. É probábel que se estea facendo referencia as suas *portiones* en ambas localidades, pero o certo é que a lectura do documento admite unha dobre interpretación, sen chegar a descartar de forma definitiva a posibilidade de que fosen outros os bens que integraban as herdades outorgadas, tales como terras, bosques, ou outro tipo de bens patrimoniais de similares características<sup>224</sup>.

Noutros casos, non existen dúbidas sobre a categoría dos bens que formaban parte destas unidades de articulación. Algo que se observa no ano 1104, cando Rodrigo Fróilaz doaba a Caaveiro diversas herdades entre as que se incluía a "*III integra*" daquela "*villa de Castro de Perlio*"<sup>225</sup>; ou en 1159, cando Vermudo Pérez cedía a Xuvia su *hereditatem* en Piñeiro, a cal ao parecer comprendía "*tres partes de sexta*" en dito termo<sup>226</sup>. Do mesmo modo, tamén se observa a posibilidade de que esas herdades comprendesen as distintas *portiones* e dereitos que os membros desta parentela tiñan sobre aquelas igrexas locais que estaban baixo o seu poder, e polo tanto, sobre as posíbeis propiedades anexas ás mesmas, as cales constituían parte integrante da herdade. Trátase de algo que se observa nalgúns casos, como na doazón a Caaveiro no ano 1135 por parte do conde Fernando Pérez, ao ceder a súa herdade en Sillobre, afirmando que "*est ipsa hereditate nominata ecclesia Sancti Iuliane de Sillovre*"<sup>227</sup>. En ambos casos, vilas e igrexas, a referencia directa á herdade fai alusión por suposto a outra serie de propiedades de menor índole omitidas pola documentación, pero que, de forma implícita, pode supoñerse a presenza das mesmas como elementos integrantes das primeiras.

223. Para E. Portela, a herdade "designa la totalidad de las propiedades que una determinada persona posee en el término de una aldea, incluyendo diversos tipos de campos e incluso casas. Otras veces, el significado parece ser simplemente el de parcela. Entre estos extremos, puede suponerse una amplia gama de situaciones intermedias que hacen prácticamente imposible el otorgar a la palabra heredad un significado general, desde el punto de vista de la explotación agraria". E. PORTELA SILVA, *La región...*, p. 136.

224. CDSMJ, doc. XXXIII.

225. TMC, I, doc. 99.

226. CDSMJ, doc. LIV.

227. TMC, II, doc. 190.

Agora ben, hai que sinalar que en moitos casos non só se aludía aos bens territoriais propiamente ditos, senón tamén a aqueles servos dependentes encargados da súa explotación, e polo tanto, aos correspondentes dereitos que tiñan sobre estes últimos. Cando no ano 1106 Vermudo e Fernando Pérez outorgaban a Caaveiro a herdade que ambos conxéneres tiñan na aldea de Bitirit, cedíana, entre outros bens, "*cum un homine pernominato Rudericus Santariz, cum filiis suis*"<sup>228</sup>. Un exemplo similar obsérvase no ano 1126, cando unha irmá de ambos, Toda Pérez, cedía a súa hereditate en Ombre, consistente en "*una servicialia cum homnes nominatos, Garcia et suos filios*"<sup>229</sup>. Tamén en 1162, Suero Menéndez outorgaba a Xuvia certa "*hereditatem de Casadelos*", composta por "*iii servicialias cum senera et cum hominibus qui sunt de ipsa hereditate*"<sup>230</sup>. É precisamente Suero Menéndez quen xa aludía de forma directa a eses dereitos anexos á propiedade territorial propiamente dita no ano 1165, cando concedía ao mosteiro de Santa María de Sobrado aquela "*hereditate mea cum omni iure suo*" en Priorio<sup>231</sup>. Por último, pode facerse referencia á "*hereditate prenominata Silva (...)* cum uno homine prenomiato Michael Pelagii", que no ano 1196, o conde Gómez outorgaba ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro<sup>232</sup>. Trátase pois de toda unha serie de exemplos que non fan senón poñer de manifesto a existencia dun conxunto de estruturas de poder, de dereitos e de percepción de rendas xeradas por estes últimos, sobre a poboación asentada nestas herdades obxecto de análise.

## SERVOS E CAMPESIÑOS. O ELEMENTO HUMANO DO DOMINIO

Como se afirmaba no apartado introdutorio, establecer as respectivas coordenadas dos dominios territoriais da aristocracia laica, non só supón facer referencia á tipoloxía ou forma dos mesmos naquelas cuestións relativas á propiedade da terra. As estruturas de poder dos grupos superiores da sociedade se baseaban no dominio sobre esta última, pero tamén sobre os homes encargados da súa explotación, en función dese conxunto de dereitos sobre os sectores campesiños, dos cales extraían, ademais da forza de traballo, toda unha serie de rendas e tributos.

Durante o período central da Idade Media galega, os sectores campesiños presentaban unha clara distinción entre o que pode considerarse un campesiñado libre e os servos propiamente ditos. A lectura da documentación conservada para as terras do Eume durante os séculos XI e XII, permite constatar aínda nestas datas a arraigada pervivencia dunha forza de traballo servil que subsistía desde a época altomedieval, consecuencia directa da destacada continuidade que nesta materia as terras galegas mostraban neses momentos con respecto a épocas pretéritas.

As fontes aluden de forma continuada á existencia de servos dentro do conxunto das propiedades do grupo dos Fróilaz. Nas mesmas pódese observar a existencia daqueles "*homines de criatione*", expresión que designaba a todos aqueles que naceran na servidume, e que nesta época

228. TMC, I, doc. 51.

229. TMC, II, doc. 159.

230. CDSMJ, doc. LVIII.

231. TMSM, I, docs. 490, 618.

232. TMC, I, doc. 120.

podían ser aínda obxecto de transferencia aos grandes dominios monásticos, de forma similar a calquera outra propiedade. Tratábase de algo que pode observarse en determinadas ocasións. Xa no ano 1096, Rodrigo Fróilaz outorgaba a San Xoán de Caaveiro, "*homines et hereditate quos habemus in Carantonia*"<sup>233</sup>. Pouco tempo despois, en 1112, o seu irmán o conde Pedro Fróilaz facía alusión a aqueles "*homines nostros que ibi sunt demorantes*", ao outorgar ao mosteiro de Caaveiro a súa herdade na aldea de Casdouria<sup>234</sup>. Posteriormente, en 1132, era o seu fillo o conde Fernando Pérez quen cedía a San Martiño de Xuvia as súas herdades no couto de Caranza, xunto con aqueles "*homines siue de criacione qui ibi sunt moraturi et hereditatibus suis et de uoce regali*"<sup>235</sup>.

As alusións cara a estes servos ou "*homines de criacione*" continuaron sendo unha realidade manifesta durante a segunda metade do século XII. A maior parte dos exemplos conservados proceden da parentela do conde Fernando Pérez. No ano 1152, a súa filla, a condesa Sancha González, cedía ao mosteiro de Xuvia "*illos homines que sunt in cautum sancti Martini, quae dederunt in mea porcione*"<sup>236</sup>. Pouco despois, en 1159, o seu fillo Gonzalo Fernández, ao outorgar as súas propiedades na aldea de Anca ao mesmo cenobio, especificaba na escritura de doazón que as ditas propiedades eran obxecto de entrega "*cum omnibus ibidem morantibus*"<sup>237</sup>. As últimas alusións sobre estes membros do grupo se datan no ano 1165, momento no cal Gonzalo González cedía a Xuvia aqueles "*homines cum hereditatibus suis quos habeo in Trasancos*"<sup>238</sup>.

Por último, pode facerse mención á figura de Vermudo Pérez, quen no ano 1159 cedía a ese mesmo dominio monástico aqueles "*homines meos quos habeo in cauto sancti Martini*"<sup>239</sup>.

O certo é que pode sorprender o feito de que aínda nesta época, avanzado xa ese período da plena Idade Media, a servidume fose aínda unha realidade incuestionábel nas terras galegas, como fenómeno perdurábel desde había varios séculos. E é que os señores mantiveron a forza de traballo servil como peza clave nas relacións de produción, xa que como afirman M. C. Pallares e E. Portela, a explotación das terras da aristocracia galega encontrou nos servos "un recurso imprescindible tanto en las tierras de la "reserva", aprovechadas directamente gracias a los equipos de los siervos domésticos, como en el conjunto de las pequeñas explotaciones repartidas por las distintas *uillae* que componen mayoritariamente el patrimonio, en buena parte de las cuales el trabajo fue encomendado a los siervos"<sup>240</sup>.

Estes servos mantiñan un forte grao de dependencia con respecto aos poderes superiores da sociedade. A súa principal característica viña dada sobre todo por unha vinculación á terra que

233. TMC, II, doc. 205.

234. TMC, I, doc. 53.

235. CDSMJ, doc. XXXV.

236. CDSMJ, doc. LI.

237. CDSMJ, doc. LV.

238. CDSMJ, doc. LXXV.

239. CDSMJ, doc. LIV.

240. M. C. PALLARES MÉNDEZ y E. PORTELA SILVA, *Galicia Historia..., II*, pp. 104-105.

a diferenza do campesiñado libre non podían abandonar. Carecían polo tanto de liberdade de movementos, así como de posesión de bens en plena propiedade, e podían ser obxecto de transaccións ou doazóns, mantendo unha condición social transmisíbel de pais a fillos, xa que en ditas cesións se outorgaba tanto aos servos como ás súas esposas ou fillos<sup>241</sup>. Porén, xurídica e socialmente, non pode nin debe identificarse aos servos desta época cos escravos da Antigüidade tardía. De feito, se xa durante os séculos altomedievais se observa a imposibilidade de equiparar aos servos como escravos propiamente ditos, menos aínda podería facerse durante o período central do Medioevo<sup>242</sup>. Polo xeral, estaban destinados ao cultivo das terras, anque tamén pode manexarse a posibilidade de que moitos deles puidesen ter realizado tarefas determinadas, como pode darse no caso dos denominados *servitiales*, ou servos persoais dos señores, encargados sobre todo de tarefas domésticas, pero que tamén podían desempeñar labores agrícolas -o denominado nalgúns textos como *servitio rurale*-, nas terras da reserva señorial, ou naquelas *villae* que aparecían como unidades de explotación independentes<sup>243</sup>.

É certo que no século XII continuaba vivente a existencia de servos da gleba adscritos á terra, pero tamén é unha realidade evidente que durante esta época os grandes señores laicos ou eclesiásticos foron pouco a pouco introducindo melloras nas condicións de vida dos mesmos. Consecuencia directa disto último son os denominados como contratos de servicialías. A elaboración deste tipo de contratos debeu ser moi escasa, e unicamente beneficiou a algúns dos servos señoriais, dado que a servidume como tal continuou existindo; pero fronte á fortaleza que esta última mantivera durante moitos séculos, que dúbida cabe de que constituiu un evento innovador no conxunto das relacións de dependencia, ao permitir ao campesiñado servil participar nas rendas as que producían.

As fontes mencionan en máis dunha ocasión aquelas *servicialias*, terras nas que, como ben afirma M. C. Pallares, se instalara unha familia servil<sup>244</sup>. Tratábase de servos que quedaban instala-

241. Nunha das escrituras de San Martiño de Xuvia datada no ano 1114, Rodrigo Fróilaz doaba todo un conxunto de herdades no territorio de Trasancos. Na aldea de Pentonizos, este magnate cedía a súa *portion* e a herdade de Gonzalo Téllez, aludindo que "*ipsum Gundisaluu ibi do cum generatione sua*". En Narahio, Rodrigo Fróilaz cedía su heredad "*cum homine Alvito et uxore et filiis*". E en San Xurxo de Trasancos obsérvase como outorgaba a "*Ero Enuadici cum sua hereditate et filiis. Et Ordonium Palayci et medios de suis filiis cum hereditate*". CDSMJ, doc. XXIII.

242. A. Isla Frez abordou cuestións relativas á pervivencia da escravitude nas terras da Galicia altomedieval, sinalando que aínda que poida observarse a "pervivencia de un grupo que podemos denominar de escravos", aqueles *mancipia* ou *pueripuellae*, individuos que ben podían ser identificados en determinados casos cos servos domésticos, ou os seruos de orixe *maurorum*, consecuencia directa do botín obtido nas continuas campañas guerreiras; e aínda que se constate tamén a existencia dalgunhas cartas de manumisión moi concretas, dificilmente podería falar-se de que a escravitude, como modo de produción e de relacións sociais, perdurase aínda nesta época. Por outra banda, non descarta que moitos daqueles *mancipia* ou *servitiales* que aparecen nas fontes, non fosen no fondo outra cousa que campesiños dependentes. A. ISLA FREZ, *La sociedad...*, pp. 479-483.

243. E é que tal como acertadamente afirma A. Isla Frez, "el término *servitium* no significa sino aquel que realiza servicio, no importa del tipo que fuera", polo que tamén cabía a posibilidade de que desempeñasen labores agrícolas. *Ibidem*, p. 490. Algo que podía observarse en épocas anteriores, sobre todo naquelas *villae*-explotación ás que fai referencia M. C. Pallares no seu estudo sobre o dominio do mosteiro de Sobrado, onde "la explotación de estas tierras es dirigida, directamente o por medio de un *villicus* y el trabajo necesario lo proporciona fundamentalmente el equipo de siervos domésticos". M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 37. Nun documento de Xuvia datado no ano 1114, obsérvase como Rodrigo Fróilaz cedía una *villam* en Papoi "*cum uno servitiale*". Neste caso, o termo *servitium* non haría senón referencia a un servo dependente deste magnate, o cal desempeñaba as correspondentes tarefas agrícolas no lugar obxecto de transacción ao cenobio de Xuvia. CDSMJ, doc. XXIII.

244. M. C. PALLARES MÉNDEZ, *El monasterio de Sobrado...*, p. 144, n. 74.

dos nas terras señoriais concedidas en precario, pero mantendo unha condición xurídica de non libres equiparábel á do resto dos servos. O feito de que desempeñasen oficios concretos baixo as ordes directas dos seus señores, foi un aspecto que lles permitiu ter un maior patrimonio que podían proporcionar para axudar á explotación familiar, sendo probablemente donos dos seus propios medios de produción, e incluso chegar co tempo a posuír herdades propias. Por outra parte, pode sinalarse que a aparición destas servicialías debeu xerar beneficios mutuos, xa que á súa vez, os señores podían impoñer aos seus *servitiales* rendas similares ás que estaban obrigados a satisfacer o resto dos campesiños libres.

Agora ben, se ben é certo que a aparición das servicialías puido supoñer un tímido avance fronte á servidume imperante, en teoría a problemática continuaba latente. Non debe descartarse que a instalación destes *servitiales* naqueles lotes de terras cedidos por parte dos señores puido supoñer certa progresión con respecto á situación vivida polo conxunto dos servos señoriais, pero existía tamén unha realidade incuestionábel no concernente á situación social dos mesmos, xa que no fondo continuaban suxeitos ás directrices marcadas polos seus señores, sen que se observe un avance no que significaba o concepto de liberdade xurídica. Os señores podían consideralos como parte do seu patrimonio podendo ser doados e cedidos xunto coas propiedades que eran obxecto de cesión; e malia que as súas condicións económicas puidesen ter manifestado certa tendencia ascendente, o certo é que existía unha primacía da súa condición xurídica, sen que chegasen a perder esa posición como dependentes dun determinado señor.

Os *servitiales* aparecen na documentación conservada para o dominio da parentela dos Fróilaz no Bajo Eume desde o primeiro cuarto do século XII, e en proporcións mínimas, que quizais non sexan senón un síntoma evidente de que as melloras das condicións de vida dos servos foron introducíndose con suma lentitude. Do mesmo modo, en función da información achegada por esas referencias documentais, obsérvase como ditos *servitiales*, malia ter sido instalados en lotes de terra concretos, podían ser transferidos a outros dominios -neste caso os eclesiásticos en función desas doazóns aristocráticas-, de forma similar ao resto dos *homines de criatione*. No ano 1122, tense constancia de eses *servitiales* e das servicialías, en función da doazón dunha das fillas do conde Pedro Fróilaz, Toda Pérez, quen outorgaba ao mosteiro de Caaveiro unha "*servicialia in Anovre*", na cal asentara a aqueles "*homines nominatos, Garcia et suos filios*"<sup>245</sup>. As referencias poden incrementarse en función dos datos conservados para a figura de Rodrigo Fróilaz, quen no ano 1107 cedía ao mesmo cenobio "*una servicialia que tenente Pelagio Suerii*" en Maniños<sup>246</sup>. Poucos anos máis tarde, en 1114, este mesmo magnate doaba a San Martiño de Xuvia "*i servicialiam*" en San Xurxo de Meirás<sup>247</sup>.

Xunto con estes servos e serviciais que poden constatarase nas fontes, hai que facer referencia tamén á existencia dun campesiñado que gozaba dun status de liberdade consolidado, pero que a documentación conservada para este período non parece ter conservado referencias directas

245. TMC, II, doc. 159.

246. TMC, I, doc. 29.

247. CDSMJ, doc. XXIII.

sobre os mesmos en relación con este grupo aristocrático. Un campesiñado libre e propietario dos seus bens que se consolidou neses séculos centrais da Idade Media, como consecuencia dos procesos de repoboamento e labranza de novas terras; e que tamén co paso do tempo, se viu obrigado a caer baixo a dependencia señorial, encomendándose aos poderosos a cambio da venda ou a cesión directa das súas propiedades. É así precisamente como aparecen en moitas ocasións nas fontes, nos momentos de cesión de propiedades; de profiliación cara aos os poderosos; ou simplemente cando estes últimos aludían como xa se ten sinalado, á *ganantia*, ou bens conseguidos a través de diferentes formas de adquisición.

## O DOMINO DOS FRÓILAZ. A MODO DE CONCLUSIÓN

Calquera estudo ou análise sobre a aristocracia laica da plenitude medieval debe ser enfocado desde o que constituíu o trazo específico que caracterizou a este sector social: a posesión dunha determinada serie de estruturas de poder, a través da cal, os membros dos grupos aristocráticos exerceron fortes medidas de presión sobre o conxunto da sociedade. Unha estrutura de poder baseada en dous aspectos perfectamente definidos. Por unha banda, a forza guerreira propia destes poderes laicos, baseada no mantemento das súas correspondentes mesnadas vasaláticas, e por medio da cal exerceron unha presión continuada sobre o resto dos grupos sociais. Xunto con ese poder que xurdía da forza das armas, hai que facer alusión a aquel que tiña a súa orixe na posesión da terra, e á súa vez, no dominio sobre os homes encargados da súa explotación; traducido na obtención dunha serie de dereitos, os cales se concretaban na extracción de todo un conxunto de rendas e tributos, que o conxunto dos grupos campesiños tiña a obriga de satisfacer en función das esixencias dos seus señores.

Os territorios circundantes ao curso do Eume configuráronse durante os séculos centrais da Idade Media como un dos principais núcleos patrimoniais da parentela dos Fróilaz, e referente ineludíbel deste grupo magnaticio da aristocracia galega. A lectura das fontes permite constatar como todas as ramas na que se subdividiu o grupo tiveron os seus correspondentes bens territoriais nas áreas de Trasancos, Bezoucos e Pruzos, sen que se observen diferenzas substanciais entre as mesmas, salvo quizais no caso da rama do conde Pedro Fróilaz e os seus descendentes, cuxa implantación na zona de Trasancos pareceu ter menores proporcións que as doutros membros da parentela, como pode observarse no caso do seu irmán Rodrigo, ou da súa irmá Munia, a cal dotou ao mosteiro de San Salvador de Pedroso con importantes bens neste territorio.

A presenza dos seus membros, actuando como grandes propietarios nesta comarca da Galicia noroccidental, pode constatarase como mínimo desde os inicios do século XI, sen que deba descartarse a hipótese de que xa desde datas anteriores, a implantación territorial dos antepasados máis arredados fose unha realidade incuestionábel, malia que non exista unha abundancia de probas documentais que poida corroboralo. Pero independentemente da existencia previa de referentes parentelares asentados na comarca, e que constituíron a base dese dominio territorial, foi precisamente a partir do último cuarto do século XI e ao longo do XII, cos descendentes do conde Vermudo Fróilaz, cando este comezou a consolidarse de forma definitiva, debido a combinación

de varios factores, tales como as concesións procedentes da institución rexia; a adquisición de propiedades por medio da compra directa ou presións sobre as comunidades campesiñas; polos beneficios obtidos desde a súa posición como delegados da autoridade monárquica nestes territorios.

Un dominio territorial cuxa característica principal era a variedade en canto ás formas e tipoloxía das unidades que o configuraban. É certo que en determinadas ocasións, os membros do grupo aparecían como señores e posuidores de aldeas enteiras, pero non parece que fose esta a característica principal do mesmo, como ocorrerá en séculos posteriores, onde o latifundio foi a tendencia predominante no concernente á forma de propiedade dos poderes laicos. O habitual foi a existencia de unha multiplicidade de propiedades, dispersas na maioría polas distintas localidades que configuraban a comarca; de pequenos dominios sobre os cales posuían unha serie de dereitos, non só de propiedade, senón tamén sobre os servos e campesiños encargados da súa explotación. De aí que a análise das fontes permita constatar esa ampla variedade de posesións nas que se subdividía o patrimonio territorial destes personaxes; desde a aldea ou vila, ben na súa globalidade ou en parte, como se observa nesas *portiones* que en ocasións eran entregadas aos poderes eclesiásticos, até a simple terra de labor ou agro, pasando polos casais ou as igrexas locais; e sorprendendo considerablemente, o feito de que a documentación conservada non faga alusións directas ao que constituía a *terra dominicata* ou reserva señorial, explotada directamente tanto por eses servos dependentes, como polo resto do conxunto dos campesiños, obrigados a prestar a súa forza de traballo durante un determinado número de días nestas terras dos señores.

Un patrimonio fragmentado e con tendencia á inestabilidade, consecuencia directa de todo un conxunto de causas, algunhas delas inmersas dentro do propio contexto interno da aristocracia, como podían ser os propios sistemas de herdanza cognaticios, imperantes na propia lexislación deses momentos, e que daban lugar á disgregación e ruptura da antiga "unidade" das propiedades dos antepasados entre o conxunto dos herdeiros; ou a propia mentalidade destes individuos, traducida nun continuo fluxo de doazóns cara aos sectores eclesiásticos. Factores que non pasaron desapercibidos por parte dos membros das distintas parentelas, as cales foron co paso do tempo, improvisando toda unha serie de medidas, coas que trataron de evitar a saída destes bens do que constituía a súa órbita particular, tales como a procura de alianzas matrimoniais con outros poderes aristocráticos, as permutas de propiedades, ou o propio recurso á agresividade fronte ás comunidades campesiñas ou os poderes eclesiásticos.

